



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 14

Sesión plenaria
25 de novembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.4 4898 (11/PNP-000560)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 44, do 11.11.2020

4.5 4961 (11/PNP-000566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 44, do 11.11.2020

4.6 5010 (11/PNP-000574)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 44, do 11.11.2020

Punto 5. Interpelacións

5.1 582 (11/INT-000017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

5.2 1027 (11/INT-000044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a política do Goberno galego en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020



5.3 4381 (11/INT-000286)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 04.11.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 5446 (11/POPX-000009)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para protexer as mulleres durante a pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

6.2 5447 (11/POPX-000010)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego da evolución da crise sanitaria, social e económica xeadá pola covid-19 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 3691 (11/POP-000463)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da información e asesoramento que reciben, co actual marco regulatorio, os concellos, as comunidades rurais e de montes, así como a veciñanza en xeral, para poder negociar con garantías cos promotores eólicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

7.2 5302 (11/PUP-000083)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a impulsar a Xunta de Galicia para frear a ocupación ilegal de vivendas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.3 5001 (11/PUP-000080)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das partidas orzamentarias inseridas en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020



7.4 4558 (11/POP-000587)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do perigo que supón de cara á declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade o proxecto da Deputación Provincial de Ourense para o acondicionamento e a mellora integral da estrada de acceso a San Pedro de Rocas, no concello de Esgos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

7.5 5435 (11/PUP-000081)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do apoio do galego como lingua vehicular do ensino, dando cumprimento aos informes do Consello de Europa que demandan a eliminación das actuais limitacións á docencia en galego en todos os niveis de educación e a publicación das avaliacións pendentes do Decreto do plurilingüismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.6 5441 (11/PUP-000082)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos inseridos en diversos estudos e informes oficiais que reflicten un forte incremento dos casos de violencia sexual en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

7.7 1580 (11/POP-000122)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción das medidas necesarias para solucionar a situación en que se encontra a sanidade pública no concello de Soutomaior e na parroquia de Ponte Sampaio, no concello de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.8 4826 (11/POP-000624)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención e a axuda que precisan as persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar aprobado con carácter extraordinario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para protexer as mulleres durante a pandemia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación que fai o Goberno galego da evolución da crise sanitaria, social e económica xerada pola covid-19 en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 26.) e *Sra. Pre-sas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 29.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 32.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 38.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 41.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Francisco Rivera (S) (Páx. 50.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 52.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 56.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil: rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 58.)

Votación dos puntos número 1 e número 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia innova 2020: aprobados por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 58.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, agás os puntos número 1 e número 2, xa votados, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun



novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia Innova 2020: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación dos puntos número 1 e número 3 da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia: *aprobados por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

O señor presidente anuncia a votación da seguinte proposición non de lei e a señora Prado del Río pide a palabra para solicitar unha votación fragmentada en puntos, que é aceptada polo grupo proponente. (Páx. 60.)

Votación dos puntos 1 e 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19: *rexeitados por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 1 e 2, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade: *aprobada por 37 votos a favor, 14 votos en contra e 19 abstencións.* (Páx. 61.)



Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 61.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 63.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 66.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 71.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia un cambio na secuencia do desenvolvemento da orde do día no punto de interpelacións. (Páx. 73.)

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 73.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 76.)

Réplica da autora Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 81.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trece minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

Interpelación de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Francisco Rivera (S). (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 86.)

Réplica do autor: Sr. Francisco Rivera (S). (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 91.)



Pregunta de D. Martín Seco García e de D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da información e asesoramento que reciben, co actual marco regulatorio, os concellos, as comunidades rurais e de montes, así como a veciñanza en xeral, para poder negociar con garantías cos promotores eólicos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 95.)

Pregunta de D^a María Sol Díaz Mouteira e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a impulsar a Xunta de Galicia para frear a ocupación ilegal de vivendas en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 100.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das partidas orzamentarias inseridas en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 103.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego do perigo que supón de cara á declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade o proxecto da Deputación Provincial de Ourense para o acondicionamento e a mellora integral da estrada de acceso a San Pedro de Rocas, no concello de Esgos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 108.)



Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do apoio do galego como lingua vehicular do ensino, dando cumprimento aos informes do Consello de Europa que demandan a eliminación das actuais limitacións á docencia en galego en todos os niveis de educación e a publicación das avaliacións pendentes do Decreto do plurilingüismo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos inseridos en diversos estudos e informes oficiais que reflicten un forte incremento dos casos de violencia sexual en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 116.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción das medidas necesarias para solucionar a situación en que se encontra a sanidade pública no concello de Soutomaior e na parroquia de Ponte Sampaio. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 120.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención e a axuda que precisan as persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar aprobado con carácter extraordinario. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 124.)

O señor presidente, antes de dar por finalizada a sesión, comunica a presenza do Centro de Transfusións de Galicia no Parlamento, e invita os presentes a colaborar nas doazóns.

Remata a sesión ás seis e quince minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para protexer as mulleres durante a pandemia

O señor PRESIDENTE: Señor Caballero, cando queira.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Hoxe, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, da violencia machista, temos que ter presente nesta Cámara parlamentaria unha cuestión de Estado, de país, de Galicia, para defender as galegas fronte a calquera risco.

Pero teña a ben, señor Feijóo, que empece esta pregunta pedíndolle que rectifique na decisión da Xunta de Galicia de abrir un expediente ao xefe de Xinecoloxía do Hospital de Verín, nos servizos públicos. *(Aplausos.)* Hai un ano unha mobilización masiva en Galicia fixo que vostedes rectificasen á hora de eliminar un paridoiro que era fundamental para Verín, para tantas mulleres que querían dar a luz no seu paridoiro, e un ano despois vostedes amosan a peor cara do Partido Popular, a das represalias, a das purgas. Rectifique, señor Feijóo, fágalles un monumento aos defensores da sanidade pública e non intente purgar un xinecólogo que é unha bandeira de defensa da sanidade pública para toda Galicia. *(Aplausos.)*

Quería dicirlle tamén que hoxe, no Día Internacional de Eliminación da Violencia Machista, en Galicia hai 3.733 casos activos de violencia machista. Hai un 4,3 % de casos activos máis que hai un ano. Dende xaneiro a setembro incrementouse o número de chamadas ao 016 e reduciuse, en cambio, o número de denuncias. Queríamos preguntarlle, señor Feijóo: ¿como o explica? ¿Como se valora dende o Goberno da Xunta esta situación? ¿Preocúpalle o escenario? ¿Que medidas están tomando e van tomar? Eu dou por seguro que o presidente da Xunta está plenamente concienciado na loita contra a violencia machista, pero non soamente se trata de manter unha posición de discurso, trátase de aplicar os feitos, as políticas, e de desenvolver todas as medidas. Aquí, en Galicia, pódese facer moito máis e mellor, e quererímosllo pedir ao presidente da Xunta, porque é unha demanda do noso país e é unha obriga de quen nos goberna. Porque cando as mulleres teñen un problema de violencia machista, o principal recurso que teñen que ter ao seu carón son os centros de información á muller, que as protexen.

Dinme todas as especialistas en igualdade que en Galicia seguen existindo 136 concellos que non teñen un centro de información á muller. Dinme que cando vostede chegou á Xunta de Galicia había 76 CIM, e unha década despois hai 82. ¿Son estes datos correctos, señor Feijóo? Fixo vostede durante unha década menos dunha decena de novos CIM e ten moitas bisbarras



e 136 concellos sen eses accesos. ¿Cantos centros de información á muller van poñer vostedes en funcionamento cos novos orzamentos para o 2021?

Queremos pedirlle que neses orzamentos aposten pola igualdade. ¿Por que hoxe os orzamentos que presenta a Xunta de Galicia dedican á igualdade menos contías que os orzamentos do 2009, cando vostede chegou á fronte da Xunta de Galicia, e agora, cando, ademais, se reciben 8 millóns de euros do Pacto do Estado?

E quería preguntarlle: ¿como se xestionan?, ¿que parte dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero xestiona directamente a Xunta de Galicia? Queremos pedirlle, señor Feijóo, que fagamos un esforzo por mellorar o escudo protector das mulleres que sofren violencia machista, que é unha causa de todos e de todas, e tamén que temos que facer ese esforzo cando vemos que hai inacción, insuficiencia e debilidade nas políticas que se poden levar a cabo dende o Goberno da Xunta de Galicia.

Polas mulleres, por todos nós, por todas nós, fagamos un escudo protector coa colaboración de todos, e á fronte del pídolle que lidere esa batalla contra a violencia machista, señor Feijóo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, efectivamente, hoxe é o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, e quixera comezar mandando un pésame xeneralizado de todos os grupos parlamentarios a todas as mulleres asasinadas polos seus maltratadores en España e en Galicia, a todos os nenos e nenas asasinados como consecuencia da violencia machista e, por suposto, a todos orfos e todas as orfas vítimas da violencia machista.

Quixera tamén lembrar dunha forma moi especial dúas mulleres, as dúas mulleres asasinadas en Galicia neste ano 2020, concretamente en Lugo, en xaneiro e en febreiro: Manuela, na Pastoriza, e Clara, na cidade de Lugo.

Lamentablemente, o problema da violencia machista non é unha cuestión desta última década, non é unha cuestión que afecte só Galicia ou España. E por iso non podemos máis que seguir traballando sen ningún tipo de fisura e sen ningún tipo de prexuízo en relación a esta lacra.

Neste ano, a Xunta de Galicia non soamente mantivo, senón que reforzou todas as infraestruturas en favor das mulleres vítimas da violencia machista. Conscientes de que o estado de alarma decretado polo Goberno central ía activar posibles actitudes machistas, o Consello



da Xunta de forma inmediata, o 20 de marzo, estableceu un sistema específico para reforzar todas as súas infraestruturas e os seus servizos. E, efectivamente, non só se reforzaron, non só mantiveron a operatividade, senón que se incrementaron: incrementouse o Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico; incrementáronse as axudas económicas que se ían tramitando a través de internet e de sede electrónica; mantivéronse abertos os centros de emerxencia; abriuse un novo recurso en Lugo, concretamente en Chantada; todos os centros de acollida municipais, das ONG, das entidades sociais, seguiron abertos; puxemos en marcha recursos alternativos —albergues, hoteis, pensións—; tamén fixemos un acordo cos taxis para trasladar a calquera muller vítima de violencia machista; ampliamos o Bono de alugueiro, facéndoo gratis durante todos estes meses; e lanzamos unha gran campaña institucional.

Efectivamente, recibimos peticións de axuda, que, por suposto, atendemos, e incrementáronse as consultas un 35 %, e un 16 % a información aos CIM. Por certo, señor Caballero, sorpréndeme que non saiba vostede que todos os centros de información de atención á muller que solicitan os concellos se crean e sorpréndeme que concellos socialistas como o de Ponte Caldelas o peche. Vostede vén aquí, parece ser, sen esa información.

As axudas económicas incrementáronse un 27,5 % durante o estado de alarma, de 396 a 505. Sorpréndeme que nin sequera saiba vostede a letra nin os números dos presupostos. Incrementouse o presuposto dende o ano 2009 —se quere facer vostede unha lectura correcta do presuposto— entre un 100 % e un 159 %. No ano 2009, sen capítulo I, 13 millóns; no ano 2021, 27,6. E se quere coller as políticas de conciliación, no ano 2009, 54 millóns; no ano 2021, 141 %.

Sopréndeme, señoría, que traia vostede esta pregunta cun certo tinte de motivo de liorta entre Goberno e oposición; non conte con nós para isto. Canto máis se avanza e canto máis somos capaces de tecer consensos, será máis efectivo, e por iso nós nos apuntamos a eses consensos. Faría un gran servizo público se en lugar de arremeter recoñecera que a Xunta non só ampliou os servizos senón que segue ampliando os mecanismos de denuncia, os centros de acollida, as axudas, as campañas de sensibilización... O negacionismo é o mellor aliado dos maltratadores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E hai dous tipos de negacionismo: o dos que negan a violencia de xénero por sistema e o dos que negan que haxa outros partidos máis que o seu tomando medidas. Por iso, señorías, non se apunten vostedes ao negacionismo, nin á apropiación das políticas de violencia de xénero. Todos xuntos avanzaremos máis e todos xuntos serviremos mellor a esta causa.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.



O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor Feijóo, o discurso que lle traen escrito é inadmisíbel. O que vostede acaba de facer nesta Cámara falándolle de negacionismo a un partido político da oposición que ten un compromiso claro coa loita contra a violencia machista e que tende a man ao Goberno da Xunta para traballar no seu xogo de confundir todo, de confundir os que defendemos as mulleres e a loita contra a violencia machista, cos que pactan, cos que negan a violencia machista, que son vostedes, é unha falla de respecto a este día internacional. *(Aplausos.)*

Trae un discurso fóra de lugar, señor Feijóo, fóra de respecto á Cámara e a estes deputados cando acusa de algo do que ninguén o acusa a vostede, cando vostede hoxe aquí confirma que durante dez anos de goberno simplemente pasaron de 76 centros de información á muller a 82. E se vostede quere traballar contra a violencia machista e a favor das mulleres, comprométase coas políticas, aposte polos servizos públicos no conxunto do territorio, porque alí onde non hai acaban estando as mulleres en peores condicións, que é o que ocorre cando vostedes queren eliminar o servizo de axuda ao fogar extraordinario, que acabará estando en mans das mulleres, e que é o que ocorre cando vostedes quixeron pechar o paridoiro de Verín, e segue vostede agora sen querer recuar cando quere facer unha purga a aquel xinecólogo que foi a referencia para defender un paridoiro nunha batalla que perdeu. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, non veña vostede tensar esta Cámara política co seu discurso fóra de lugar e fóra de tempo. Pedímoslle o que a oposición lle ten que pedir: que rectifique as debilidades e os erros e que o faga mellor, que é o que lle corresponde. Porque ¿non sabe vostede, por exemplo, señor Feijóo, que cos datos do terceiro trimestre deste ano, en Galicia hai máis homes ocupados neste momento que a principio de ano, pero hai menos mulleres ocupadas que a principio de ano? ¿Non hai, polo tanto, tamén unha fenda na que á hora de facer ese gran escudo protector hai que primar as mulleres en todos os ámbitos de protección, na protección da súa integridade, na protección do seu emprego, na protección dos seus servizos, na protección dos seus dereitos?

Mire vostede, hoxe atopámonos unha nova nun xornal, en *La Voz de Galicia*, que resulta moi reveladora: «Vítimas de violencia machista teñen que agardar ata doce días por unha praza nunha casa de acollida». Esta é a realidade do país, o demais é o botafumeiro, e non querer falar con espírito construtivo dos problemas que hai en Galicia, aos que hai que darlles solución. Estea á altura de ser o presidente de Galicia, deixe de marcar unha tensión que ninguén lle trae a esta Cámara acusándoos a vostedes do que son e permita traballar contra a violencia machista cun discurso construtivo. Sempre terá o Partido Socialista de Galicia na causa feminista, na causa da defensa das mulleres, e tamén para amosarlle as debilidades e erros que ten vostede á fronte do Goberno de Galicia.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Para o peche desta pregunta, o presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vexo que continúa vostede, señor Caballero, apuntándose ao negacionismo. O negacionismo non soamente é o daqueles partidos políticos que negan a violencia de xénero por sistema, tamén é o daqueles partidos políticos que lles negan aos demais o seu compromiso coa violencia de xénero. Polo tanto, despois de pactar e de subscribir un pacto nesta Cámara e outro pacto de Estado e despois de cumprir todos e cada un dos compromisos dese pacto de Estado, vostede ¿en que vén aquí erixirse?

Mire, señoría, deixe vostede de confundir, porque os cidadáns son moito máis listos do que vostede pensa.

Vostedes intoxicaron de forma continuada e constante durante os últimos meses —e vexo que proseguen— a sanidade pública en Verín. Os de Verín falaron claramente: o 48,5 % dos verineses pensaron que este partido merecía gobernar e tan só o 21 % pensaron que vostedes merecían gobernar. Deixen vostedes de intoxicar e intenten facer algo polo país.

Mire, eu non veño aquí presumir de que a primeira lei de igualdade se aprobou nun goberno do Partido Popular; tampouco veño presumir de que o primeiro plan de acción contra a violencia de xénero no ano 2002 se aprobou por un goberno do Partido Popular. Non veño aquí dicir que dende o ano 2013 esta comunidade autónoma é a única de España que se persona sempre en todos os xuízos cando hai unha violencia con resultado de morte para defender as mulleres que xa non poden defenderse porque simplemente foron asasinadas polos seus maltratadores. Somos das poucas comunidades autónomas que mantemos abertas de forma permanente as axudas económicas en favor da mulleres e en favor dos seus fillos. Máis de 5.000 axudas económicas está dando a Xunta de Galicia.

Agora intenta vostede falar de paro e de non sei cantas cousas, pero ¿vostede pode presumir de políticas de emprego? *(O señor Caballero Miguez asente.)* ¿Si? Pois se o Partido Socialista pode presumir de políticas de emprego, xa pode presumir do que queira. *(O señor Caballero Miguez fai xestos desde o seu escano.)*

Mire, a taxa de emprego de mulleres en Galicia está a 3,2 puntos por riba da taxa media de emprego en España. E a taxa de paro está case tres puntos por debaixo da taxa de paro de España. E no paro rexistrado en Galicia, señorías, hai 22.000 mulleres menos en paro que cando chegamos ao Goberno no ano 2009. As afiliacións femininas á Seguridade Social marcaron o récord histórico de 500.000 no mes de xullo, e, a pesar da crise, señorías, estamos en 493.000 afiliadas á Seguridade Social. *(Aplausos.)*

Señorías, creamos unha consellería de igualdade e de emprego. Sen dúbida, o emprego é a chave que abre a liberdade, e a liberdade é a chave ante calquera tipo de submisión a un home maltratador ou unha parella maltratadora. Acabo de dar os datos dos presupostos. Cando chegamos ao Goberno había 27 millóns de euros e agora hai 141 millóns de euros. Pero ¿vostede entende estas cifras? Hai un 159 % máis e vén aquí dicir que recortamos as políticas de igualdade, e sen saber nin sequera que os centros de información á muller son competencia dos concellos *(Murmurios.)* Ignora o presuposto, ignora as competencias e ignora a política, señoría. Pero ¡que máis lle dá! Vostede vai seguir apuntándose a este nega-



cionismo, o negacionismo de pensar que as únicas políticas de igualdade lle corresponden ao Partido Socialista e que os demais non estamos á altura do Partido Socialista.

Mire, señor Caballero, sexa un pouco menos soberbio e fale cun pouco máis de sentido e con responsabilidade sobre esta lacra social que as mulleres están padecendo.

Señorías, seguiremos informando e asesorando as mulleres, seguiremos educando nas escolas, seguiremos protexendo e axudando as mulleres que o precisen, seguiremos animándolas a que denunciaren sen límite a calquera maltratador, tanto de forma física como de forma psicolóxica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E seguiremos dicindo que non, claramente que non, que Galicia non é un lugar onde se pode maltratar unha muller e que todos estamos a favor do non —vostede incluído, a pesar da súa actitude—.

Señorías, este berro de «non» será máis útil canto máis o deamos xuntos e canto máis o fagamos unidos. Sigamos chegando a consensos e pactos. Nós, cando chegamos a un pacto, cumprimos. ¡Alá vostedes, señorías, se propoñen pactos e despois nin sequera son capaces de mantelos!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación que fai o Goberno galego da evolución da crise sanitaria, social e económica xerada pola covid-19 en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, señorías, eu quero que as miñas primeiras palabra sexan para dicirlles ás mulleres deste país que hai alternativa fronte á violencia machista e para que teñamos un recordo nesta Cámara para todas as vítimas, que o que non queren son rifirrafes absolutamente inútiles senón que queren solucións. *(Aplausos.)* Porque é evidente que a violencia machista segue golpeando e violentando o dereito das mulleres para ser libres, que segue aí a violencia machista e que, para combatela, o que necesitamos son máis recursos. E aínda estamos a tempo. Adiquemos o 1 % do orzamento a loitar contra unha violencia que está atentando contra as mulleres polo simple feito de selo, para que nunca máis teñamos que gardar minutos de silencio e nunca máis teñamos que ler titulares como os que onte nos encollía o corazón na portada dun xornal: «Un neno de 3 anos enfróntase ao seu pai cando lle pegaba á súa nai en Vigo». ¡Nunca máis titulares coma este! E para iso necesítanse máis recursos contra a violencia machista. *(Aplausos.)*



En relación coa pandemia, señor Feijóo, teño que dicirlle que é tremendamente inxusto e inútil que a resposta do seu Goberno neste momento sexa unha reforma da Lei de saúde que ten como obxectivo vixiar, sancionar e multar os galegos e as galegas. Así é como o presidente da Xunta lle agradece á xente deste país o sacrificio e o esforzo que fixeron ao longo destes meses, tratándoos coma se fosen sospeitosos aos que hai que vixiar, sancionar, obrigá-los a vacinarse baixo pena de multa e aos que hai que recortarlles dereitos e liberdades sen garantías xurídicas. Vostedes presentan unha lei de 53 folios sen unha soa medida para mellorar a loita contra a covid desde o ámbito sanitario e na que 71 veces aparece a palabra «sanción». E todo isto nunha lei de saúde, nun proxecto de lei que, por certo, van ter que rectificar mesmo antes de que se debata nesta Cámara, porque imaxino, señor Feijóo, que dará marcha atrás nese intento de impoñer unha vacinación obrigatoria.

Señor Feijóo, vostede, cando rectifica, acerta. Por iso lle pedimos que retire esa chapuza xurídica de reforma da Lei de saúde e que se poña a traballar para non repetir por terceira vez os mesmos erros nesta pandemia. O obxectivo non pode reducirse a salvar o Nadal, o obxectivo é conter a terceira onda do virus mentres non chega a vacina ao conxunto da poboación. Por iso desde o BNG volvemos ofrecer colaboración con propostas moi concretas.

A primeira é que hai que reforzar a sanidade pública, empezando pola atención primaria, que hoxe segue tendo, nos seus orzamentos para o ano 2021, 100 millóns de euros menos que hai doce anos. É imposible que así se lle poida dar resposta a unha pandemia.

En segundo lugar, incrementa o número de rastrexadores para controlar os gromos.

Terceiro, poña en marcha un plan de continxencia para a vacina da covid. Xa vimos que a campaña de vacinación da gripe foi un ensaio xeral do que pode ser esa vacina, e aquí foi un fiasco; polo tanto, planifique e anticipése.

En cuarto lugar, pedímoslle que programe de xeito inmediato un cribado masivo en todos os concellos que están sometidos a peches perimetrais.

E, por último, blinde as residencias de maiores cunha intervención pública mentres non haxa unha vacina efectiva.

Señor Feijóo, os galegos e as galegas non necesitan que vostede os trate como sospeitosos aos que hai que vixiar, sancionar e multar. O que necesitan é un goberno que se anticipe e que dea solucións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Pontón, cando vostedes gobernaban, había un 160 % menos de presuposto en favor da igualdade. Supoño que polo menos iso o recoñecerá vostede.

Señoría, vén vostede aquí en contra da Lei de saúde pública. Está claro cal é a proposta do BNG. ¿Parécelle mal, señora Pontón, que sancionemos as persoas que incumpren a corentena e contaxian os demais? ¿Parécelle mal que sancionemos as persoas que non se illan despois de ter a confirmación de estar coa infección dunha enfermidade infectocontaxiosa? ¿De que se nos acusa, señora Pontón? ¿Acúsasenos de preservar a vida e a saúde dos galegos? ¿Cren vostedes que sancionar os que incumpren o illamento ou a corentena é impropio dun goberno responsable?

Señora Pontón, ¿como se pode contradicir tanto en tan pouco tempo? ¿Sabe o que demostra a súa pregunta? Que hai dificultades ás veces para tomar en serio as propostas dos nacionalistas.

Vostede erixiuse hai semanas como a defensora do confinamento, do confinamento xeral, de que a xente non poida saír ás rúas nin acudir a traballar nin a estudar. E agora vén vostede aquí dicindo que temos unha lei que sanciona as persoas que incumpren. Entón vostedes ¿que é o que pretendían cun confinamento xeneralizado?, ¿pretendían que houbera un confinamento e que a xente puidese incumprir o confinamento?, ¿pretendían que a xente que ten unha PCR positiva e que, polo tanto, ten o virus poida saír da casa e contaxiar a quen lle pete? ¿Esas son as propostas nacionalistas, señora Pontón? ¿En que quedamos? ¿Ten vostede algunha proposta seria para falar da pandemia, ou simplemente opoñerse ao Goberno, opoñerse ao Goberno simplemente porque é do Partido Popular de Galicia? ¡Pero, señora Pontón, un pouco de respecto aos epidemiólogos, aos microbiólogos, ao Comité Clínico! ¡Un pouco de respecto á saúde pública do país! Vostede está enchendo o *Diario de Sesións* de actuacións gloriosas en contra de que se cumpra unha Lei de saúde pública nunha pandemia por unha enfermidade infectocontaxiosa e vén vostede aquí, ademais, a propoñer o confinamento xeneralizado da poboación. Pero ¿de verdade que se pode facer máis o ridículo en tan pouco tempo?

Señora Pontón, con todos os respectos, nós imos seguir traballando. Mire, o número de casos en Galicia dende o 7 de novembro baixou un 19,6 %; o número de hospitalizados, un 10 %. Creo que estamos intentando conter a pandemia. E, de momento, conseguímolos. Intentamos tamén baixala. E, de momento, hai claros indicios de que se está a baixar.

Por iso, señora Pontón, mantemos o compromiso de seguir traballando contra vento e marea e ante calquera tipo de plantexamento tan lamentable como o que acabamos de escoitar. Señora Pontón, ¿vostede está en contra de exigir que unha persoa infectada se manteña na súa casa durante a corentena?, ¿si ou non? ¿Vostede está en contra, en definitiva, de preservar a saúde dos galegos e das galegas?

Mire, nós non nos conformamos con estar mellor que outros, nin sequera nos conformamos con estar mellor que antes de que se adoptasen as medidas, porque segue habendo galegos que sofren, porque segue habendo galegos que non poden ir traballar ao sector da



hostalería —e por iso fixemos a proposta máis ambiciosa de toda España para o sector da hostalería—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso me gustaría, señora Pontón, que, se vostede non axuda, polo menos non intoxique.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu veño aquí a falar a favor dos galegos e das galegas e, desde logo, con toda seriedade e con todo o rigor. Creo que xa está ben de que veña vostede aquí a dicir continuamente que non sabemos do que estamos falando. É unha falta de respecto a todos os galegos e galegas, a esta Cámara e ao papel que temos que facer como oposición. (*Aplausos.*)

E, mire, voulle explicar qué é o que nos parece mal. O que nos parece mal é que vostede presente unha reforma da Lei de saúde que en 53 folios non ten nin unha soa medida para mellorar a sanidade pública pero que repite ata 71 veces a palabra «sanción». ¿Vostede realmente cre que o problema que hai co virus é que os galegos e galegas incumpren masivamente e que teñen que ser vixiados e sancionados? ¿Realmente lle está dicindo á xente deste país —que está tendo un comportamento exemplar— que o problema é que non cumpre a corentena? ¿Esa é a resposta que ten que dar vostede? O que está facendo é eludindo as súas responsabilidades. (*Murmurios.*)

E, mire, señor Feijóo, mire, quen fai o ridículo será vostede, que nos presenta esta Lei de saúde en teoría como unha gran solución pero que logo ten a covardía de nin tan sequera levala ao Consello da Xunta. (*Aplausos.*) E non o fai porque quere eludir os controis xurídicos, porque sabe que a súa norma suspendería ese exame, porque hai moitas dúbidas sobre o que vostedes poñen aí. E o que nos parece mal —que a min particularmente me parece mal— é que o presidente da Xunta non asuma as súas responsabilidades e que pretenda dicirle á sociedade que isto depende única e exclusivamente do comportamento individual e que a Xunta non ten responsabilidades á hora de controlar a pandemia. ¡E claro que si!

O que lle molesta é que nós esteamos nesta Cámara poñendo o dedo na chaga dos incumprimentos do seu goberno. E, mire, para loitar contra a pandemia os galegos e galegas están dando un exemplo de esforzo e de cumprimento. Quen está fallando é o Goberno. ¿E sabe por que? Porque non reforzaron a atención primaria con máis medios, porque non contrataron o número de rastrexadores suficientes, porque non se prepararon para poder facer cribados masivos ao conxunto da poboación, porque non ten nin tan sequera planificado, señor Feijóo, como se vai poñer en marcha a vacina, un plan de continxencia que garanta



que se vai poder distribuír de maneira áxil e que non se vai repetir o fiasco da gripe, ou o de que non fose capaz de protexer as persoas maiores nas residencias, señor Feijóo.

Ese é o debate que hoxe vimos dar aquí. Xa está ben de que, cando vimos a esta Cámara a falar en serio da covid, a única resposta que vostede dá sexa darnos unha labazada cando estamos tendendo a man con propostas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Estamos tendendo a man con propostas concretas para axudar a este país a saír da peor crise. Nin tan sequera, señor Feijóo, ten a decencia de contestar a por que non un gran pacto para que destinemos 1 de cada 100 euros a loitar contra unha violencia que cada día golpea, maltrata e condiciona o dereito das mulleres a ser libres. E facémolo de maneira construtiva. Fagamos deste Parlamento algo útil nesta pandemia e deixe de vir aquí a enlamar o debate político. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta polo señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, presidente.

Señoría, Galicia é a única comunidade autónoma que está lexislando de forma específica para xestionar esta e calquera outra pandemia que poida ocorrer nos próximos lustros, nas próximas décadas; a única, a única comunidade autónoma de España. Podíamos facer ordes comunicadas, algunhas publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, e despois que cada un fixese o que puidese; é dicir, recoméndase, e logo que cada comunidade autónoma faga o que lle pete. Nós queremos sanción desta lei no Parlamento de Galicia, e diso se nos acusa. Acúsanos de que esta lei se tramite de forma rápida para que poida estar en vigor no mes de febreiro, cando xa levaríamos case un ano de pandemia, porque o Goberno de España —o que vostede apoia— se negou sistematicamente a lexislar para ordenar os dereitos dos cidadáns e non estados de alarma de forma continuada e constante. É a primeira vez que vexo a un grupo nacionalista a favor do estado de alarma decretado no Congreso dos Deputados e non a favor dunha lei orgánica para regular os dereitos durante unha pandemia. *(Aplausos.)*

Señoría, di que non falamos de medidas. É a única lei en España que vai concretar que unha persoa infectada por coronavirus ten a obriga legal de manterse no seu domicilio durante dez días. É a única lei emitida dun parlamento que vai dicir de forma clara e determinante que unha persoa contacto estreito dun positivo ten a obriga de estar corentenado durante catorce días no seu domicilio. É a única lei que establece garantías, dereitos e obrigas, porque o resto simplemente se resolve con estados de alarma e con ordes comunicadas. ¿Esa é a súa forma de defender os dereitos dos galegos?, ¿ordes comunicadas do Ministerio de Sanidade? ¿Ou os dereitos dos galegos se defenden e se concretan no Parlamento de Galicia a través de leis votadas no Parlamento do país?



Mire, señora Pontón, ¿que na lei non se concretan medidas? ¡Se todo son medidas! O que concretamos, señoría, é que, como a maioría cumpre as medidas, as minorías tamén as teñan que cumprir. E por iso, cando me di vostede que hai que incrementar o presuposto de atención primaria, eu dígoille: ¿pero hai algunha vez que houbera máis persoal, máis fondos e máis presuposto na sanidade pública que dende que estamos honrando os votos de Galicia e gobernando o país? ¡Catro mil seiscentos millóns de euros, señoría!, o presuposto máis amplo e ambicioso da historia en corenta anos da autonomía do país en materia de sanidade. *(Aplausos.)*

Vén aquí falar da vacina da gripe. Vacináronse 200.000, vacináronse máis na data de hoxe que en ningunha outra campaña de vacinación da gripe na historia do país, ¡200.000!; un 38 % máis de galegos vacinados contra a gripe hoxe do que nunca se fixera a estas alturas no país. E vén vostede tamén criticar que se vacinen máis galegos, máis grupos de poboación de risco.

Mire, señoría, equivócanse, a sanidade galega, co esforzo dos seus profesionais, está respondendo, a maioría dos galegos está respondendo, o sistema educativo está respondendo, o sistema de protección social está respondendo e a economía galega está respondendo mellor que a media da economía española. Por iso, señoría, nas residencias seguiremos facendo as PCR, as PCR en saliva e as PCR nasofarínxeas, e por iso compramos 3 millóns de tests de antíxenos para seguir cribando con maior intensidade e con maior frecuencia nas residencias e en calquera outro lugar que o necesiten. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso, señoría, seguiremos apoiando a todos aqueles que crean que estamos facendo un labor, entre todos os galegos, razoable. Mire, temos a metade das camas ocupadas de UCI que a media de España —o 13 % en Galicia e case o 30 % en España— e a metade das camas hospitalarias que a media de España —o 6 % en Galicia, o 13 % na media de España—. Algunha cousa os médicos e os profesionais sanitarios estarán facendo ben.

Mire, segundo vostede, a Xunta equivócase sempre...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e o Comité de Expertos tamén. E, preguntome: ¿poderíame dicir cal é o comité de expertos do Bloque Nacionalista Galego? Mire, señoría, dígoo porque, ao mellor, os necesitaría o Goberno do señor Sánchez; necesitaría que os expertos do BNG fosen asesorar o Goberno do señor Sánchez. E dígoo tamén porque é unha mágoa que na Organización Mundial da Saúde non conten cos expertos do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 4898).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a manter e ampliar as axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero co obxecto de garantir que o feito causante supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 4898 (11/PNP-000560).

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central realizar de forma urxente as modificacións lexislativas necesarias para garantir a protección dos orfos e orfas por violencia de xénero naquelas situacións que, após a aplicación da lei 3/2019 do 1 de marzo, quedan sen contemplar debido a que o requisito de orfandade absoluta asimilable non dá cabida a supostos que deben ser considerados, por exemplo aquelas situacións derivadas da non coincidencia do homicida co pai da crianza ou de que o proxenitor non estea en condicións de asumir a manutención das e dos menores e outras que puideran derivar no resultado da desprotección da ou do menor.

2. Demandar do goberno central unha difusión activa da existencia deste recurso, dirixida á sociedade en xeral e aos organismos e departamentos que traballen no ámbito dos servizos sociais e da atención á violencia machista en concreto. Así mesmo, á colaborar e facer o propio desde a administración galega.



3. *Reforzar e aumentar no ano 2021 (cando menos, nunha porcentaxe equiparable á suba do IPC) as axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero co obxecto de garantir que o feito causante supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos.*

4. *Realizar, ao abeiro da medida 170 que contempla “Revisar os casos de mulleres e menores ao seu cargo que fosen vítimas de Violencia de Xénero para analizar so seu grao de inserción na sociedade e reparación”, un estudo específico sobre os resultados en Galiza, co obxectivo de profundar no coñecemento da situación e de poder impulsar as melloras e complementos necesarios por parte das administracións».)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moi bos días.

Grazas, presidente.

Señorías, hoxe, 25 de novembro, conmemoramos o Día Internacional para a Eliminación de todas as Violencias contra as Mulleres. Pero para nós é un día máis, é un día máis de traballo para alcanzar a plena igualdade; todos os días do ano debemos esforzarnos en erradicar a violencia contra as mulleres. E en Galicia levamos moitos anos, máis de trinta, traballando e poñendo en marcha medidas de sensibilización, de prevención, de atención e de erradicación da violencia de xénero.

As primeiras críticas políticas sobre a insuficiencia dos orzamentos en materia de igualdade non son nin deste ano, nin do ano pasado, nin do exercicio anterior, son xa do ano 1992. ¿E saben por que? Porque en xaneiro de 1991 o Goberno do presidente Fraga —tan añorado agora por algúns destacados membros nacionalistas— puxo en marcha e creou o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. E a creación deste organismo non foi asumida de bo grao pola esquerda, que mesmo chegou a dicir que a sensibilidade do Partido Popular coas demandas feministas de igualdade de xénero tiña como obxectivo a necesidade de competir coa esquerda polo voto feminino. Pero o certo e verdade é que a realidade demostrou que a traxectoria impecable das políticas públicas centradas na defensa dos intereses das mulleres foi ano tras ano incrementándose. Por exemplo, dende a creación dos cinco primeiros centros de información á muller no ano 1995 polo Goberno do Partido Popular estamos en 82; 83 dentro duns días, porque o concello do Pereiro de Aguiar —gobernado polo Partido Popular— ten vontade política de poñer en marcha un centro de información á muller.

Aquí falouse hoxe dos centros de información á muller, e eu teño que lembrar que son competencia municipal, e como competencia municipal os gobernos municipais teñen a sensibilidade política de crealos ou de pechalos, como fixo o de Ponte Caldelas. E ademais o de Ponte Caldelas, gobernado polo Partido Socialista, ten tres sentenzas en contra. ¿Por que? Porque demostran que o persoal é municipal. Outra cousa é que a Xunta de Galicia financie, subvencione e axude a eses CIM, que, por certo, en moitos deles —e non miro a ninguén—



non se cumpre coas demandas laborais do seu persoal. E por iso a Xunta de Galicia podería incluso reducir a subvención, a axuda e as achegas que fai, e non o fixo. E aí están para ver todas as memorias dos centros de información á muller e tamén as condicións laborais en que se ten o persoal dos centros de información á muller, que, por certo, non dependen da Xunta de Galicia, insisto, dependen da vontade política de todos os concellos.

Os primeiros plans de igualdade tamén foron de 1992, de 1994, de 1995, de 1997, de 1998, de 2001, ata hoxe: o Plan de acción contra a violencia de xénero, do 2002-2005; a Lei de igualdade, do ano 2004, que vostedes non apoiaron —o BNG abstívose e o Partido Socialista votou en contra—. Pero nós si apoiamos as leis que foron impulsadas polo Bipartito, tanto a integral de violencia de xénero do 2007 como o a de igualdade no traballo. Ou a máis recente, a de 2016, para facer ampliable por lei a partida destinada a atender o pago das axudas directas para as vítimas, que non contou tampouco co voto favorable do Partido Socialista. Todos estes foron pasos que demos para incorporar recursos e solucións para atender as mulleres, para conseguir a igualdade real. Pero non está todo feito, aínda quedan medidas que adoptar e que mellorar.

Señorías, traemos hoxe a este Pleno unha iniciativa para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero. A pasada lexislatura conseguimos chegar a acordos importantes nesta Cámara, conseguimos consensuar un documento con achegas da Comunidade Autónoma para incorporar o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Eramos catro forzas políticas —logo cinco— con sensibilidades políticas moi diferentes, pero fomos quen de poñernos de acordo; e Galicia foi a única comunidade de España que fixo achegas a ese Pacto de Estado por consenso de todas as forzas políticas con representación nesta Cámara.

A pasada lexislatura, señorías, en materia de igualdade, fomos quen de facer da política algo útil, de incorporar a política á rede de recursos contra a violencia de xénero en Galicia. Eu agardo que esta lexislatura siga polo mesmo camiño e consigamos facer da política algo útil para as mulleres, para os intereses das mulleres e non para os intereses partidistas de cada unha das formacións políticas que hoxe temos representación nesta Cámara.

O Pacto de Estado, que foi consensuado por todas as forzas políticas —non asinado por todas; por certo, a única que non o asinou hoxe é a que dirixe o Ministerio de Igualdade; cousas vedes, señorías—, tamén foi asinado polas comunidades autónomas o 27 de decembro de 2017. E aí incluíanse, no eixo catro, medidas específicas para a intensificación da asistencia e a protección de menores. E esa asistencia e protección dos menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas, da necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas á súa asistencia e protección, da implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero, de revisar as medidas civís relativas á custodia dos menores, de fomentar as actuacións de reforzo no ámbito educativo e de impulsar a especialización dos puntos de encontro familiar para os casos relacionados coa violencia de xénero.

¿Que fixo a Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias de asistencia social ás vítimas? Pois o 2 de xaneiro de 2019 a Vicepresidencia da Xunta asinou un acordo co Colexio de Xestores Administrativos de Galicia, co de graduados sociais, con Agaxen, co Colexio de Edu-



adoras e Educadores Sociais de Galicia, para o acompañamento e o asesoramento na xestión dos trámites administrativos e no apoio socioeducativo que precisen as fillas e fillos orfos das vítimas mortais de violencia de xénero en Galicia. E tamén dende o ano 2009 a Secretaría Xeral de Igualdade concede axudas económicas e indemnizacións dirixidas a fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero.

¿Que tiña que facer o Estado? Pois modificar a normativa estatal, pero a modificación realizada na Lei 3/2019, do 1 de marzo, de mellora en situación de orfandade de fillas e fillos de vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller, deixa fóra os orfos e orfas cando o autor da morte fose outro home diferente ao seu pai e cando o seu proxenitor non se atope en condicións de asumir o coidado e protección dos fillos e das súas fillas. Estou falando de presidiarios ou estou falando de desempregados sen dereito á prestación, por exemplo.

Por iso, señorías, traemos hoxe esta iniciativa a debate a esta Cámara. Queremos que a Xunta de Galicia se dirixa ao Goberno de España para mellorar a prestación de orfandade por causa de violencia de xénero. O Goberno de España ten que realizar a modificación lexislativa necesaria para eliminar a situación de desprotección na que aínda se atopan os orfos e orfas por violencia de xénero cando a súa nai non fose cotizante da Seguridade Social, ou non cumprise os requisitos mínimos, ou o autor da morte fose outro home diferente ao seu pai, e o seu proxenitor —como dixen antes— non estea en condicións de asumir o coidado e a protección dos fillos e das fillas, porque, como dicía, esa modificación realizada no ano 2019 non foi suficiente.

Falouse esta mañá tamén de recursos insuficientes de atención ás vítimas. Creo que a atención ás vítimas e a atención aos seus fillos e fillas está nas mans de todas as administracións. Está nas mans da administración máis cercana ao cidadán, que son os concellos, que é a porta de entrada de calquera cidadán, pero das vítimas sobre todo. E temos unha ferramenta importantísima que son os centros de información á muller, que, por certo, só estiveron en risco de peche cando gobernaron vostedes, na época do Bipartito. Lémbrolles aquelas oficinas de I+B que quixeron poñer en marcha —e as señoras do Bloque Nacionalista Galego saben do que falo— en concellos nos que tamén había CIM, intentando duplicar un servizo e non espallalo por toda a comunidade. Porque, se a intención fose espallalo, espallaríano por moitos máis concellos e non só naqueles.

E tamén se intentou a comarcalización dos centros de información á muller. Aquí hoxe díxose que había cento e non sei cantos concellos. ¡Home!, eu non sei... Hai concellos que teñen catrocentos habitantes. Eu non sei se o Partido Socialista quere poñer alí un CIM. Podemos falar de comarcalizar, falar de servizos comarcalizados. Aí atoparannos. Pero iso é unha vontade municipal, e esa comarcalización xa se puxo en marcha. Repase a historia.

Ben, hoxe o que nos trae aquí é esta cuestión fundamental para os orfos e orfas vítimas de violencia de xénero, porque eles tamén son vítimas. Eu espero contar co seu apoio porque creo que sumando consensos é como se avanza na loita contra a violencia de xénero e na protección das vítimas. E —insisto— fagamos da política algo útil, un recurso útil para incorporar á rede de recursos contra a violencia de xénero.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado del Río.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Bo día a todos e a todas.

Eu estou un pouco perplexa, señora Prado. Non digo un pouco, senón moitísimo. A verdade é que, á vista da presentación da nosa emenda e da propia do Bloque Nacionalista Galego, entendiamos que vostedes ían facer algunha modificación ou autoemendarse. E voulle explicar por que.

Dende logo, iso si, nós tamén vimos aquí con ánimo construtivo. Entendemos que non coma vostede, que parece que non vén aquí con ánimo construtivo. Nós si vimos con ánimo construtivo, entendendo que na loita contra a violencia machista imos estar, dende logo, todos os grupos presentes nesta Cámara de acordo. Niso non teño ningunha dúbida, absolutamente ningunha dúbida. No que nós si temos dúbida é ao mellor na vontade ou, dende logo, na contundencia. Pero a verdade é que hoxe chegamos aquí sorprendidos con esta proposición non de lei, sorprendidísimos. Non a entendemos, non a entendemos, de verdade que non a entendemos. E ademais é que estamos sorprendidas e perplexas. E dígolle por que.

O primeiro punto da súa parte resolutiva, que hoxe aquí, neste estrado, modificou —fixo ben, modificouno pola emenda que presentou o BNG—, sen a súa parte expositiva di exactamente... Por favor, eu dígolle que, por favor, se pode lela outra vez... Porque agora llo explico, espere un momentíño que teño precisamente todo o relato dos feitos, e creo que os temos bastante claros. O primeiro punto da súa parte resolutiva comina a instar a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado as modificacións lexislativas necesarias para eliminar a situación de desprotección na que se atopan os orfos e orfas por violencia de xénero cando a súa nai non fose cotizante da Seguridade Social ou non cumprise os requisitos mínimos para acceder ás prestacións económicas, xa que —jollo, é literal!— a última modificación realizada non contempla estas situacións. Esa é a parte resolutiva, o punto 1, que nós temos que vir aquí hoxe á Cámara e aprobar.

Sen acritude, pero ¿de verdade leron vostedes a Lei 3/2019, do 1 de marzo, de mellora da situación de orfandade das fillas e fillos de vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller? Non, non leron a lei, non leron a lei, xa llelo digo eu. ¡É abraiante! O que si leron foi un xornal —e ademais é que lles podó dicir ata que xornal leron—, un xornal a comezos do mes de outubro, que ademais leron mal. (*Aplausos.*) Ese xornal, efectivamente, non relata exactamente ben eses feitos. E vostedes van e collen xustamente o que non relata ben os feitos e veñen aquí presentar unha proposición non de lei baseada nunha información que aparece mal nun medio de comunicación —por certo, importante, e que non é o ABC, tamén o teño que dicir—. (*Murmurios.*)



Claro, a nós preocúpanos que vostedes veñan aquí sen coñecer unha lei, unha lei —teño que dicirles— que se aprobou por unanimidade. A tramitación foi por unanimidade no Congreso, chegou ao Senado e vostedes melloraron aínda esa lei con tres emendas. Chegou outra vez ao Congreso e aprobouse por unanimidade. Esa lei aprobouse por unanimidade, non ten ningún sentido que vostede... ¡Claro, denota un gran descoñecemento! E vou agora empezar a contarlle por que. Vano entender perfectamente. E, despois da miña explicación, agardo que contemplan a posibilidade de retirar a súa proposición, xa que no segundo punto tampouco parece comprometerse demasiado. Pero, ben, sabemos que hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galego con respecto ao primeiro punto. A ver o que pretenden facer.

Mire, a Lei 3/2019, do 1 de marzo, de mellora da pensión de orfandade para os fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia de xénero contra a muller, puxo en marcha precisamente, ¡precisamente!, unha nova prestación non contributiva para eses orfos e orfas. Precisamente o que vostedes din que non se fixo é xustamente o motivo polo que se modificou esa lei. (*Aplausos.*) É dicir, a prestación agora xa non depende de que a nai asasinada estivese cotizando á Seguridade Social. Agora, se queren, poden volver ler a súa proposición. Ben, non teñen tempo, pero tamén eu os comino a que xusto ao remate da defensa desta PNL lean, por favor, a lei; ou, polo menos, esa parte.

E non é só iso, non é só que as nais non teñan que ter nada cotizado. É que esa lei eleva do 55 % ao 75 % a base reguladora, a mesma que as orfas e orfos absolutos. As axudas pasaron, así, do mínimo daquel momento —que era máis ou menos unha media de 150 euros o que cobraba un orfo ou orfa— a 600 euros no caso de que a nai non cotizase e a unha media de 800 euros se existise cotización. É máis, a norma ten carácter retroactivo, non como as súas axudas, das que fala no punto 2 —as axudas da Xunta de Galicia—, que esas non teñen ningún carácter retroactivo —por certo, antes dixo «2009» e é 2019, téñenas dende 2019—. A norma ten carácter retroactivo, de forma que recibirán as prestacións todos os fillos e fillas de mulleres asasinadas por violencia machista dende o ano 2004 —que foi cando se aprobou a Lei integral contra a violencia de xénero— e sempre ata que cumbran 21 anos.

Deste xeito ¿que pasou? Pois que se puxo fin ás situacións intolerables de abandono institucional que viñan padecendo estes nenos e nenas. Iso foi o que fixo esa lei, e vostedes agora traen aquí unha proposición de lei que denota o descoñecemento absoluto. A nós preocúpanos. Preocúpanos que o partido que está no Goberno non lera esa lei ou non a coñecese. Iso preocúpanos profundamente.

Precisamente, como digo, esa modificación da lei fíxose para conseguirlles a estas vítimas da violencia machista —que son os nenos e nenas desas mulleres asasinadas por violencia machista— unha pensión non contributiva que lles garanta unha supervivencia digna. ¿Por que? Porque moitas das veces esas nais eran moi novas —de feito, mañá teremos á secretaria xeral para dar conta da violencia de xénero e veremos que cada vez son máis novas as mulleres que sofren violencia de xénero no noso país—, e ao ser asasinadas sendo moi novas, aínda que estivesen traballando, non tiveron tempo de cotizar, de cotizar o que se lles exixía. Pero, ademais, tamén é certo que lamentablemente hai moitas mulleres asasinadas que non estaban traballando.



Eu agradézolle moitísimo, señora Prado, que traia aquí esta proposición para lembrar que foi o PSOE e non o PP, e non o PP, (*Aplausos.*) quen liderou a loita contra a violencia de xénero neste país. En 2004 aprobamos a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. En 2015 impulsamos o Pacto social, político e institucional contra a violencia machista. Despois vostedes van a rebufo. E paréceme moi ben, está moi ben que aproveitemos todos. Porque eu tamén creo que a política é unha cuestión que serve para construír e está moi ben que vostedes vaian detrás de nós. E xa no Goberno convertemos, dende logo, a loita contra estas violencias —e creo que está clarísimo que o seguimos facendo— no eixo central da acción do executivo, incrementando moitísimo os recursos orzamentarios para esa loita contra a violencia machista ou co real decreto de medias urxentes para desenvolver ese pacto de Estado. Existía o pacto de Estado pero estaba sen desenvolver.

E sobre a cuestión que hoxe nos afecta, a de protexer orfos e orfas, teño que dicirlles que se aprobou en 2019, pero o PSOE no Congreso xa levaba dende o ano 2016 presentando diversas proposicións non de lei para garantir, para tentar garantir, esta cobertura aos fillos e fillas de mulleres asasinadas. Finalmente derivou nunha proposición de lei no Congreso impulsada polo meu partido.

Eu, dende logo, agardo que, despois da nosa intervención, que pon de manifesto a súa tremenda e enorme torpeza —e, se me permiten, descúlpenme, pero é que, de verdade, seguimos absolutamente abraidas—, teñan a ben retirar esta proposición —ou, polo menos, o primeiro punto—. Porque, como dicía, é que ademais o curioso deste asunto é que vostedes a aprobaron por unanimidade. Non o entendemos. Aprobárona por unanimidade e melloraron esta iniciativa. Entón, ou é que non existe un diálogo fluído entre o Grupo Popular de Galicia e o Grupo Popular do Estado, ou non o entendemos. O mínimo sería dar unha chamada ás súas compañeiras e compañeiros en Madrid para que lles conten realmente o que pasou con esa modificación.

E, con respecto á nosa emenda, obviamente solicitamos eliminar o punto 1. É obvio, porque non poderíamos en ningún caso votar isto. Sería ridículo. De feito é que quedaríamos mal dende este Parlamento. Xa non sei que imaxe imos dar se ao final a Xunta de Galicia comina o Goberno do Estado a facer algo que xa existe. E ademais tamén creo que sería certamente humillante para o Grupo Popular alá.

E con respecto ao punto 2 o que facemos é instar o Goberno galego a non só manter —porque vostedes falan de «manter e reforzar». Parécenos que ten un certo punto eufemístico o de manter e reforzar. O que queremos é manter e ampliar as axudas de indemnización económica, ben con contías económicas, ben no tempo. Porque cremos que realmente non tería unha afectación demasiado grande. De feito non ten practicamente ningunha afectación ás arcas da Xunta de Galicia, pero dende logo si sería un importante apoio para eles e elas.

E nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, creo que todos e todas somos conscientes —ou deberíamos— de que o 25 de novembro é unha data de reivindicación e loita que naceu, entre outras moitas razóns, para facer visible a violencia machista contra as mulleres e para loitar contra a falta de coñecemento e de recoñecemento. E nese longo camiño que ten andado o feminismo e que temos andado as feministas como suxeito político unha das cuestións fundamentais foi nomear e definir o que é a violencia machista e a quen afecta. E nos últimos anos creo que nese camiño demos pasos importantes colectivamente, como sociedade, na visibilización de que as e os menores son tamén vítimas da violencia machista; en diferentes aspectos, de diferentes formas, pero, en definitiva, tamén vítimas. Por iso eu hoxe quero comezar esta intervención facendo un recoñecemento do feminismo, do movemento feminista galego, porque creo que no noso país é realmente quen conseguiu con forza impulsar avances sociais. (*Aplausos.*) E deberíamos ter un pouco de modestia neste Parlamento, porque, efectivamente, se Galiza ten unha posición avanzada en materia de loita contra a violencia machista, unha parte do mérito é das institucións. Pero, desde logo, creo que deberíamos ter colectivamente un pouco máis de modestia, xa que a medalla non a ten nin o Partido Popular nin o Partido Socialista nin o Bloque Nacionalista Galego, senón unha sociedade galega que é crítica, que é activa e que ten tamén un movemento feminista forte que contesta nas rúas cada un dos retrocesos, e que tamén exige criticamente que a resposta sexa cada vez mellor. E, en concreto, na cuestión da que falamos creo que hai que recoñecer que o movemento feminista loitou durante moitos anos contra a cegueira institucional que obviaba das estatísticas moitísimas situacións. Quero recordar, por exemplo, que foi no 2013 cando empezaron a computar as e os menores vítimas de violencia machista que eran asasinados, deixando fóra aínda as e os menores orfos, cuxa incorporación foi aínda recente. E quero recordar tamén que é recente a incorporación de moitas violencias machistas, de moitas vítimas de violencia machista, que non eran recoñecidas oficialmente porque non eran asasinadas polo seu marido ou pola súa parella. E tamén aí o feminismo deu sempre unha lección con estatísticas alternativas como as que faciamos no noso país e fai a Marcha Mundial das Mulleres ou como as que a nivel do Estado facía Feminicidio.net. Creo que é importante que non perdamos esa perspectiva e a necesaria autocrítica que tamén temos que ter como responsables políticos neste Parlamento.

Unha mostra da invisibilidade das e dos menores neste contexto de patriarcado e de violencia é precisamente esa ausencia durante moito tempo das estatísticas. E para tomar conciencia da verdadeira dimensión deste problema temos que ver os datos que temos enriba da mesa. Non son moitos pero hai algúns que son moi ilustrativos da dureza da situación. Eu quero facer mención, por exemplo, ao informe que sacou o Consello Xeral do Poder Xudicial en maio deste ano, no que analizaba os mil primeiros casos de violencia machista no Estado español entre 2003 e 2019. Primeiro quero chamar a atención sobre o feito de que fala de mil casos —que é unha absoluta barbaridade— pero que deixa moitísimos fóra por esa demora na visibilización das estatísticas da que falaba anteriormente. E ¿que nos di? Pois dinos que nese tempo, neses quince anos, a maternidade foi e é un factor de risco. Pois o medo a



que o agresor lles faga dano ás e aos fillos como vinganza ou represalia contra a nai frea a moitas mulleres á hora de denunciar. Dinos que o 75,1 % dos casos tiñan crianzas e que, polo tanto, sabemos hoxe que deses 1.000 asasinatos quedaron 765 nenas e nenos orfos de nai. É unha absoluta barbaridade. E por iso isto require que por riba da confrontación política tomemos este asunto en serio.

Eu creo que foi un paso importante que o Ministerio comezara, aínda que tardiamente, a incluír as e os menores nas estatísticas, pero non quería deixar de dicir neste debate que, para comprender e enfrontar a violencia machista, tamén temos que avanzar nas cuestións pendentes do pacto de Estado —que é inexplicable que hoxe non estean desenvoltas—, como a integración dunha definición acorde con Istambul da violencia machista, como temos neste país xa dende o 2007. Porque incluso o ámbito xudicial —o que moitas veces criticamos neste Parlamento porque ten moitas cuestións na súa estrutura que non favorecen a loita contra a violencia machista— xa desde o 2018 computa tamén casos de mulleres que non son asasinadas polas súas parellas. E sinceramente cremos desde o BNG que nesta cuestión o Goberno central debería pisar o acelerador.

Indo á cuestión da iniciativa, eu quixera chamar a atención sobre algo previo cando falamos da protección das e dos menores, que é que en xeral temos que superar un marco de protección dos orfos e das orfas que era moi insuficiente. Eu si quero recoñecer que a reforma de 2019, aínda que tardía —porque tamén hai que recordar que hai unha maioría progresista no Congreso desde 2015, que se di pronto— foi un paso adiante, foi un paso moi importante. Eu non o quero desmerecer porque, entre outras cuestións, para min é fundamental o incremento que houbo das pensións e prestacións de orfandade, que era practicamente irrisorio e que supuña unha desprotección sobre milleiros de nenos e de nenas no noso país. E, en concreto, sobre a cuestión da afectación das nenas e nenos orfos por violencia machista creo que é importante a súa incorporación. Agora ben, é evidente que, despois dun ano e pico da súa aplicación, hai problemas. Somos conscientes de que hai deficiencias. Eu diría que son deficiencias de dous tipos.

Por unha banda, unha deficiencia informativa, de coñecemento. O que nos din moitos colectivos e moitas profesionais que traballan con vítimas de violencia machista é que hai unha falta de coñecemento en boa parte por parte dos operadores pero en moitas ocasións tamén por vítimas que, por ese carácter retroactivo, poderían acollerse a esas prestacións. Pero o sistema non sempre ten a capacidade de informar que iso é así. Vimos dun período de mellora do sistema de atención, pero o certo é que as carencias de anos pretéritos pois tamén ás veces nos levan a dificultades dos propios organismos, como pode ser un CIM ou un colectivo de apoio ás mulleres, para ter a capacidade de informar a nenos e nenas que poderían desfrutar desa prestación e que non se chega a eles para facilitar esa información. Por iso incluimos un punto na nosa emenda que vai na liña de que tanto o Estado como a Xunta, polo carácter tan importante que ten a Xunta de Galiza no nivel máis inmediato de atención, pois poidan desenvolver campañas informativas para que se coñeza e se empregue este recurso.

Pero o certo é que hai outro problema de aplicación, de tipo técnico, que é a cuestión de fondo á que queremos ir. Efectivamente, a nós, cando lemos a proposta do Partido Popular,



sorprendeunos a inexactitude do punto 1. Xa foron explicadas aquí pola señora Díaz algunhas das cuestións. A nós parécenos que non está ben concretada a proposta de resolución e por iso fixemos o que nós entendiamos que tiñamos que facer, que é presentar unha emenda con carácter construtivo coa que eu agardo que poidamos chegar a algún tipo de consenso. Eu podo asumir que se erre na configuración —ninguén é perfecto e eu mesma ou o meu grupo facémolo en ocasións—; agora ben, eu tamén teño que dicirlle criticamente ao Partido Socialista que, sendo conscientes de que pode haber erros na aplicación dunha norma — porque é o lóxico, as leis non son exactas e previstas para cada un dos casos que temos na realidade—, a min o que me sorprende é que vostedes non emenden para mellorar a aplicación da lei no ámbito do Estado e que só lle poñan deberes á Xunta. Nós, independente do satisfactorio que pode ser dar algún zasca nesta tribuna, pois fixemos con responsabilidade o que entendemos que hai que facer, que é poñerlles deberes ás dúas patas, porque hai ámbito de mellora desde o Estado e hai ámbito de mellora desde a Xunta de Galiza. Entón parécenos ben a cuestión de fondo. É certo que pode haber algúns casos que quedan desprotexidos, fundamentalmente a cuestión da existencia dun pai biolóxico que non poida estar en condicións de asumir a tutela dese menor ou outras cuestións semellantes, e, polo tanto, pois é necesario que iso se avalíe e que se corrixa.

Insistimos tamén na cuestión de dar a coñecer o recurso e tamén engadimos un par de propostas que entendemos que melloraría a actuación da Xunta de Galiza. Por unha banda, respecto das axudas que existen, e que nós consideramos que no seu día foron un gran paso adiante —esa proposta naceu do marco dun debate que trouxo o BNG a esta Cámara para incrementar as contías das axudas periódicas ás vítimas e nós vímolos como algo positivo e entendemos que é positiva a súa existencia—, neste contexto de orzamentos cun teito de gasto importante, do que presume o Partido Popular, pois entendemos que algo tan elemental como un lixeiro incremento respecto do IPC estamos a tempo de valoralo. É unha suba moderada pero que en moitas ocasións pois pode axudar en xeral as persoas que reciben estas prestacións nun contexto de dificultades económicas, pero tamén sabemos que a cuestión de clase atravesa as vítimas de violencia machista e que, polo tanto, sería importante. Polo tanto, é o que propoñemos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E despois hai outra cuestión máis en sentido positivo. A medida 170 do Pacto de violencia machista —e con isto remato, señor presidente— insta a revisar os casos de mulleres menores ao seu cargo que fosen vítimas de violencia para avaliar o seu grao de inserción na sociedade, o grao de funcionamento, en definitiva, do sistema de protección. Nós entendemos que aquí a Xunta de Galiza ten capacidade para avaliar, cando menos no último par de anos, en que medida isto está servindo ou se necesitamos algún tipo de corrección. Entón, en definitiva, o que pedimos é que se valore tamén o estudo desta cuestión.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señora Díaz, se vostede pretendía vir hoxe aquí a facer disto o Club da Comedia, que saiba que o guionista xa o ten contratado o señor Iván Redondo no elenco de oitocentos asesores da Moncloa. *(Aplausos.)*

Mire, neste Parlamento equivócase se cre que imos entrar con vostede nunha competición de quen fai ou fixo máis polas vítimas de violencia ou pola igualdade neste país. Ese é o seu gran erro, o gran erro do Partido Socialista, que quere apropiarse da defensa da igualdade, da defensa das mulleres. E aí non nos van atopar.

Porque, mire, nós, efectivamente, apoiámola por unanimidade. Non é que a apoiáramos por unanimidade, senón que se aproba por unanimidade co voto do Partido Popular. Nós apoiamos a Lei integral de violencia de xénero de 2004, pero esa lei xa incluía, por exemplo, a orde de protección que foi a que realmente liberou as mulleres vítimas de violencia de xénero do seu maltratador poñéndoo fóra da casa a el. E esa, a orde de protección, foi aprobada por un goberno do Partido Popular.

Entón, eu non vou entrar aquí nunha competición con vostedes de quen fixo ou quen non fixo. Todos contribuímos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, señora, estude un pouco a lexislación porque está vostede un pouco despistada. E veñen vostedes aquí falar de torpezas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: Mire, o propio Ministerio de Igualdade reconece a desprotección dos orfos, señora Díaz. Mire, a torpeza e a imaxe de humillación foi a que deu vostede hoxe aquí. Xa llo acaba de explicar a señora Presas. Efectivamente, señora Díaz, claro que apoiamos a modificación do ano 2019, ¡faltaría máis!, porque mellora —e moito— a situación de orfandade de fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero. Pero —insisto— non cobre as situacións nas que o asasino non é o pai e cando o proxenitor está nunha situación en que non se pode facer cargo deses fillos ou fillas que quedaron orfos. Púxenlle dous exemplos. Non me diga que eu non lin a lei e que lin a prensa. Igual vostede está lendo a prensa e está un pouco equivocada.

En calquera caso, non imos aceptar a súa emenda, porque a súa emenda non suma. A que suma é a emenda do Bloque Nacionalista Galego. E por suposto que imos aceptar moitos dos puntos que presentou o Bloque Nacionalista Galego e por suposto que imos transaccionar con eles. Pero non a imos deixar fóra. Se vostede quere participar nesa transacción, nós convidámola. Tendémoslle a man para que vostede se incorpore se está de acordo co punto 1 do Bloque Nacionalista Galego. Efectivamente pode que haxa un fallo na redacción, pero non diga vostede que está recollido na lei, porque eu entendo que é unha cuestión técnica e que vostede non a entendeu moi ben. Mire, as cuestións técnicas a todos nos poden escapar, pero vostede veu aquí, con esa soberbia coa que subiu a esta tribuna, a afechar un erro.



Señora Díaz, voulle dicir unha cousa. A igualdade comeza na educación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, exacto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio!

Señora Prado, perdoe.

Escoiten a quen está no uso da palabra. ¡Por favor, silencio! Terei que chamar á orde, e non creo que sexa oportuno en ningunha ocasión, e menos nesta.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Mire, nós nesta Cámara levamos moito tempo. E nunca vin máis tics machistas por parte dun deputado que os que vin nos últimos días dun deputado socialista. ¡Así que, leccións de igualdade do Partido Socialista nesta Cámara, cero! (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, chegou a dicir aquí que din que as mulleres podemos facer dúas cousas, e chegou a dicir nesta Cámara cousas moi graves, como cuestionar a profesionalidade dunha muller polo feito de ser «a muller de...». Iso é gravísimo, ese é o tic máis rancio e máis machista que se viu nesta Cámara. E iso é atribuíble a un deputado das súas filas, señora Díaz. (*Aplausos.*) ¡Leccións de igualdade a este grupo, non, señora Díaz, non!

E vostede, mire, é de primeiro de igualdade nesta Cámara —xa llo digo para que vaia repasando—, porque a que le os xornais é vostede. Vostede dixo onte fóra desta Cámara que a Xunta reducira o 50 % o orzamento en igualdade. Repase o orzamento do 2009 e a estrutura da Xunta no ano 2009. Porque, mire, daquela —e dígollo para que o vaia interiorizando porque imos ter moitos debates— incluíase tamén a conciliación e as escolas infantís. E, mire, no 2009 no capítulo de loita contra a violencia de xénero había 13,81 millóns. Hoxe, no 2020, hai 25 millóns, o dobre, ¡o dobre!, sen capítulo I. ¡O dobre! E se computamos a parte do Estado, 17 millóns.

E se engadimos conciliación, señora Díaz, no 2009 había 54,7 millóns. ¿Sabe canto hai hoxe? Hai 138,2 millóns. Así que deixe vostede de intentar criticar. Sume, sume, e veña aquí con espírito construtivo. Porque, mire, levamos moito tempo intentando nesta Cámara construír. A pasada lexislatura, con cinco grupos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...con cinco grupos, fomos capaces de sacar moitas cousas con acordos e co consenso de todos. Se vostedes non queren participar, ¡alá vostedes! Eu, dende logo, voulle ofrecer unha transacción ao Bloque Nacionalista Galego porque estamos de acordo con moitas das cuestións que plantexan na súa emenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 4961).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes puntos:

«5. Elaborar un estudo sobre a situación das mulleres vítimas de violencia machista en Galicia durante a pandemia, con especial atención ao período de confinamento.

6. Crear unha verdadeira Rede de Centros de Información á Muller que sexa garantía dun servizo integral ás mulleres nos 313 concellos galegos, cunha dotación suficiente que garanta o seu funcionamento.

7. Reforzar as medidas dirixidas á atención ás mulleres vítimas de violencia machista que viven no ámbito rural, aumentando o número de recursos especializados de maneira coherente coa realidade rural e a distribución xeográfica e adaptando as campañas de prevención e sensibilización ás súas necesidades.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-000566) (Procedemento de urxencia).

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar, no proxecto de orzamentos para 2021, os recursos económicos destinados a promover a igualdade real e efectiva, así como os programas destinados á erradicación da violencia contra as mulleres. Seguir aplicando a transversalidade de xénero, nos distintos departamentos do goberno galego, así como continuar na senda da colaboración coas distintas entidades, institucións e organizacións da sociedade galega.



2. Dentro do marco de colaboración da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e, complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situación de violencia de xénero, elaborar un Plan específico de atención para mulleres en situación de violencia de xénero adaptado á realidade xerada pola covid-19.

3. Manter e ampliar o Plan de reforzo de atención as vítimas de violencia de xénero que garanta o funcionamento dos servizos necesarios de atención, información e asesoramento ás mulleres en situación de violencia de xénero, tales como: prestacións económicas, apoio psicolóxico, Centros de Información á Muller e recursos de acollida.

4. Manter e ampliar a colaboración ca Rede Galega contra a Trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

5. Dirixirse o Goberno do Estado para que impulse a aprobación da Lei Orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual, e cumprir así co aprobado no Pacto de Estado contra a violencia de xénero».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hai unha frase que se usa moito, cando se estudan teorías da comunicación, para explicar unha das máis importantes do século XX —que era, ademais, dunha muller, de Elisabeth Noelle-Neumann, n'*A espiral do silencio*—: «Aquilo do que non se fala non existe». Efectivamente, a pesar de que a pandemia copou os debates, copou os titulares nos medios de comunicación, copou os discursos ao longo dos últimos meses e mesmo baleirou as rúas que o movemento feminista ateigou durante os últimos anos, a violencia machista segue aí. Quizais se ve un pouco menos ou está un pouquiño menos arriba na orde do día das institucións e dos gobernos, pero efectivamente non desapareceu. A violencia machista segue aí.

E non só non desapareceu, senón que continúa producíndose e reproducíndose nun contexto marcado por meses de confinamento e restricións da mobilidade que a agravan. Hoxe, que é o Día Internacional para a Eliminación da Violencia Machista, desde o BNG, desde o Bloque Nacionalista Galego, traemos esta iniciativa non de maneira rutineira, senón para tratar un aspecto chave na abordaxe da violencia machista que cobra maior importancia, se cabe, nun contexto como o actual. Falamos da atención psicolóxica para as mulleres en situación de violencia machista e da necesidade de prestar este servizo na atención primaria, tal e como recolle desde hai trece anos a Lei 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no artigo 25.

A pandemia provocada pola covid-19 —e sobre todo os meses de confinamento, que foron duros para todas e para todos— foi aínda máis dura para as mulleres que se atopan en si-



tuación de violencia machista. Imaxinen o que supón para unha muller que tivo que convivir durante vinte e catro horas os sete días da semana e durante tres meses co seu maltratador; cunha violencia prolongada, constante no tempo e no espazo, cando desapareceron as rutinas da escola, do traballo, de ir á compra, da visita de familiares, e cando se agrava, ademais, esta situación pola sensación de impunidade dos agresores, que perciben un menor control sobre eles.

Os últimos datos publicados no sistema de seguimento Viogen, en outubro do 2020, din que no noso país, en Galiza, hai 3.714 casos activos. Pensemos ademais que os casos activos identificados como tales polo sistema son apenas a punta do iceberg dunha realidade moito máis profunda —e terriblemente invisible as máis das veces—. O confinamento, e aínda hoxe as medidas que restrinxen a mobilidade en moitos concellos do noso país, potencia os factores de risco, incrementa o illamento das vítimas e xera barreiras que dificultan a solicitude de axuda e a denuncia por parte delas.

Esta mañá falábase desta caída do número de denuncias presentadas por violencia machista, que ten a súa razón de ser precisamente nesas medidas de restrición da mobilidade e tamén nos meses de confinamento. Isto dificulta e impón barreiras para que sexan as propias mulleres quen denuncien, pero tamén establece esas limitacións á hora de identificar e detectar posibles casos de violencia machista por parte da Administración pública, das e dos profesionais que traballan dentro do propio sistema.

Reducir á mínima expresión a presencialidade na atención sanitaria, ou incrementar a tramitación telemática de moitas axudas ou prestacións, esa perda de contacto humano á que nos está abocando a xestión da pandemia, impide que o persoal dos servizos públicos poida detectar e identificar situacións de violencia. E sabemos que, dentro dese sistema, a rede sanitaria pública, o sistema sanitario —e especialmente a atención primaria, como porta de entrada a el—, é unha peza chave para isto. Polo centro de saúde pasamos todas, e moitas veces a sintomatoloxía dunha persoa, os cadros de estrés, a ansiedade, as magoaduras —se as hai—, serve para detectar situacións de violencia que permitan activar protocolos. Un simple «E as cousas na casa ¿como van?» pode ás veces mudalo todo.

Reforzar a sanidade pública, a atención primaria, e garantir tempo ás profesionais na atención de cada doente, é fundamental tamén para identificar algo máis que unha dor de cabeza e o que hai detrás de constantes dores de cabeza. Certo é que Galiza conta hoxe con programas e procedementos de atención ás mulleres en situación de violencia machista, con programas de atención psicolóxica. Non estamos a dicir o contrario. Existe un convenio asinado pola Xunta co Colexio Oficial de Psicología de Galiza para prestar asistencia e apoio psicolóxico con carácter de urxencia a mulleres en situación de violencia e ás súas fillas e fillos. Existe tamén un programa de atención psicolóxica a mulleres que a sofren con carácter xeral, non de urxencia —no que tamén están recollidas as súas fillas, fillos ou outras persoas do entorno familiar—, que tamén é prestado por profesionais do Colexio de Psicología. Mais estes programas, que son resultado —insisto— dos convenios asinados polo Goberno co Colexio Oficial de Psicología de Galiza, sendo importantes, non son suficientes. E, sobre todo, non cumpren co disposto no artigo 25 da Lei do 2007, que é moi clara exixindo a incorporación da atención psicolóxica como servizo de atención primaria; unha atención psicolóxica



que é indispensable e fundamental para as mulleres en situación de violencia machista pero que tamén é imprescindible para o conxunto da poboación.

E aquí quixeramos —dadas as circunstancias nas que nos atopamos neste país dende hai oito meses— facer un inciso. Un dos impactos —probablemente o maior despois dos contaxios e falecementos— que tivo a pandemia, que está a ter e que terá sobre o conxunto da cidadanía do noso país e do mundo é a afección sobre a nosa saúde emocional e psicolóxica. O propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, nun informe publicado ao inicio do proceso de desconfinamento, advertía que moitas persoas que nunha situación normal superan, ou superamos, as adversidades cotiás sen maior dificultade por nós mesmas atópanse ante a covid-19 suxeitas a novos factores de estrés xerados pola propia pandemia. Isto exige medidas dende o ámbito público para previr as consecuencias que esta poida ter sobre a saúde mental do conxunto da poboación. Estamos diante dunha crise sanitaria, económica e social sen precedentes nos últimos cen anos. E iso irremediabilmente vai ter unha consecuencia emocional, afectiva e psicolóxica sobre o conxunto da poboación.

Descentralizar e achegar a atención psicolóxica á cidadanía, instaurando a figura de profesionais da psicoloxía clínica nos centros de atención primaria, permitiría un acceso máis rápido á poboación e diminuíría a sobrecarga de traballo nas unidades de saúde mental; especialmente para aquelas persoas que se viron máis afectadas pola pandemia e incluídas, claro está, as mulleres vítimas de violencia machista, sexa esta física, sexa psicolóxica, sexual ou de calquera outro tipo, e, como di a nosa lei dende hai trece anos, teña lugar esa violencia no ámbito público, no familiar ou no privado.

Porque —insisto—, malia que as denuncias diminuíron, a violencia machista non se reduciu senón todo o contrario. Os datos facilitados pola propia Xunta de Galiza para o primeiro semestre de 2020 así o evidencian. Durante os primeiros meses deste ano o número de consultas ao teléfono de atención ás vítimas incrementáronse un 35 % a respecto do mesmo período que no ano 2019 —do que tamén se falaba esta mañá, ao principio—. E as consultas aos centros de información ás mulleres incrementáronse un 16 %.

Non só non podemos baixar a garda. Hai que reforzar e ampliar os recursos que xa existen adaptándoos a unha realidade que é diferente, diferente á que coñeciamos, e ao impacto que a pandemia está a ter a día de hoxe xa sobre a poboación do noso país. Por iso desde o BNG, na parte resolutiva, ou na parte propositiva, desta iniciativa, reclamamos unha vez máis que o orzamento dirixido á loita contra a violencia machista, os programas especificamente orzados nos orzamentos dirixidos á loita contra a violencia machista, se incrementen ata o 1 % Formulamos de novo esta proposta xusto cando acaba de entrar practicamente o proxecto de orzamentos para a súa tramitación. Sería moi importante que hoxe desta Cámara saíse un consenso unánime de todas as forzas sobre que 1 de cada 100 euros, como mínimo, vaian destinados á loita contra a violencia machista. E formulamos ademais a proposta de elaboración dun plan específico para a abordaxe, desde o ámbito da psicoloxía, das consecuencias que a covid, o confinamento e outras medidas de restrición da mobilidade teñen sobre as mulleres, sobre as mulleres que sabemos que se atopan en situación de violencia machista, porque están identificadas como tal polo sistema, pero tamén sobre aquelas outras que, non sendo identificadas, tamén a están sufrindo.



Porque o patriarcado, o machismo, non é un virus, señorías. É un sistema de dominación social que ten na violencia machista, aquela que se exerce contra as mulleres polo simple feito de o seren, a ferramenta máis útil para someter. Ao contrario que na covid, non hai vacina que inmune nin medicamento que o cure. Non é unha enfermidade, é un comportamento social moi arraigado. E van facer falta medios, máis medios, máis recursos, máis orzamentos, máis visibilidade e, sobre todo, moitísimo máis feminismo para o combater.

De momento, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bos días de novo.

En efecto, estamos hoxe nun día sinalado. E, por certo, antes esquecín dicir que xa van vinte anos dende que o 25N é o día da eliminación das violencias machistas. Agardemos que non cheguemos a celebrar outros vinte máis, dende logo.

Nós lamentablemente, lamentablemente e pese a todos os esforzos en materia lexislativa —e non só lexislativa— por todos os gobernos —e xa con dúas mulleres galegas asasinadas este ano—, a realidade é que os datos que ofrecen diversos organismos oficiais son realmente arrepiantes. Neste momento, como xa se dixo, en Galicia hai 3.733 casos activos de violencia machista, ¡3.733 mulleres que están nestes momentos sufrindo unha situación de maltrato! Pero é que tampouco temos, ao mellor, que centrarnos nos datos actuais, que producen arrepíos. Realmente o que produce arrepío é saber ou coñecer outros datos, que se coñecían hai pouco pola macroenquisa que fixo o Ministerio o pasado ano, que falan, por exemplo —e collemos só os datos referidos a Galicia—, de que o 33,9 % das mulleres sufrimos violencia por parte das nosas parellas ou ex-parellas ao longo da nosa vida, ¡o 33,9 %!; que o 35,7 % das mulleres sufrimos acoso sexual ao longo da nosa vida —acoso sexual case un 36 %—; que o 17,4 % das mulleres sufrimos violencia física fóra da parella ao longo da nosa vida; ou que, por exemplo, o 40 % das mulleres maiores de 65 anos nalgún momento sufriron algún tipo de violencia e que o 27 % a padeceu durante vinte ou trinta anos, dúas ou tres décadas. E, claro, estes datos realmente non convidan a nada senón a unha profunda reflexión acerca de en que estamos convertendo a sociedade, do tipo de sociedade que temos.

Ademais, algo que ao Partido Socialista nos interesa moito, que nos preocupa, é a cuestión que ten que ver coa trata, coa trata como unha das peores expresións da violencia machista. Pois chama a atención, por exemplo, que o pasado ano só se incoase un procedemento xudicial, o que demostra o abandono que teñen estas mulleres por parte da sociedade —que mira cara a outro lado— e pon de manifesto o difícil que é para elas iniciar unha denuncia, poder



abrir unha investigación ou identificar os responsables. Como eu si veño aquí cun espírito construtivo, teño que dicir tamén que nos alegramos de que hai dous ou tres anos —creo— a Xunta de Galicia puxese, dende logo, en marcha un programa. E sabemos, ademais, que está implicada nesta cuestión e está colaborando con asociacións e entidades para poder avanzar nesta cuestión.

O que si queda de manifesto é que, pese a todos os esforzos feitos ata o de agora, queda moitísimo por facer, ¡moitísimo! E, dende o noso punto de vista, o que queda por facer é, sobre todo, en materia de prevención. E iso é o que máis nos preocupa a nós. Entendemos que si é certo que hoxe existen recursos, mecanismos e ferramentas para que esas mulleres que sofren situacións de maltrato poidan chegar a todos eses recursos —aínda que hai algunhas eivas que vemos nesta cuestión—. Iso si que o entendemos, pero quizais o que botamos un pouco de menos é todo o que ten que ver coa materia de prevención. Falamos de prevención, de sensibilización, de educación. E, dende o noso punto de vista hai, como mínimo, que dobrar esforzos nesta cuestión, e elaborar un plan contra a violencia de xénero centrado fundamentalmente na prevención. Falamos non dun plan senón dun plan estratéxico que se dirixa a determinados grupos sociais, estratificado por idades, por zonas xeográficas, con accións destinadas a protexer... É dicir, que existan accións destinadas a protexer e a acompañar as mulleres é algo indiscutible. Pero, á vista dos datos, o que é esencial é iso, traballar nesa prevención.

¿E como? Pois ocórresenos, dende logo, que con bastantes máis programas nas escolas, con campañas contundentes que se acheguen á xente nova e a ese uso errado que está facendo das novas tecnoloxías. E tamén hai que dirixir aos homes esas campañas contundentes.

Como ben dicía antes a voceira do BNG, este ano, ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial. E, efectivamente, se xa nos afectaba ás mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural na que nos atopamos, realmente é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia machista, que durante eses meses de confinamento tiveron que compartir teito durante todo ese tempo cos seus maltratadores. As consecuencias aínda non as sabemos e por iso nós, na emenda que presentamos, dalgunha maneira instamos a que a Xunta de Galicia elabore un estudo sobre a situación das mulleres vítimas de violencia de machista en Galicia durante a pandemia, e con especial atención ao período de confinamento. Non é sinxelo pero será cuestión de poñer a traballar a diversas entidades e organismos —entre eles os CIM— para que poidan achegar todos eses datos.

Nós, evidentemente, ante o que estamos dicindo, anunciamos o noso voto favorable á proposición non de lei que trae hoxe aquí o BNG. Dende logo, tamén porque coincidimos na reclamación dun incremento importante dos fondos destinados á loita contra a violencia de xénero, que son a todas luces insuficientes. De feito, neste proxecto de orzamento que se presenta vemos que realmente o incremento relativo é pouquísimo. Si que hai no destinado a políticas de emprego, pero non contra a violencia machista. E pensamos que, ademais deses 8 millóns do pacto de Estado que chegan cada ano, habería que incrementar eses fondos.

E hai unha cuestión que si queriamos tamén deixar clara hoxe aquí neste pleno. E é que ao Grupo Socialista nos preocupa un pouco a utilización que se está facendo deses fondos. E ex-



plícome. Non dubidamos en ningún momento do propósito de utilización deses fondos, pero si lle exiximos á Xunta de Galicia —e dirémosllo probablemente mañá á Secretaría Xeral de Igualdade— o control deses fondos. Eses fondos repártense de maneira transversal e —creo que onte o dicía aquí alguén— é algo que entendemos. Nós tamén entendemos a igualdade e, dende logo, a loita contra a violencia machista como algo transversal. E sabemos que non é fácil, en absoluto, pero habería que poñer un maior esforzo en controlar esas accións que se implementan contra as violencias machistas utilizando eses fondos do Pacto de Estado. Practicamente cada ano vemos como hai utilización erróneas deses fondos por parte de entidades —de concellos ou de quen sexa—, e entón exiximos algo máis de control.

Por suposto, tamén coincidimos en todo o que ten que ver coa atención psicolóxica ás vítimas —a todas as vítimas, que non só son, lamentablemente, esas mulleres—. Coincidimos nese apartado e cremos, ademais, que é fundamental que se cumpra a lei e incrementar despois todos os recursos. Calquera incremento, de feito, será pouco.

Nós tamén nos queremos poñer propositivas nesta moción. E o que propoñemos é crear nesta emenda unha verdadeira rede galega de centros de información á muller. É certo que os centros de información á muller son servizos municipais, pero o Goberno autonómico está aquí tamén para impulsar. E vostedes saben, coma min, que a maior parte deses centros se financian en boa parte con subvencións e axudas da Xunta de Galicia. Entón entendemos que tamén á Xunta de Galicia lle corresponde facer unha boa campaña ou animar os concellos a que, cos pouquísimos recursos que teñen, poidan crear estes CIM. E ademais —como se dicía aquí— non falamos de crear un CIM en concellos de 400 habitantes, señora Prado. Non, falamos precisamente diso, de CIM que agrupen concellos, pero que se lles dea saída e que, dalgunha maneira, todas as mulleres dos 313 concellos galegos, todas elas, poidan ter cerca un recurso próximo. ¿Por que? Pois isto fiámolo tamén con outra das cuestións que plantexamos na nosa emenda —e que ao Grupo Socialista lle preocupa moito—, e é que queremos que se reforcen as medidas dirixidas á atención das mulleres que viven no ámbito rural. Precisamente cremos nós que son as mulleres que están hoxe máis esquecidas nesta loita. E non por estar elas esquecidas senón porque para elas é moi complicado chegar a estes recursos e a estas ferramentas. Xa non só porque non dispoñan deles nunha contorna próxima senón pola súa propia estrutura vital ou familiar. Entón, do que falamos na nosa emenda é de que cremos que se debe aumentar o número de recursos especializados, como digo, de maneira coherente coa realidade rural e a distribución xeográfica, e adaptando as campañas de prevención e sensibilización ás súas necesidades, focalizándoas nelas. Porque, como ben saben, nada teñen que ver coas contornas urbanas.

En definitiva, como xa dixeran, o que queremos é encher de contido e de recursos esta loita contra a violencia machista, que, por suposto —como dicíamos ao principio—, pasa dende logo por incrementar de verdade —cun forte incremento— os fondos destinados a iso. Dende logo, se o fan, como xa dixó antes o deputado Gonzalo Caballero, o noso secretario xeral, van atopar sempre neste grupo a maior das colaboracións.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: *(Un problema de son provoca que non queden rexistradas as palabras iniciais da señora Prado del Río.) ¿Escóitase agora? (Pausa.)*

Ben, a iniciativa do BNG ten catro puntos centrados en dotar de recursos a atención ás vítimas de violencia de xénero; sinaladamente, no ámbito da atención psicolóxica. Para nós é fundamental —e xa o sabe, señora Rodil, porque xa temos debatido sobre isto en máis ocasións—. E, efectivamente, ás vítimas non só hai que darlles axudas económicas, non só hai que axudalas a saír do círculo de violencia no que están cos seus maltratadores, senón que hai que reconstruílas. E para iso é importantísimo facelo dende o ámbito psicolóxico, posto que é unha das fendas que utiliza o maltratador, que empeza pola presión psicolóxica. Moitas veces non pasa de aí, pero, por desgraza, o seguinte paso é a violencia física. Pero, aínda que haxa só violencia física, tamén quedan secuelas psicolóxicas. Por tanto, parécenos fundamental a atención neste ámbito.

No punto 1 —é un clásico do BNG— propón destinar o 1 % do orzamento á loita contra a violencia de xénero. Ben, vostede xa sabe que non estamos de acordo e sabe por que. Porque suporía admitir unha política asistencialista. Vostedes piden destinar un 1 % para atención ás vítimas de violencia de xénero. Ese asistencialismo, esa atención ás vítimas, nós consideramos que está perfectamente cuberto con esa modificación que fixemos no ano 2016 para dotar a lei cunha partida orzamentaria ampliable sen límite. É dicir, que, se hai 100 vítimas de violencia de xénero no ano, van estar atendidas; e, se hai 3.000 —esperemos que non—, pois tamén. Por tanto, esa cantidade está perfectamente garantida.

Porque nós cremos —e a señora Rodil xa o sabe— que a loita contra a violencia de xénero vai máis aló do asistencialismo. A loita contra a violencia de xénero non é só atender as vítimas. É investir en educación, é investir en prevención, é investir en sensibilización. E todo iso é unha política transversal e ten que impregnar todos os orzamentos. E, se sumamos todas as partidas que hai nos orzamentos da Xunta de Galicia destinadas a iso, superan con moito o 1 % do orzamento, ¡con moito! Hai que ver só o Plan de conciliación e corresponsabilidade, que nos parece fundamental. Porque hai que darlles recursos de conciliación e corresponsabilidade ás mulleres, que maioritariamente e por desgraza —e neste confinamento vímolos— seguen sendo as responsables dos coidados domésticos e dos coidados da familia. Esas mulleres hai que dotalas de recursos de conciliación para que elas poidan dispoñer de tempo para, cando están en desemprego, atopar un traballo e, cando están traballando, para mantelo e non ter que ir a empregos precarios, a empregos temporais, a empregos a media xornada. ¿Por que? Porque moitas veces priorizan a atención á familia fronte a ese emprego de oito horas e van a empregos de catro horas. E dicía eu que só para o Plan de conciliación e corresponsabilidade, que é do ano 2018 ao 2021, a Xunta destina 848.755,30 euros. Vostede sabe que na partida para este ano 2021 estamos falando de 213.263,332 euros. Porque, claro, nós non imos facer as contas que fixo o señor Caballero esta mañá para dicir que no Bipartito se destinaban máis cartos. Cando lles convén, suman todo para dicir que as políticas de igualdade... E, cando non, pois reducímonos só á atención ás vítimas. Se falamos unicamente



de materia de violencia de xénero, no ano 2009 destinábanse 2,8 millóns de euros. E no ano 2020, 6,3. Por tanto, estamos falando de máis do dobre.

Falou vostede do convenio, e da atención psicolóxica como un servizo da atención primaria. Eu non creo que, se as mulleres vítimas de violencia de xénero son atendidas por psicólogos que forman parte do equipo de psicólogos e psicólogas que están á disposición do convenio que ten asinado a Xunta de Galicia, non sexa un servizo de atención primaria. Vostede o que pasa é que circunscribe a atención primaria á sanitaria. Pero eu creo que unha consulta na atención primaria sanitaria non é comparable cunha atención integral, que é a que cobre este convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e o Colexio Oficial de Psicoloxía. Dígolle o porqué. Porque, mire, este programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero —e complementariamente a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan esas situacións de violencia de xénero— vai máis alá do que establece o propio artigo da lei. Porque, primeiro, atende máis persoas. De entrada, incluso atende familiares, persoas do contorno familiar. Non quero lembrar aquí algún asasinato no que tanto a nai como a irmá da vítima tiveron que ter atención psicolóxica. Se atendésemos única e exclusivamente ao que di ese artigo da lei *stricto sensu*, non terían dereito a esa atención.

Entón nós cremos que esta é unha atención integral, o programa conta cun profesional de psicoloxía que coordina toda a rede de profesionais que levan a cabo a intervención, que consiste tanto en asistencias como en consultas a persoas beneficiarias, na asistencia oral en xuízo por parte das psicólogas e psicólogos do programa. E incluso no convenio está a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves por causa de violencia de xénero, coordinados co GIPCE, así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias. No ano 2014 incluíuse a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva ou da fala. E tamén no ano 2019 se incluíu unha novidade, que foi pór como potenciais beneficiarias, por primeira vez, as vítimas de violencia vicaria, por persoa interposta; é dicir, aquelas mulleres que padezan o asasinato dos seus fillos ou fillas a mans do maltratador.

Pero é que tamén hai outro convenio entre a Vicepresidencia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero na comunidade autónoma. E este convenio é pioneiro en España e non está recollido en ningunha lei. Eu creo que non hai que legislar todo. Hai cousas que se poden facer perfectamente sen que o recolla a lexislación. E todos estes recursos eu creo que son fundamentais para as vítimas.

Con este convenio o que se fai é que a atención teña carácter inmediato. Para as posibles situacións de urxencia, préstase a requirimento das forzas e corpos de seguridade e, naqueles casos nos que se cumpran os criterios para a activación deste servizo, préstase as vinte e catro horas nos trescentos sesenta e cinco días do ano en todos os partidos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Señora Díaz, por suposto que a Xunta de Galicia está facendo un montón de campañas, campañas en centros de educación, o concurso do audiovisual e lemas, a campaña con deportes...



Hai 29 deportistas de elite e equipos que están traballando coas bases, con nenos e con nenas deportistas. Está a campaña de razóns para non practicar *sexting*. Moitísimo se podería dicir aquí, pero non vou estenderme no tempo. Pero non só hai que facer campañas, tamén hai que dotar axeitadamente os recursos que temos.

Falaba vostede dos CIM. O Partido Popular nestas últimas eleccións levabamos no programa electoral a creación de máis CIM. A nosa vontade non só queda nun programa electoral. Á vista está que nos últimos anos o Partido Popular seguiu abrindo CIM e apoiando os centros de información á muller. Mire, dentro duns días vai poñerse en marcha o Centro de Información á Muller do Pereiro de Aguiar. Eu animo a que os alcaldes socialistas tamén lle soliciten á Secretaría Xeral de Igualdade a creación de CIM nos seus concellos e que para o ano esteamos aquí falando de 100 CIM en vez de falar de 82 ou 83. Pero para iso ten que haber vontade política municipal de creación de CIM.

A nosa emenda está baseada en cinco puntos. Xa nos ofreceu a señora Rodil unha transacción, coa que estamos practicamente de acordo menos en dúas cuestións. Así que creo que podemos chegar a un acordo. Nós pedimos o incremento do orzamento para igualdade, non só para a atención ás vítimas da violencia de xénero —iso xa está garantido, como dicía antes—. É preciso abordar a igualdade de xeito transversal. Na atención psicolóxica ás vítimas cremos fundamental que se garanta, que non se produza tampouco unha revitimización e que as vítimas, cada vez que vaian ao centro de saúde, se atopen cun profesional distinto. Cremos que o convenio rompe con esa revitimización e cremos que o convenio está funcionando ben.

Pedimos elaborar un plan específico de atención para mulleres en situación de violencia machista adaptado á realidade xerada pola covid-19, manter e ampliar o Plan de reforzo da atención ás vítimas de violencia de xénero e manter e ampliar a colaboración coa Rede galega contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual. É fundamental tamén dirixirse ao Goberno de España para que impulse a aprobación da Lei orgánica de loita integral multidisciplinaria contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e cumprir así o aprobado no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Creo que podemos chegar a un acordo, tanto na anterior iniciativa como nesta. Despois farei con vostede, señora Rodil, dos puntos nos que podemos chegar a un acordo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Ben, eu, antes de máis, tamén quero agradecerlles o ton aos dous grupos, e tamén a vontade de poder chegar a un acordo e buscar un consenso nesta Cámara con esta iniciativa. Eu creo que as mulleres, ademais de ocupar os espazos que nos corresponden por dereito —dos que



estivemos excluídas moitas veces e aínda hoxe en moitos deles, tamén no ámbito público e de representación política—, temos que transformalos. E creo que temos que ser precisamente nós, aquelas mulleres que nos definimos como feministas, as que cambiemos tamén as formas de debater, de discrepar, de confrontar proxectos políticos e ideolóxicos, que se pode facer — e debe facerse— con argumentos e non como moitas veces, como se ten instalado, co ataque e o debate estéril que nos leva a pouco. E creo que hoxe temos un bo exemplo diso.

E imos a algunhas das cuestións que saíron e tamén á proposta de transacción que formulamos aos grupos desde o BNG. Sobre o que dicía a señora Prado que é un clásico, efectivamente, o BNG leva moitos anos reclamando nesta Cámara, con cada debate orzamentario, que 1 de cada 100 euros vaia destinado á loita contra a violencia machista, ás medidas e programas dirixidos a combater a violencia machista. Así se recolle nesta proposta de lei que hoxe debatemos. E eu, cando falaba a señora Prado, volvía sobre a parte resolutiva e o punto primeiro, porque non me casaba co que eu lembraba que recollíamos. Non falamos de axudas económicas. Combater a violencia machista é previr, efectivamente, e intervir cando é necesario. Non é só asistir. Eu tampouco comparto esa visión de que as axudas económicas para mulleres en situación de violencia machista sexa asistencialismo. É un dereito e, ademais, a ferramenta que atopamos para romper co círculo da violencia naqueles casos de violencia machista —que son moitos— nos que se exerce tamén unha violencia económica, cando non está garantida a autonomía e a independencia das mulleres porque se lles nega o dereito a poder usar de maneira autónoma os ingresos familiares, ou mesmo cando teñen que renunciar a eles porque non se lles permite, por exemplo, o que é unha parte importante do noso desenvolvemento, como é traballar. Esas axudas económicas non son asistencialistas. Insisto, son un dereito.

Pero o que nós formulamos coa proposta de que 1 de cada 100 euros dos orzamentos vaia para combater a violencia machista é precisamente que vaia para todas as partidas que teñan como obxectivo previr, que teñan como obxectivo intervir e, sobre todo, construír realidades diferentes. Eu estou moi a favor da idea da transversalidade. Eu tamén o vexo así. Isto imprégnao e atrávesao absolutamente todo, porque a desigualdade, a discriminación e a violencia contra as mulleres non se encapsula en ningunha área do Goberno nin nunha parte das nosas vidas. Atrávesanos absolutamente a todas e en todos os ámbitos, no público e no privado. Pero non pode servir esa idea da transversalidade para retraer ou para esconder. Esa transversalidade constrúese tamén facendo que esas partidas que van dirixidas a previr e a intervir fronte á violencia machista en todos os ámbitos e desde todos os departamentos —neste caso dun goberno— teñan unha contía suficiente e que, sobre todo, se incrementen, dada —volvo un pouco ao que dicía ao comezo— a situación que temos hoxe, que non é a que tiñamos hai oito meses senón que se viu agravada precisamente como consecuencia tamén da pandemia.

E despois —e efectivamente non é a primeira vez que o debatemos—, sobre o cumprimento do artigo 25 e de levar a atención psicolóxica á atención primaria, precisamente esa vontade de incorporala na rede sanitaria de atención primaria e na rede pública, o obxectivo é garantir que sexa integral e, sobre todo, que non sexa á demanda. Quero dicir que hoxe, para incorporarse aos protocolos, aos proxectos e aos programas que resultan deses convenios asinados co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, ti tes que estar recoñecida como muller en situación



de violencia machista. Sabemos que moitas veces é precisamente do acompañamento psicolóxico do que sae, por exemplo, a denuncia e o recoñecemento de que se vive unha situación de violencia. Se nós incorporamos esa figura da psicoloxía clínica na atención primaria, podemos garantir esa intervención psicolóxica antes mesmo de poder detectar ou recoñecer, individual ou colectivamente, que estamos sufrindo violencia. E, como dicía tamén na miña primeira intervención, o que garantimos é que o conxunto da sociedade poida tamén acceder a este servizo, a este dereito e a esta atención fundamental, como indicabamos, porque tamén todas nós e todos nós, independentemente da nosa situación, sufrimos un impacto emocional, afectivo e psicolóxico co que estamos vivindo. Porque non é normal nin é natural non poder tocarnos, non é normal nin é natural non poder estar en sociedade, como é o ser humano. Iso lévanos a unha situación non vivida antes. Eu nunca pensei vivir un toque de queda —aínda que non lle queiramos chamar así—, xamais na miña vida. Quizais haxa outras persoas que teñan máis anos e que viviran os últimos coletazos da ditadura. Pero unha persoa da miña idade ou que teña un pouquiño máis ou un pouquiño menos, ningunha, pensou nunca vivir unha situación coma esta. Iso aféctanos colectiva e individualmente e necesitamos prestarlle atención a unha parte fundamental do noso desenvolvemento, que é a saúde mental e a psicoloxía, tanto do conxunto da sociedade —pero non só— como, sobre todo, daqueles colectivos ou grupos de atención prioritaria, como son tamén as mulleres...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...en situación de violencia machista.

Nós estamos dispostas, tendemos a man, coma sempre, e imos intentar chegar a un acordo. Fixemos unha proposta de transacción que creo que incorpora practicamente todas as achegas dos distintos grupos mantendo, efectivamente, tamén a vontade política que o BNG expresa coa súa formulación orixinal. E temos un pouco de tempo tamén para traballar e buscar ese acordo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-000574, doc. núm. 5010).



Emenda de modificación:

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego:

1. Acorda constituír de xeito urxente, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios, unha ponencia para conformar unha posición de país en torno a priorización dos proxectos que deben optar a asignación dos fondos europeos, para a súa defensa na Conferencia Sectorial de Fondos Europeos a celebrar entre o goberno e as Comunidades Autónomas.
2. Instar a Xunta de Galicia a remitir á Cámara galega, de xeito inmediato a listaxe dos 108 proxectos enviados pola Administración autonómica para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, con explicación detallada sobre a natureza do proxecto, o seu impacto na creación de emprego, criterio de selección e nome da empresa ou entidade, pública ou privada, executora do proxecto.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-000574)

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a abandonar a súa política de unilateralidade, exclusión dos axentes sociais relevantes, falta de transparencia e escurantismo respecto dos traballos do noso país para definir as liñas prioritarias para optar aos fondos europeos arbitrados para dar resposta á Covid-19. Particularmente, a comprometerse a:

1. Remitir ao Parlamento Galego de forma inmediata, no prazo máximo de 3 días, toda a información referente a planificación de proxectos, notificacións enviadas a institucións europeas e estatais así como as correspondentes cos anuncios do Presidente da Xunta de Galiza en sucesivas notas de prensa.
2. Rexeitar a centralización de fondos e reclamar do goberno central a xestión directa dos fondos de Galiza e respecto ás competencias propias afectadas, así como a negociación en común coas comunidades dos criterios de reparto.
3. Constituír unha ponencia para elaborar unha proposta de consenso para ser defendida mediante negociacións bilaterais por parte da Xunta de Galiza ante o Estado de cara á negociación da distribución dos 140.000 millóns de euros procedentes da Unión Europea e valorar defender diante do goberno central que na distribución dos fondos do MRR se teñan en conta os seguintes criterios:
 - 3.1) A inversa do PIB per cápita. O peso deste indicador debe ser superior ao da poboación co obxectivo de evitar a concentración dos fondos nos territorios con máis habitantes.



3.2) *A situación demográfica . Como indicadores dos desequilibrios territoriais tamén deben terse en conta: a) A evolución da poboación primando aqueles territorios con peor comportamento e b) O peso da poboación moza primando aqueles territorios nos que este é menor.*

3.3) *O criterio da taxa de desemprego debe ser complementado coa utilización da taxa de actividade.*

3.4) *A inversa da produtividade do traballo como un indicador do grado de fortaleza e resiliencia do tecido produtivo de forma que a distribución dos fondos contribúan á cohesión económica de Galiza.*

3.5) *O peso do territorio rural.*

3.6) *A dispersión poboacional, para ter en conta o maior custo da prestación de servizos públicos que supón a dispersión.*

3.7) *O avellentamento da poboación.*

3.8) *A perda de emprego polo peche de centrais térmicas como consecuencia da necesaria transición enerxética.*

3.9) *A baixa taxa de reposición no persoal sanitario.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Hoxe volvemos traer dende o Grupo Parlamentario Popular a esta Cámara unha iniciativa nun tema que consideramos fundamental para o futuro de Galicia. Os fondos europeos *Next Generation* serán un impulso indispensable para reactivar as economías de todos os países membros, moi debilitadas logo desta pandemia que estamos a vivir. Son 750.000 millóns de euros repartidos entre os Estados membros, dos que lle corresponderán a España 140.000 millóns de euros. Estes fondos son tamén unha gran oportunidade de futuro, porque esta crise só veu adiantar uns anos, ou quizais unhas décadas, a necesidade de transformación da nosa economía. Temos que pensalo neste momento como a oportunidade que necesitamos para transformar o sistema produtivo de Galicia, para modernizar o sistema produtivo de Galicia, para apostar por unha economía máis verde, por unha economía tamén máis dixital e consolidar un modelo para as próximas décadas. Por iso é máis importante ca nunca que se garanta que Galicia reciba os fondos europeos que necesita para poder facelo.

Señorías, a nosa iniciativa defende uns criterios de repartición claros deses fondos europeos marcados pola transparencia e pola obxectividade. Defende uns criterios baseados en tres principios: en primeiro lugar, o principio de subsidiariedade e cogobernanza, e apostar por que as comunidades autónomas participen na definición dos criterios de repartición —como ocorre, ademais, na maioría dos países que conforman a Unión Europea—; en segundo lugar, o principio de concorrencia competitiva, que disipe calquera risco de discrecionalidade ou



arbitrariedade na repartición deses fondos establecendo uns criterios serios, criterios transparentes, criterios obxectivos e obxectivables; e, en terceiro lugar, o principio de cohesión social e cohesión territorial, porque debemos compaxinar esa concorrencia competitiva cun mapa de axudas coherente coa realidade dos diferentes territorios, de maneira que a distribución teña en conta factores fundamentais, como son os niveis de renda per cápita, a porcentaxe de poboación que vive no rural, o reto demográfico ou a transición industrial. Non nos podemos permitir unha reactivación económica que agrave aínda máis as diferenzas territoriais que existen no noso país.

Dende o primeiro momento, a Xunta de Galicia entendeu que temos que saír desta crise económica pero que temos que facelo mellor do que estabamos, entendeu que esta crise é unha oportunidade para mellorar e por iso esta repartición de fondos para nós é fundamental. Esta repartición de fondos vai ser determinante. Non podemos resignarnos unicamente a salvar o modelo produtivo que xa existe, senón que temos a oportunidade de traballar polo modelo da nosa economía de mañá, da economía que está por vir.

Con este obxectivo o Goberno galego creou un comité de expertos económicos no mes de maio, antes ca ninguén. Cando ninguén estaba pensando nisto, a Xunta de Galicia constituíu este comité de expertos económicos cunha dobre tarefa: a reactivación e o impulso da nosa economía, debilitada durante estes meses de pandemia, e a súa transformación paulatina cunha aposta decidida, cunha aposta de futuro.

Nesta liña, o Goberno galego presentou unha serie de proxectos tractores —pactados con esta comisión de expertos—, proxectos viables, proxectos tractores, proxectos capaces de tirar doutros proxectos; proxectos cunha demanda real, proxectos con futuro que, grazas a estes fondos, se poden converter antes en realidade, nun horizonte, dende logo, máis cercano. Son proxectos que teñen moito que ver con Galicia e co obxectivo de mobilizar investimento, innovación e emprego.

Como saben, estes primeiros proxectos tractores foron a aposta por unha planta de hidróxeno, que produciría 50 megavatios de enerxía verde; un centro de valorización de residuos para transformalos en biogás e fertilizante —economía circular—; e un centro de fabricación de fibras téxtiles naturais procedentes da madeira. E xunto a estes virán outros proxectos máis, son os proxectos tractores dese paquete global de 108 proxectos presentados xa ante o Goberno de España.

Nós cremos que este é o camiño cara ao futuro, un futuro que será —esteamos preparados ou non— máis verde e máis dixital. Ese é o camiño e esta é a liña de traballo que se marcou a Xunta de Galicia ao longo dos últimos meses: a modernización do tecido produtivo a través da transición dixital, a mobilidade eficiente e a transición ecolóxica, a cohesión social e a cohesión territorial, e a administración dinámica e eficiente. É unha liña de traballo, señorías, que vén marcando a Unión Europea e constitúe o gran obxectivo transversal que buscan os fondos *Next Generation*.

A propia Comisión Europea definiu o obxectivo destes fondos, deste programa, que é cubrir as necesidades de investimento derivadas da transición ecolóxica dixital e dos desafíos eco-



nómicos e sociais máis importantes derivados desta crise, como son o emprego, a I+D+i, a educación, a saúde e o sector financeiro. E nesta liña enmárcanse eses 108 proxectos presentados pola Xunta de Galicia, que se estima que poden mobilizar máis de 9.500 millóns de euros.

Esta é a aposta de futuro de Galicia. Porque, señorías, o estado de alarma e toda a situación excepcional que estivemos a vivir ao longo das últimas semanas, ao longo xa dos últimos meses, non pode ser a escusa para que o Goberno socialista acabe co presente e tamén co futuro da economía galega. Por un lado queren acabar con todo o que xa estaba consolidado, e vivimos ao longo dos últimos meses ataques clarísimos á industria do noso país. Vivímolo coa industria electrointensiva, da que agora non falamos; vivímolo tamén co peche precipitado das centrais térmicas galegas —un peche que precipitou o propio Goberno socialista—; e, por outro lado, temos a sensación de que este mesmo goberno quere quitarnos a posibilidade de construír un futuro a través destes fondos, a través da transición cara a unha economía máis verde e dixital que representan estes fondos, que quere repartir de forma opaca e sen contar con ninguén.

Para nós o debate hoxe non é se Pablo Iglesias vai formar parte desa comisión que vai distribuír os fondos. Ese non é o debate, o debate é se esa comisión vai ser unha comisión técnica e non política. Porque, se é unha comisión política, todo nos fai aventurar decisións políticas que, sempre que as adopta este goberno, o Goberno socialista, acaban prexudicando a nosa comunidade.

E remato xa apelando, a través desta iniciativa, a un gran acordo de país. Necesitamos un gran acordo de país arredor deste tema. Nós cremos que é fundamental un acordo de país que permita achegar cunha voz única, cunha voz forte, ao Goberno de España, ao Goberno socialista, que Galicia non vai renunciar ao que lle corresponde; unha voz que reclame que esa territorialización destes fondos europeos debe ter en conta, en primeiro lugar, os propios territorios aos que se dirixen os fondos e, polo tanto, non os pode decidir un comité político formado polo presidente Sánchez cos seus supostos expertos —ningún técnico, todos políticos, todos socialistas—, e, agora si, con Pablo Iglesias. Iso non é o que nós preocupa. O que nos preocupa non é que estea ou non Pablo Iglesias. O verdadeiramente importante é que esa comisión sexa unha comisión técnica e distribúa os fondos con transparencia e obxectividade.

Necesitamos un gran acordo arredor da repartición destes fondos europeos para que a Galicia non lle quiten o que a Galicia lle corresponde. Estamos ante unha oportunidade para construír un futuro sen renunciar ao presente, e que ninguén pense que apostamos por unha economía verde e dixital e a cambio renunciámos á industria electrointensiva e renunciámos ás térmicas. Non, non, hai que compatibilizalo todo. O que xa existe imos seguir defendéndoo, pero apostando tamén por ese futuro —que, se o Goberno socialista non castiga a Galicia, pode ser máis cercano—.

Dende logo, presentamos esta iniciativa para lanzar unha mensaxe clara ao Goberno de España, unha voz única, a deste Parlamento de Galicia, que reclame nada máis e nada menos que o que a Galicia lle corresponde. Unidade, esa é a nosa proposta, defender dende Galicia



os intereses de Galicia. Nós cremos que esa é a obriga dos setenta e cinco deputados que conformamos esta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Tellado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Señor presidente.

Bo día a todos e a todas, deputados e deputadas.

Efectivamente, este é un debate repetido. Xa hai quince días neste Pleno, por iniciativa do BNG, se debateu a posición arredor destes fondos multimillonarios.

E, efectivamente, señor Tellado, eu agradézolle o ton hoxe da súa intervención —polo menos na primeira intervención—. Eu creo que coincido con vostede, coincidimos todos. Hai que ter unha posición de país neste asunto tan importante, unha posición de país que evidentemente exige tamén que os grupos políticos coñezamos que é o que está facendo a Xunta de Galicia en relación con esta cuestión.

Evidentemente, a posición política da Unión Europea cambiou en canto á resposta que se está dando á actual crise que estamos vivindo a nivel europeo e a nivel estatal. Efectivamente, hai un cambio de posición política baseado fundamentalmente na aplicación de políticas de expansión do gasto público, políticas que nada teñen que ver coas políticas de axuste fiscal e de contracción do gasto que levaron ao afogamento de moitos países nos anos pasados da crise financeira, da crise de débeda —tamén aquí en España cunha crise inmobiliaria—. E nese sentido, evidentemente, a primeira cuestión que temos que dicir neste tema é que estamos satisfeitos da resposta que se está dando dende as institucións europeas, malia que neste momento haxa países que están intentando bloquear a aprobación destes fondos, países que teñen algún tic que non é homologable neste momento no contexto da Unión Europea. Eu espero que ese tipo de vetos se superen e loxicamente estes fondos se poñan en funcionamento.

Os fondos, efectivamente, son multimillonarios, con 140.000 millóns para España —citábovos vostede—, dos que 70.000 millóns son de execución rápida, de execución nos anos 2021 e 2022, e que ademais son subvencións a fondo perdido. Loxicamente hai outra liña de subvencións —de 70.000— que probablemente teñan que ser préstamos e que, polo tanto, haxa que devolver, como é lóxico e evidente.

Estes fondos son multimillonarios pero teñen unha complexidade, que é a súa execución. E nós temos experiencia no conxunto do Estado español, e tamén en Galicia, da dificultade de executar os fondos europeos, da dificultade colosal que implica mobilizar 140.000 millóns de euros neste contexto.



Efectivamente, os fondos están deseñados con obxectivos determinados. Ademais de fortalecer a economía nos países neste momento de pandemia, trátase de orientar tamén a economía de cara ao futuro, cara á transición ecolóxica, cara á transformación dixital, cara á modernización da Administración pública, cara á cohesión territorial, á cohesión social, ao apoio ás pemes e tamén aos autónomos. E é verdade que estes obxectivos coinciden tamén cos obxectivos que defende Nacións Unidas en canto ao obxectivo de desenvolvemento sostible e en relación co cambio climático. E é verdade que, en fin, a posición do Estado español en relación con estes fondos eu creo que é positiva. Acadouose un compromiso de investimento, a través destes fondos, de 140.000 millóns, o cal a nós nos satisfai, porque implica que o Goberno español tamén ten unha posición forte neste momento na Comisión Europea.

Pero temos que saber que este tipo de fondos se adxudican en función do impacto da pandemia no conxunto dos países e que non establecen criterios de repartición territorial, aínda que é verdade que no ámbito interno se lles deixa aos países definir os criterios respecto da repartición destes fondos; criterios que loxicamente teñen que ir orientados ás políticas que marca neste caso o acordo —xa pechado— entre o Consello da Unión e o propio Parlamento Europeo. É un primeiro paso, porque falta neste momento a elaboración do regulamento de xestión dos fondos e, polo tanto, temos que coñecer como se van xestionar estes fondos. E ese regulamento aínda non está aprobado.

E tamén hai que aprobar aínda o orzamento da Unión Europea. Polo tanto, estamos na primeira fase da tramitación da execución destes fondos europeos. Fondos dos que, efectivamente, o Estado español xa ten consignada no orzamento a posibilidade de executar 27.000 millóns de euros mesmamente sen estar aprobados os fondos. E mesmamente a Xunta de Galicia tamén ten consignados no seu orzamento 430 millóns de euros para esta cuestión, derivada tamén dos fondos europeos. E, polo tanto, coincidimos na necesidade de acertar na priorización da execución destes fondos e defendemos que haxa unha posición de país. E aí, señor Tellado, concordamos con vostede e co Grupo Popular nesta iniciativa.

Creo que hai que definir unha posición de país, unha posición de país que pase polo diálogo social, evidentemente, polo diálogo cos axentes económicos, pero tamén polo diálogo cos axentes políticos, cos representantes da cidadanía, cos grupos políticos deste Parlamento. Non pode ser que hoxe o Parlamento de Galicia —e eu non digo que teña que ser público este debate— non coñeza os 108 proxectos dos que vostede fala. Eu creo que é necesario que a Cámara, os partidos políticos, os grupos parlamentarios representados nesta Cámara, coñezamos eses proxectos; aínda que sexa, é verdade, con cláusula de confidencialidade ou como vostede queira. Isto díxose —e ademais non é cousa miña— na Comisión de Reactivación Económica. Expertos que alí comparecen así o teñen manifestado.

Polo demais, eu creo que é necesario o consenso —tamén se dixo na Comisión de Reactivación polo propio Consello Económico e Social— en relación con estes fondos. Son importantísimos, son vitais, tendo en conta a dificultade da súa execución e tendo en conta a magnitude colosal que implica mobilizar eses fondos, non nos equivoquemos. Se collemos os fondos de I+D+i do ano 2014 ao ano 2018, dámonos conta de que en Galicia se executou o 25 % deses fondos. Polo tanto, en fin, eu creo que é importante definir a posición de país,



é importante definir os proxectos que teñen que ser capaces de asumir eses fondos e é necesario que se faga de xeito áxil, de xeito rápido.

E, por outra banda, entendo que as comunidades autónomas, evidentemente, teñen que participar nisto. Na Conferencia de Presidentes, na que estivo o señor Feijóo e asistiron todos os presidentes autonómicos, mesmo a comisaria Von der Leyen, acordouse a constitución dunha conferencia sectorial de fondos na que as comunidades autónomas teñen que xestionar, ou van xestionar, o 50 % destes fondos. É un réxime de cogobernanza que nós asumimos e que ademais está asumido neste sentido. Polo tanto, nós compartimos tamén esa idea.

A nosa iniciativa, señor Tellado, a nosa emenda, vai por aí. Tampouco cambiamos demasiado. Vostede xa a coñece: fixar unha posición de país —eu creo que coincidimos con vostede—, e ademais fixar esa posición de país articulada arredor dunha ponencia neste Parlamento, coa confidencialidade que sexa necesaria e tamén co coñecemento dos proxectos que a Xunta de Galicia está tramitando. Nós, evidentemente, temos coñecemento polos medios de comunicación deses catro proxectos, dun resumo do que implican eses catro proxectos. Non temos coñecemento do impacto real que teñen na economía, do impacto real que teñen no emprego. Non temos coñecemento tampouco da calidade deses proxectos e, polo tanto, sería bo que no Parlamento de Galicia tivéssemos coñecemento deses fondos e deses proxectos.

Polo demais, ¿que quere que lle diga, señor Tellado? Esta é a posición que nós mantivemos no último debate, é a posición que mantemos agora. E eu, loxicamente, recollo o seu empenhamento a fixar unha posición de país. O Partido Socialista, desde logo, está de acordo con ese posicionamento. Polo demais, eu entendo que os fondos, pola súa colosal magnitude, evidentemente non os vai distribuír o señor Sánchez. Eu creo que vostede ten aí un mantra co señor Sánchez importante, porque vostede cada vez que sobe a esta tribuna responsabiliza o Goberno socialista e o señor Sánchez de todos os males do mundo mundial. E eu creo que, en fin, tampouco é para tanto. *(Aplausos.)* É dicir, aquí cada un ten o seu papel, ten o seu papel. Eu creo que a posición do Estado español foi ben defendida no conxunto da Unión Europea. O 18,66 %, 140.000 millóns, van ser executados hipoteticamente polo Estado español. Polo tanto, nós aí estamos satisfeitos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Eu síntoo moito pero non vou comezar a miña intervención agradecéndolle o ton ao señor Tellado; primeiro, porque ter un mínimo de educación e respecto polos grupos da oposición debería ser a norma e non a excepción e, segundo, porque ademais estou convencida de que



veu aquí cun ton envelenado, señor Tellado, porque non cremos nin unha soa das apelacións ao consenso que vostede fixo. E non as cremos pola realidade e a experiencia destes meses. Estou segura de que na réplica, cando estea vostede menos contido, tamén teremos máis confirmación.

E, mire, dígolle con toda a sinceridade que, se tivéssemos que traducir e resumir brevemente o contido da súa intervención, sería que hai que ter a cara de formigón armado, porque é indigno que o Partido Popular, que lle falta ao respecto a este Parlamento respecto das cuestións dos fondos europeos, teña a cara dura —e, efectivamente, se non lle gusta que llo diga, pois mala noticia, e voulo repetir: a cara dura— de coller e dicir que volven traer unha iniciativa sobre a cuestión dos fondos europeos. Di que volven traer, como se tivéssemos aquí intensísimos debates respecto dos fondos europeos grazas ao Partido Popular e non grazas a que o Bloque Nacionalista Galego trouxo unha e outra vez este tema para poñelo enriba da mesa porque é fundamental para este país, señor Tellado (*Aplausos.*)

Mentres, vostedes facían dúas cousas: unha era mirar para outro lado e outra era bloquear que este Parlamento, que é a sede da soberanía do pobo galego, tivese información, tivese algún tipo de debate. E agora veñen falando de acordo de país. A verdade é que é difícil de escoitar sen que a unha lle entre dor de cabeza, señor Tellado.

E, mire, estamos nun momento excepcional, cunha crise sanitaria que produce unha crise social e económica sen precedentes. E vostedes, en lugar de aproveitar os instrumentos que hai neste país para poder ter unha posición forte, decidiron facer outra cousa. Levan meses bloqueando que haxa un debate democrático respectuoso dos fondos europeos. E parece que, por riba, teñen máis que dicir.

Miren, vostedes presentan esta proposición non de lei porque lles toca facer que fan, porque xa chega un punto en que hai tal debate, tal grao de evidencia respecto de que cos fondos europeos vostedes teñen unha axenda oculta da que ninguén sabe nada, que teñen que facer algo por disimular. E, claro, estou convencida de que xa a vostedes mesmos, a moitas deputadas e deputados do Partido Popular, lles dá vergonza o ninguneo do Parlamento galego que están vostedes desenvolvendo nesta materia que é tan importante.

E vou repasar a cronoloxía da infamia, que xa llela teño descrito nalgunha ocasión e da que cada vez hai máis capítulos.

Hai case tres meses, na sesión de investidura, o señor Feijóo falou dos fondos europeos para referirse á preocupación —que nós compartiamos tamén— sobre a baixada dos denominados «fondos tradicionais». Dende entón, cero propostas para evitar que iso acontecera. En todo caso, desde o Bloque Nacionalista Galego, xa nesa sesión, a señora Pontón apostou por un acordo de país real; non como o que fai vostede, que colle o titular pero cunha comparsa que o acompaña, señor Tellado. E vostedes non colleron o guante, preguntouse en preguntas ao presidente por esta cuestión, e vostedes só responderon con desprezo e con unilateralidade.

Despois diso, nós seguimos insistindo. E o 6 de outubro presentamos neste Parlamento a proposta de que houbera unha ponencia específica, de todos e de todas, para abordar esta



cuestión e para falar de algo tan elemental como dos criterios obxectivos, dos proxectos estratéxicos ou, por exemplo, de cal ía ser a relación co Estado español e co Goberno central. E agora vemos que, efectivamente, o que o BNG advertía sobre a recentralización desta cuestión é o que temos nestes titulares: «*Sánchez impulsa una revolución administrativa y centraliza el control de los 140.000 millones europeos*». É dicir, a Xunta non fixo valer o seu papel, non escoitou as advertencias deste grupo de que isto ía acontecer e cada vez están chegando vostedes máis tarde, señor Tellado.

A partir de aí, vostedes, en lugar de facer o seu traballo, en lugar de negociar co Goberno central, ao que se limitaron foi a estar coa súa verborrea de publicidade. Cada semana tiñan unha cifra diferente: o 8 de outubro ían crear 1.700 empregos a través dun investimento de 1.300 millóns; oito días despois xa estabamos en 3.200 millóns e a creación de 18.000 empregos con sete proxectos; o 22 de outubro xa íamos en 108 proxectos. Repítolle o que lle dixen hai quince días: cada vez que os escoitamos parece que poderían acompañar os informativos da CRTVG cunha imaxe de Pato Donald coa máquina de xerar billetes, porque, desde logo, non é seria esta cuestión, señor Tellado.

E ¿que fai a Xunta de Galiza? Pois crearon vostedes unha comisión, que é o Consello da Xunta cun *plotter* por detrás que pon *Next Generation*, e agora veñen aquí cun discurso lastimero de que esta non é unha cuestión política senón técnica pero ao mesmo tempo criticando que o señor Sánchez diga iso. E é que, miren, están facendo vostedes exactamente o mesmo que o señor Sánchez, que é pretender disfrazar un debate político e estratéxico sobre as liñas e as decisións que hai que tomar de algo técnico e inocuo. Están facendo exactamente o mesmo procedemento. E a nós non nos parece que iso sexa adecuado. E vostede, que é de Ferrol, sabe perfectamente como lle vai a este país cando as decisións sobre os nosos sectores estratéxicos dependen exclusivamente de Madrid. E, polo tanto, nós non compramos este marco.

Despois vostedes intentaron vendernos a milonga de que a Comisión de Reactivación do Parlamento tería un papel na cuestión dos fondos europeos —que estamos vendo que non ten consignado ningún papel respecto desta cuestión—. Pero afortunadamente está servindo para moitas cuestións esta comisión, e non lle quero quitar valor, pero non para algo realmente transparente coa realidade destas cuestións. E o que estamos dicindo desde a oposición non é ningunha tolemia, porque nesa comisión están indo persoas expertas que amosan como vostedes teñen unha práctica de escurantismo nesta cuestión. Xa non só porque fose comparecer o señor Conde e o señor Corgos e non dixeran absolutamente unha coma diferente das notas de prensa da Xunta de Galiza, senón porque aí vimos expertos como o señor Lago, que cuestionou que este Parlamento ten que ter un papel na cuestión dos fondos europeos e mesmo fixo referencia a informes dos comités de expertos que nós non coñecemos, porque non foron remitidos. Vimos tamén recentemente, nestes últimos quince días de novidades, como viñan os tres reitores, ¡os tres reitores das tres universidades galegas dos sete campus do noso país! —que teñen centros de innovación e que algo terán que opinar sobre as potencialidades deste país—, a dicir que non saben nada do asunto. Vostedes non queren que o Parlamento teña un papel, pero non queren tampouco que o sistema universitario galego teña un papel. Non sabemos, se existise xa esa universidade privada de Abanca, se entón si tería que ter un papel nesta cuestión.



En todo caso, vimos tamén máis cuestións neste Parlamento. Vostedes apelan ao consenso, ao diálogo, ao diálogo social. Miren, o instrumento de diálogo social neste país é o Consello Económico e Social. É por lei, ¡por lei! E o Consello Económico e Social deixou en evidencia, coa comparecencia do señor Hernández nesta Cámara, que non ten tampouco ningún papel máis que referenciar algunha cuestión xenérica. É absolutamente lamentable que isto sexa así.

Son vostedes uns soberbios, e non hai peor mostra da ignorancia que a soberbia. E a mala noticia é que gobernan este país e que parecen decididos a que exclusivamente a súa folla de ruta privada e a súa axenda oculta cos sectores empresariais —que non sabemos cales son— pois sexa a que se defina. E desde logo non nos parece que sexa a forma máis democrática de tratar esta cuestión pero tampouco a máis intelixente.

E, fronte a iso, nós levamos desde o minuto cero facendo propostas construtivas. Propuxemos foros de debate neste Parlamento, e dixeron que non. Propuxemos que houboese algunha comisión mixta na que o propio Parlamento tivese un papel pero estivesen tamén universidades, centros investigadores, CES, forzas sindicais, sociais, etc., e dixeron que non tamén. Propuxemos criterios obxectivos incuestionables diante dos que debería haber unanimidade política, como ter en conta o peso da demografía ou ter en conta factores como o peche das térmicas, e dixeron que non tamén, aplicaron o rodillo. Pedimos documentación e non a envián. É que, desde logo, eu convídoos a que se miren no espello, porque non hai forma de que pasen o exame dunha actitude minimamente dialogante como para que veñan despois aquí disfrazados de cordeiros a pedirnos algún tipo de diálogo. Se queren diálogo, vano ter. Pero o diálogo non é presentar unha proposición non de lei co contido dunha emenda para disimular que fan algo mentres toman as propostas da oposición. Non é a forma de dialogar apelar ao consenso pero que o único consenso posible sexa aplaudirles coas orellas. Desde logo, aí non nos terán nunha cuestión tan importante como é o debate dos fondos europeos, porque non vai ser indiferente para Galiza o papel que consiga ter aí e porque, detrás dese debate, hai non só unha pugna pola cantidade, senón que hai un debate estratéxico sobre os proxectos que si, os proxectos que non, o modelo de país que si e o modelo de país que non.

E, desde logo, evidentemente cadaquén temos a nosa aspiración de modelo de país e teremos diferenzas, e nós cremos tamén, con sinceridade, que habería marxe para o consenso. Pero, desde logo, o consenso non está nesta iniciativa parcial, superficial e que non agocha detrás nin a máis mínima vontade de consenso.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E nós iso non llelo imos consentir.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Tellado.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Señora Presas, vostede confunde a vehemencia coa que cada un pode defender as súas ideas coa mala educación. E eu, dende logo, despois de chamarnos caraduras, de acusarnos de contar milongas e de que somos soberbios, o que lle podo dicir é que en mala educación hoxe non lle vou gañar. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Mire, eu creo que a súa actitude, a súa actitude defensiva no debate desta iniciativa tan importante, o que agocha é a mala conciencia, a mala conciencia nacionalista, porque vostedes son os que fixeron presidente a Pedro Sánchez. E Pedro Sánchez é o que vai castigar a Galicia coa repartición destes fondos. Polo tanto, aplíquense o conto sobre a cota de responsabilidade que Ana e Adriana teñen sobre a repartición de fondos que estou seguro de que vai castigar a Galicia. *(Murmurios.)* Mire, na súa intervención falla no máis básico. O que tiña a máquina de facer billetes non era Pato Donald, era Tío Gilito. Empezando así, ¿que lle podo dicir?

Mire, vostedes defenden un goberno que quere aplicar criterios de discrecionalidade política pura e dura, que en vez de constituír un comité técnico —como fixeron o resto de países de Europa— constitúe un comité político. E onte o debate era se nese comité tiña que estar ou non Pablo Iglesias. E ¿que dicía o Bloque Nacionalista Galego? ¡Nada!, calaban, porque vostedes son cómplices do Goberno Socialista. E iso vainos perseguir durante os próximos catro anos. Conte con iso. *(Aplausos.)*

Mire, na súa iniciativa vostedes fan complexo o que debe ser máis sinxelo, a súa emenda é confusa, mezclan criterios —algúns contraditorios—, criterios habituais na repartición de fondos de cohesión, criterios habituais do financiamento autonómico, outros que inventan vostedes... Son criterios contraditorios. A súa emenda —sinto dicirillo— non hai por onde collela.

Mire, claro que hai motivos para desconfiar do goberno de Pedro Sánchez, moitos. O BNG acaba de vivilo en carne propia. Mire, cando o seu voto era necesario para investir a Pedro Sánchez firmaron aquel paripé de Ana e Adriana, ese acordo que ía resolver os problemas de Galicia durante as próximas décadas, o acordo de Ana e Adriana. Vinte anos de experiencia política na Cámara galega, ¿para que? Para facer presidente a Pedro Sánchez. ¡Noraboa, señora Pontón! E, agora que xa non os necesitan, ningunean as súas peticións e o seu portavoz en cada sesión de control. ¡Alá vostedes se se deixaron enganar!, porque eu creo que ese pacto de Ana e Adriana en realidade non pensaba en Galicia, pensaba en como manter a señora Goretti Sanmartín como vicepresidenta na deputación, o vicecalde no Concello de Lugo e eses gobernos que comparten co Partido Socialista. Esa é a súa hipoteca, esa é a mochila que leva a señora Ana Pontón ás súas costas.

Mire, desconfiamos nós e desconfía todo o mundo. *(Murmurios.)* Sánchez elimina controis para gastar 700.000 millóns de euros nos próximos tres anos, esa é a realidade. *(Murmurios.)* Señor Rivera, eu creo que actúan, unha vez máis, como embaixadores de Pedro Sánchez en Galicia, como xa lles reiterei no último pleno, e esa é a realidade.



Os proxectos están na Moncloa, ¿por que a Moncloa non os fai públicos? Pois por defender o dereito de propiedade industrial, o dereito de propiedade intelectual. Acusen vostedes o Goberno Socialista de facer o mesmo que fai a Xunta, que é protexer 108 proxectos industriais para a nosa comunidade. Piden vostedes o consenso que o seu goberno non lles ofrece ás comunidades autónomas. É ben curiosa a postura que manteñen.

Mire, o Partido Socialista do señor Gonzalo Caballero xa non engana a ninguén, esa é a realidade. Vostedes sempre actúan igual, como lacaios de Sánchez en Galicia. Por certo, estes días assistimos ademais a un comportamento errático respecto dos orzamentos, dos orzamentos xerais do Estado e dos orzamentos de Galicia. Primeiro alaban os orzamentos xerais do Estado, que baixan o investimento en Galicia a mínimos históricos, e despois critican os orzamentos da Xunta de Galicia, que soben extraordinariamente o seu investimento. Critican as subidas de orzamentos e aplauden as baixadas de orzamentos, esa é a coherencia do PSdeG-PSOE que encabeza o señor Gonzalo Caballero. (*Aplausos.*) Eu teño a sensación de que neste grupo parlamentario non viron aquel capítulo de *Barrio Sésamo* que distinguía entre subir e baixar. Critican un orzamento que sobe un 14 % e aplauden un orzamento que baixa un 11 %. Iso é o que lle preocupa Galicia ao PSdeG-PSOE, iso é o que lle preocupa. Unha de dúas, señor Caballero, ou vostede non é tan brillante economista como pretende ser —como di ser— ou tómallo o pelo a todos os galegos. Eu creo que son as dúas cousas ao mesmo tempo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Miren, divididos non imos a ningunha parte. A nós gustaríanos que nesta Cámara houbera un consenso esencial. ¿Para que? Para defender Galicia. Abandonen a defensa dos seus partidos e súmense aos que levamos meses defendendo Galicia dende o mes de maio, cando constituímos un comité de expertos do que vostedes se ríen e que ridiculizan nesta Cámara. Non respectan vostedes a ninguén. ¿Saben o que ocorre? Que, por facerlle oposición ao goberno de Feijóo, a quen lle fan oposición tanto o BNG como o Partido Socialista é a Galicia. ¡Alá vostedes!

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta as emendas? (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*)

¿Non?

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Rematamos os debates das proposicións non de lei. Eu penso que toquei o timbre tres veces. Agora teño dúbidas, a verdade... Non sei, penso que si. Tres veces, ¿non?, ¿Toqueino tres veces? ¡Vale, perfecto!

Entón votamos as proposicións non de lei.



Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil.

Non se presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María del Carmen Rodríguez Dacosta e tres deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque de emprego xuvenil.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia innova 2020.

Acéptanse as dúas emendas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Gallego, ¿acepta vostede a votación por puntos? *(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)* Si.

Entón, ¿que puntos quere separar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿O 1 e o 2? *(Asentimento.)*

Votamos, en primeiro lugar, os puntos número 1 e número 2.

Votación dos puntos número 1 e número 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia innova 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos desta proposición non de lei.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, agás os puntos número 1 e número 2, xa votados, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun novo plan de I+D+i, así como a actuación que debe levar a cabo respecto do grao de execución do Plan Galicia innova 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto coa excepción dos puntos 1 e 2.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia.

Non se presentaron emendas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Solicítase unha votación por puntos.)

Votamos entón, en primeiro lugar, os puntos 1 e 3.

Votación dos puntos número 1 e número 3 da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos desta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 2.

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto número 2 desta proposición.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a seguinte proposición non de lei, que é do Grupo Parlamentario Popular e por iniciativa de dona Paula Prado del Río.

Hai unha transacción á que chegaron todos os grupos. Entendo que son todos os grupos e que a coñecerán todos. Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo para evitar a desprotección e apoiar as persoas menores orfas por violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19.

Hai tamén unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Bloque Nacionalista Galego... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Dos tres grupos? Entón é coñecida esta transacción.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

¿Si, señora Prado? *(Pausa.)*

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas.

Queremos pedir a votación por separado dos puntos 1 e 2.

O señor PRESIDENTE: Piden a votación por separado dos puntos 1 e 2. ¿Acéptase? *(Asentimento.)*

Entón, votamos, en primeiro lugar, os puntos 1 e 2.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos desta proposición non de lei.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 1 e 2, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para combater a violencia de xénero e prestar atención psicolóxica ás vítimas no contexto xerado pola covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei, agás os puntos 1 e 2.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado. Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento dun sistema de distribución dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E agora vou dar lectura a unha declaración institucional. *(Pausa.)*

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: A declaración di así:

«O Parlamento de Galicia, con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora o día 25 de novembro, reitera, máis un ano, a súa firme



condena de calquera expresión de violencia contra as mulleres e de todas e cada unha das súas manifestacións. De igual modo, manifestamos todo o noso apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas e aos seus familiares.

Xa na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres, en Beijing, en 1995, se recoñeceu que a violencia exercida contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos, que impide que as mulleres gocen dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais.

Tal como expresa a ONU, ‘a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica’. Este ano, ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial que nos arrasa e que, se afecta as mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural en que se encontran, é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

A súa erradicación e eliminación é un mandato normativo derivado dos tratados internacionais das Nacións Unidas e a Unión Europea, ratificados polo Estado español, polo que debe de ser tratada con máxima prioridade nas axendas das distintas administracións públicas como garante dos dereitos das mulleres.

Galicia conta dende 2007 cunha Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, aprobada por unanimidade neste Parlamento. É unha lei avanzada e en liña coas recomendacións internacionais recollidas, entre outros instrumentos, no Convenio de Istambul.

Esta Lei 11/2007 representou unha enorme mudanza, ao ampliar a definición de violencia machista e incluír como tal calquera acto violento ou agresión —tamén sexual—, tanto se ocorre no ámbito público como no familiar ou privado.

Con posterioridade, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, validado por unanimidade, tamén supuxo un claro avance ao lograr unir todas as forzas políticas e institucionais do Estado para mellorar a situación das mulleres vítimas e para loitar contra unha situación indigna para calquera sociedade, establecendo estratexias de sensibilización e prevención, atención, asesoramento, acompañamento e protección, sempre desde perspectivas integrais en todos os ámbitos, tales como o laboral, o educativo, o sanitario, o xurídico, o policial e o social.

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade; unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución de competencias en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica multitude de axentes.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer as vítimas non é unha opción,



é unha obriga. A violencia machista interpélanos a todos e as administracións públicas debemos de combatela con todos os medios ao noso alcance.

Así, o Parlamento de Galicia leva anos traballando arreo para conseguir cambios nas políticas públicas e no eido lexislativo, co fin de acadar algún día a plena igualdade e, en consecuencia, a eliminación de calquera forma de violencia contra as mulleres, que é a manifestación máis desprezable da desigualdade entre homes e mulleres. Por tanto, comprometémonos a continuar traballando en medidas de prevención, información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas de violencia machista e ás súas fillas e fillos.

Unha sociedade democrática non pode tolerar que as mulleres sexan discriminadas e sexan vítimas do machismo, da desigualdade e da violencia; unha das principais causas de vulneración dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, situacións totalmente inadmisibles nun Estado democrático e de dereito.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020.>> *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Continuamos coa orde día, neste caso xa co punto 5º, interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas. *(Murmurios.)*

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, quizais podiamos trasladar as conversas a outra sala para poder continuar coa apertada orde do día.

Bo día a todos e a todas. Bo día, conselleira.

Hoxe con esta interpelación por parte do Bloque Nacionalista Galego queremos poñer o foco nunha cuestión que nos parece fundamental e que nos parece que non está suficientemente atendida por parte da Xunta de Galiza, que é no impacto que ten na economía galega a consolidación da pobreza e da exclusión social e o seu agravamento co impacto da crise da covid-19. Porque a pobreza é, sobre todo e antes de nada, un problema de dereitos humanos, pero é tamén un problema económico ou, mellor dito, é a consecuencia dun sistema económico que alimenta a desigualdade no lugar de combatela; polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego aspiramos a intervir nel e a mudalo. Neste contexto de cambio, pensamos tamén que temos oportunidades para facer cambios e para abordar a situación de pobreza de moitas persoas dunha maneira máis profunda e máis integral.

Con frecuencia é certo que se fala demasiado da pobreza desde o punto de vista asistencial, e nós hoxe queremos abrir o foco, porque a asistencia e o aumento dos índices de pobreza son un problema colectivo, non individual, e van máis alá diso.



A semana pasada, precisamente no marco da Comisión de Reactivación, comparecía a señora Eloína Injerto en nome da Rede galega contra a pobreza, e insistía en que a vida das persoas non se organiza en consellarías. Apuntaba con pesar como en moitas ocasións as organizacións e as persoas sentimos —dicía ela— «que se quere confinar a pobreza na Consellaría de Política Social ou nos departamentos de servizos sociais». E nós pensamos que ten toda a razón, que a pobreza é poliédrica, e por iso hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego queremos poñer o acento nun denominador común canto ás causas da pobreza, que é o factor e o ámbito económico. Vén vostede respondernos, *(A señora Presas Bergantiños diríxese á conselleira de Política Social.)* a nós parécenos ben; o Goberno é solidario e cremos que, ademais, vostede é consciente dese carácter poliédrico da abordaxe da pobreza, pero, en todo caso, quería facer fincapé en que para nós é moi importante que se conciba tamén como un problema desde o ámbito económico e que é desde o ámbito económico desde onde máis solucións podemos arbitrar con máis e mellor investimento, con seguimento das políticas públicas e tamén con criterios xustos para a redistribución dos recursos.

Señor presidente, non funciona o tempo, non sei se podería poñelo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non lle dei.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¡Ah!, moi ben. Podemos empezar de cero, se quere. *(Risos.)*

Desculpen a interrupción, pero comprenderán que nun tema con tantas vertentes, se non temos orientación do tempo, podería estar aquí horas e horas.

Ben, como apuntaba, hoxe na Galiza da covid 2020, nós entendemos que temos que ir a un debate profundo sobre esta cuestión porque temos na nosa man a oportunidade de cambiar moitas cuestións e, sobre todo, porque temos unha responsabilidade, que é actuar para que a crise que vivimos hoxe non teña o mesmo saldo que a crise que vivimos a partir do ano 2008, xa que esa crise foi tamén unha coartada para que moitas cuestións fosen na dirección contraria, e velaí o saldo da última década, que se pode resumir na síntese de que os ricos son máis ricos e os pobres son máis pobres.

De feito, eu quería poñer enriba da mesa un dato do Informe Oxfam que se sacou ao fío do Foro Davos do ano 2019 e que afirmaba que o número de persoas multimillonarias practicamente, a escala mundial, se duplicara; que se duplicara cun nivel, ademais, de riqueza sen precedentes na historia da humanidade e que, en contraposición, a metade da humanidade estaba ao bordo da pobreza extrema.

No 2018, ademais, sinálase como 26 persoas —¡26 persoas!— posuían a nivel internacional a mesma riqueza que a suma dos 3.800 millóns de persoas máis pobres do mundo. Esa é unha realidade mundial, porque vivimos no marco do sistema capitalista, que ten un impacto globalizado.

Pero o certo é que se imos á nosa realidade concreta os datos tampouco son moi alentadores. No marco do Estado español, o 1 % máis rico acumula case 1/4 da riqueza existente. Tamén, se imos ao nivel galego, nós entendemos que hai evidencias de que iso que nos repiten sem-



pre en cada debate orzamentario por parte da Xunta de Galiza dun crecemento san e dunha recuperación desa crise do 2008 en realidade non se corresponde co que se está a vivir na Galiza real. Queremos insistir nisto porque, aínda que o produto interior bruto medra en Galiza desde o ano 2014, nós preguntámonos se iso serviu para erradicar a pobreza. A evidencia é que non. Debemos preguntarnos se serviron as políticas económicas e sociais da Xunta de Galiza para evitar ter unha Galiza máis desigual, e a resposta é claramente que non. E, á luz diso, están os datos que tamén desde a Rede galega contra a pobreza se sintetizaban no último informe, que son que no 2019, antes do impacto do coronavirus, un cuarto da poboación galega, máis de medio millón de persoas, se atopaba en risco de pobreza ou de exclusión social —a denominada taxa Arope— e que, dentro dese cuarto, outro cuarto en pobreza extrema, percibindo cada fogar unifamiliar nesta situación menos de 500 euros ao mes ou menos de 1.050 para dous adultos e dúas crianzas. Unha situación absolutamente alarmante.

En conclusión, temos que evidenciar que nesa crise do 2008 non se recuperaron as clases populares galegas e que esa crise de 2008 tamén debilitou en moitos casos a nosa estrutura económica. Iso ten unha translación á vida das persoas e ten unha translación tamén en materia de fracaso de moitas políticas sociais —e non só sociais— da Xunta de Galiza, que é quen estivo gobernando durante esta última década. Nós entendemos que hai factores estruturais, como un sobrepeso que vai aumentando o peso do sector servizos —ademais, ese sector servizos máis precarizado e sen valor engadido—, e que hai cuestións deste tipo que non son inocuas. Iso, sumado tamén a un marco laboral construído polo Partido Popular e o Partido Socialista, o que ten é unha clave fundamental da situación de pobreza, que estea aumentando novamente, e, ademais, coa crise da covid 19, iso vaise ver multiplicado. É que ter un traballo neste país non significa non estar en situación de pobreza, e a dificultade obxectiva de ter un traballo é un factor de exclusión importantísimo. De feito, esa crise normalizou a figura do traballador ou traballadora pobre.

E xunto co factor traballo, non podemos ignorar tampouco a realidade e a responsabilidade da Xunta de Galiza no factor vivenda. O elevado gasto de vivenda capta a maior parte das rendas e fai que, aínda existindo esas rendas en moitos fogares, non sexa suficiente e que moitas persoas teñan que priorizar o gasto de elementos básicos, como unha boa alimentación, e teñen que pagar unha vivenda, que, ademais, en moitos casos, non é digna nin nada parecido. Xa o informe Foessa alertaba no 2018 da exclusión residencial para o 35 % da poboación, pero tamén para case o 65 % das persoas que estaban en exclusión.

Neste país tampouco podemos ignorar dous factores que hai que acrecentar a esta situación preocupante: un é o efecto da mal denominada «economía informal». Nesta crise estamos vendo a forte preocupación polo sector das e dos pequenos autónomos, pero non podemos ignorar que moitos sectores da nosa economía tamén, desafortunadamente, grazas ao relaxado esforzo da inspección laboral, teñen no seu haber moitas experiencias de persoas que non contaban cun contrato de traballo e que no día de hoxe son invisibles para moitos recursos extraordinarios que estamos habilitando. E tamén, no noso país, non se pode ignorar unha realidade fundamental, que é a fragilidade das persoas maiores de 65 anos. Os datos dinnos que máis de trescentas mil persoas no noso país, 5.000 máis que no 2018 e no ano 2019, reciben unha pensión cuxo importe é inferior ao mínimo considerado para non ser



pobre. Historicamente é unha cuestión que sempre debatemos nesta Cámara: o problema das pensións galegas e o seu diferencial co Estado.

Entendemos que hai máis indicios de preocupación que se, por exemplo, vemos a Enquisa estrutural a fogares do noso país, e xa non falo de coller os datos máis recentes, que son os do terceiro trimestre de 2020, que, obviamente, neste contexto reflicten un aumento dos fogares con dificultades ou moita dificultade para chegar á fin de mes e un descenso dos que chegan con facilidade ou moita facilidade, senón que quero facer fincapé en que, se vemos a serie histórica, o que temos nos últimos anos é unha consolidación de que, trimestre a trimestre, practicamente nalgún caso sobardando a metade da poboación do noso país está en situación de dificultade. Iso é algo que non podemos ignorar porque son persoas susceptibles de, nesta gran crise, ademais, camiñar directamente cara a niveis de pobreza que non eran esperados hai uns poucos meses antes da chegada desta pandemia.

E, diante disto, a nós preocúpanos que vemos certo conformismo no Goberno galego. Acabamos de recibir os orzamentos na Cámara. Eu non quero converter esta interpelación nun debate sobre os orzamentos en global ou sobre a Consellaría de Política Social en particular, pero si que nos preocupa que non vemos unha diagnose, unha estratexia global de todo o conxunto da Xunta de Galiza para combater a pobreza. Vémoslos instalados no conformismo e que non están dispostos a dar pasos máis valentes, pese á incorporación tamén dunha partida importante na súa consellaría para reorientar as políticas co obxectivo de evitar que se consolide a pobreza e a exclusión social, de evitar que moitas persoas que hai uns meses era impensable que foran caer nunha situación de exclusión o fagan, e, sobre todo, de intervenir tamén no modelo económico, nas políticas activas de emprego, de vivenda e de ámbitos que van alén da súa consellaría, para evitar que a consolidación da pobreza sexa unha realidade en aumento. E se estabamos preocupados e preocupadas por esa consolidación de case a metade da poboación nunha situación delicada na Galiza prepandemia, tamén nos preocupa que a Galiza da pandemia e da pospandemia sexa unha realidade moito máis preocupante. Por iso formulamos esta serie de cuestións que vostede xa coñece.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, señora Presas, bos días.

A pandemia que estamos a vivir, difícil, moi difícil de imaxinar hai apenas uns meses, está a supoñer un reto formidable para todo o tecido social de Galicia. Hoxe non quero abordar, porque creo que escapa do obxecto desta interpelación, o excelente traballo que están a desenvolver os profesionais sanitarios da atención primaria, da atención hospitalaria, todo o profesorado e, por suposto tamén, todo o persoal das residencias de maiores de Galicia, das residencias de discapacidade, e todo o persoal dos servizos sociais.



Gustaríame poñer en valor a capacidade que está a demostrar Galicia para atender a quen máis o necesita. E falo, en primeiro lugar, das grandes vítimas da pandemia, de todas esas persoas que perderon a un ser querido e que poden sentir sempre a calor da sociedade galega, que sempre os apoia. Falo tamén de todas esas persoas que están a sufrir o impacto económico e o impacto social dunha pandemia sanitaria, das persoas que perderon o seu traballo ou que están a pasar moitas dificultades para sacar adiante o seu negocio.

En circunstancias así é cando se demostra con máis claridade o espírito altruísta e solidario dunha terra que non deixa a ninguén atrás; unha solidariedade que comeza en cada galega, en cada galego, que se canaliza a través das entidades sociais de Galicia e, por suposto, que conta e contará sempre co compromiso e co apoio da Xunta de Galicia.

Hoxe en día Galicia está mellor preparada ca nunca para protexer as persoas que sofren os efectos sociais desta pandemia sanitaria. Como ben dixo a semana pasada neste Parlamento de Galicia a presidenta da Rede galega contra a pobreza, Eloína Injerto, as institucións públicas tampouco podemos facer maxia. Pero o que si debemos facer e o que si estamos a facer é comprometernos como se debe de comprometer unha administración, que é con orzamentos. No momento no que máis se necesitan aquí, en Galicia, a nosa comunidade contará con máis fondos ca nunca para loitar contra a inclusión social: máis de cento vinte e cinco millóns de euros no próximo ano 2021, que supoñen un 4,5 % máis que neste ano 2020.

Con este investimento récord na área de inclusión social podemos blindar o orzamento da Risga, a renda básica, acompañar e continuar acompañando sempre a todos os fogares galegos que necesitan ou que están pasando esa complexa transición ao ingreso mínimo vital e tamén cubrir os ocos que deixa esta renda básica, este ingreso mínimo vital. É unha prestación que, ademais, como ben saben, por certo, se está a implantar con máis dificultades e atrasos dos que a todos nos gustaría pola cerrazón do Goberno central de que sexa Galicia, que ten experiencia de sobra, experiencia acumulada —os nosos técnicos xestionan dunha forma formidable as prestacións básicas—, a que a xestione. Non nos deixan a nós xestionar o ingreso mínimo vital; négasenos ese traspaso de competencias por motivos que, a verdade, nos escapan e nos escaparon sempre, porque —reiterámolo unha e outra vez— si se lles concede esta xestión de competencias a Navarra e ao País Vasco, pero négasenos aos demais, négasenos a Galicia.

Con este investimento récord en inclusión social podemos incrementar nun 35 % os fondos para axudas de inclusión social, pasando dos 3,3 millóns de euros aos 4,5 millóns de euros, que se destinan aos fogares necesitados e que teñen que afrontar gastos urxentes.

Con este investimento récord en inclusión social podemos seguir transferindo ás entidades a maior orde de axudas para continuar loitando, como ben están facendo, contra a pobreza cun orzamento de máis de dezaioito millóns de euros.

Con este investimento récord en incluso social poderemos afondar e afrontar unha medida que louvou nesta mesma Cámara a Rede Galega contra a Pobreza, que é a Tarxeta Básica, que é unha tarxeta monedeiro que puxo en marcha a Xunta de Galicia e que puxo á disposi-



ción das persoas que máis o necesitaban, á disposición de máis de once mil fogares galegos, para comprar produtos de primeira necesidade, outorgándose esa tarxeta coa máxima celedade, sen trámites farragosos, con total confidencialidade e, ademais, con algo que é moi importante, que é que non estigmatiza a ninguén.

Con este investimento récord en inclusión social poderemos avanzar nos compromisos pioneiros do Plan de atención a persoas sen fogar, dotado con 73 millóns de euros.

Con este investimento récord en inclusión social poderemos tamén continuar mantendo os equipos de prevención, de loita contra os desafiuzamentos, do programa Reconduce. E 7,6 millóns de euros irán tamén a continuar apoiando e axudando os concellos de Galicia para incluír, para contratar a todas as persoas que nestes momentos están a recibir unha renda básica para que gañen en experiencia e gañen tamén en práctica laboral.

E con este investimento récord en inclusión social poderemos incrementar en preto dun 50 % a nosa achega aos bancos de alimentos de Galicia, que están a atender a moita xente que pasa verdadeiras dificultades.

Señora Presas, pregúntame vostede se o Goberno galego vai rectificar. Eu entendo que, á luz dos datos que estou trasladando hoxe a este Parlamento, o que debe facer a Xunta de Galicia é continuar persistindo nunha política de inclusión social, que está a dar, de verdade, os seus froitos; froitos como que sexamos unha das seis comunidades que dende o inicio da pasada crise conseguiu reducir a taxa de persoas que están en risco de pobreza; froitos como que na última lexislatura Galicia fose quen de reducir en máis dun punto a taxa Arope, que está por debaixo da media nacional; e froitos como que sexamos unha das comunidades autónomas cunha menor taxa de carencia material severa.

Galicia está logrando que cada vez haxa menos fogares que o estean a pasar mal, pero, ante circunstancias sobrevidas como as que estamos a vivir con esta pandemia, traballamos unidos e traballamos con máis forza que nunca.

E, por suposto, cando falamos de pobreza, cando falamos de persoas que están en risco de exclusión social, nunca, xamais, nos daremos por satisfeitos. Seguiremos sempre traballando e estando ao pé do canón para que cada vez haxa menos familias en Galicia que o estean a pasar mal.

Creo sinceramente —os datos tamén así o avalan— que imos polo camiño correcto. Debemos de persistir neste camiño, debemos continuar, por suposto, mellorando sempre, pero tamén o teremos que facer todos xuntos e teremos que facelo da man.

Existe un instrumento para artellar esta necesaria colaboración entre as entidades sociais, entre os concellos e a Xunta de Galicia, que é a Axenda social única. Esta folla de ruta pioneira e aprobada no ano 2016, e da que se cumpriron xa o 96 % dos seus compromisos, toca o momento de que sexa renovada, e por iso agora, que o ciclo electoral deixou paso á calma necesaria tamén para afrontar este tipo de cuestións, considero que é necesario que todos nos poñamos man á obra, porque a exclusión social non coñece de barreiras ou de fronteiras



administrativas. Á hora de combatela, a única forma de obter o resultado óptimo é sumar todos os esforzos.

Por iso podo avanzarlles que antes de que remate o ano se renovarán e se reactivarán os traballos de cara á imprescindible actuación da Axenda social única, de xeito que poida ser útil para afrontar os novos retos derivados da pandemia; uns restos que non son só de competencia autonómica, nin tampouco son só de competencia municipal, nin, por suposto, son só da competencia das entidades sociais, aínda que todas elas están a desenvolver un traballo realmente admirable para dar respostas áxiles ás persoas que máis o precisan.

Os retos sociais derivados da pandemia son competencia de Galicia, de toda Galicia. Por iso creo, de verdade, que só hai unha maneira de estar á altura do que nos demanda e do que nos pide o noso pobo: que esteamos sempre xuntos ao carón das persoas que máis o precisan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Dixo, señora García, na súa intervención, cuestións que a nós nos parecen preocupantes, porque son unha falta á verdade, á verdade obxectiva, aos datos, e porque son, ademais, unha irresponsabilidade sendo vostede responsable de Política Social.

Eu insistín en que para nós este problema non ten que ser abordado integramente só desde a área de política social, pero, claro, vostede di que Galicia está conseguindo que haxa menos persoas que o están pasando mal, cando a obxectividade dos datos di que no 2019 aumentou case un cuarto a poboación galega que o pasa mal —dei antes os datos—, o 24,3 %, e cando respecto do 2018 ao 2019 aumentara e de 2017 a 2018 aumentara. Entón, claro, podemos xogar a mirar a taxa Arope como nos conveña: se nos convén, desde o 2016; se nos convén, desde o 2008 en vez de desde o 2009, ou desde o 2009 en vez de desde o 2008, pero creo que o problema é dunha envergadura tal que non deberíamos caer nesa cuestión. Porque os datos, efectivamente, poden intentar perverterse para apoiar os argumentos, pero creo que a realidade é a que é. Non se pode ignorar e ninguén pode prever que co impacto da crise da covid vaiamos ter hoxe menos persoas que o están pasando mal das que tiñamos onte. De feito, cada día que pasa seguramente non esteamos sendo quen globalmente de evitar que sexa así, e é lóxico.

Polo tanto, claro que pensamos que teñen que rectificar coa súa política global, de todo o Goberno, por unha cuestión elemental. Vostedes insisten moito —vostede tamén o fixo— en que Galiza está mellor; bueno, vostede dixo que estaba máis preparada ca nunca, ou me-



llor preparada ca nunca. O Goberno noutras ocasións dixo que Galiza está máis preparada hoxe do que estaba no 2008 para afrontar unha crise destas características, e non é así; non é así non só porque a pandemia da covid non sexa unha crise exclusivamente financeira, senón porque o noso país, os nosos fogares non se recuperaran do impacto brutal que tivo o 2008, que tivo na transformación, ademais, da estrutura da poboación e que tivo na transformación da estrutura económica.

Non estamos mellor economicamente, e o único que podíamos aproveitar é que Galicia cae con máis lentitude do que cae o Estado; pero, agora ben, a experiencia do 2008 —e iso tamén o din os axentes económicos e os foros obxectivos— é que tamén recuperamos con máis lentitude. Polo tanto, deberíamos estar aproveitando o tempo e a urxencia, que cremos que é o que non están facendo vostedes, no lugar de navegar no conformismo.

Tamén nestes últimos anos o sistema público de protección tivo os seus problemas, e tamén os vai ter nos próximos anos coa condicionalidade que van ter aspectos como os fondos europeos. E iso non nos impide —eu xa lle dixen que non quería facer disto un debate orzamentario, pero non me importa tampouco entrar nesa cuestión— recoñecer cuestións positivas. Nós coincidimos coa Rede galega contra a pobreza en que a Tarxeta Básica é un bo instrumento, en que é un instrumento útil que non apela ao asistencialismo, que non inclúe estigma sobre a persoa que o emprega, e pensamos que é importante, pero non deixa de ser unha medida de urxencia, un parche, e non o quero dicir cun sentido pexorativo, senón que quero poñer o acento en que o problema é maior, é estrutural, e o obxectivo final ten que ser mudar esa situación, que no lugar de 11.000 persoas empregando esa tarxeta o día de mañá haxa 1.000 ou haxa menos, por simplificalo dunha forma gráfica.

Vostede vangloriouse dos seus orzamentos, e xa serán avaliados en concreción na comisión correspondente, pero, en todo caso, nós tamén vemos cuestións que nos preocupan neses orzamentos e que serán expostas. É certo que se blindo a Risga, non cabería agardar outra cousa. Tamén apelo aquí a que teñen moita urxencia en tramitar outro tipo de lexislación. Nós estamos agardando a que vostedes poñan enriba da mesa como facer que sexan compatibles Risga e ingreso mínimo vital a medio prazo e como podemos apostar como sociedade por reconverter iso nunha grande renda de garantía social no noso país e ser ambiciosos e ambiciosas.

Nese sentido, gústame especialmente que vostede cite a Navarra e a Euskadi aquí. Eu quero citar tamén os datos do último informe sobre rendas mínimas de inserción relativo a 2019. ¿E que nos di? Que unha persoa en situación de pobreza ten oito veces máis opcións de recibir unha renda mínima en Navarra ou no País Vasco que no resto do Estado español. ¿E saben vostedes que ten Navarra e que ten Euskadi que non ten Galiza? Pois unha facenda propia e soberanía económica, e por iso nós insistimos tanto en que os dous debates están ligados. Eu convídoa a que colla o exemplo de Euskadi e de Navarra. Teranos sempre do seu lado para pedir as competencias de xestión galega, xa o temos explicitado unha e outra vez, pero nós tamén lle pediremos valentía e investimento propio. Apostemos por mellorar os instrumentos que hai enriba da mesa. O certo é que parchear axudas non parece a liña.

Respecto da cuestión que falaba vostede dos orzamentos da consellaría, a nós tamén nos sorprende que, por exemplo, o programa de axudas extraordinarias de inclusión se incre-



mente un millón exclusivamente dentro do marco global de cento e pico millóns que incrementan vostedes e que un programa como o da mellora da coordinación na loita contra a desigualdade das corporacións locais non se aumente, nese empeño que parece que ten a Xunta de Galiza de coartar os concellos do noso país...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E remato simplemente cunha última reflexión, señora García. Nós traeremos medidas en positivo ao fío desta interpelación, pero, se onte lle dicíamos desde o BNG que a demografía ten que ver máis coa economía que coa natalidade, hoxe dicímoslle tamén que a solución á pobreza ten moito de non poñer o foco só sobre o existencialismo e de poñer o foco tamén sobre o cambio de modelo xeral ao que temos que ir e que vai máis alá da súa consellaría.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, señorías.

Señora Presas, esta pandemia está a poñer de manifesto con máis claridade ca nunca que a pobreza e a exclusión social poden chegar en calquera momento e poden petar á porta sen avisar; chegan e non hai ningún culpable, e para combatelas é necesario contar con todas as ferramentas axeitadas. Estas ferramentas non se conseguen tampouco dun día para outro, senón que son froito de moitísimos anos de intenso traballo nun ámbito tan importante e tan delicado como é a exclusión social.

Vostede tamén me fala desa modificación da Lei de inclusión social de Galicia, que regula a Risga. Nós estamos de acordo en que temos que modificar a Lei de inclusión social, pero vostede ben sabe que no ingreso mínimo vital o Goberno central aínda está introducindo continuamente cambios; polo tanto, mentres non estea pechada a regulación do ingreso mínimo vital, nós non poderemos adaptar a Lei de inclusión social de Galicia á normativa.

A Xunta de Galicia, sen dúbida ningunha, destina á loita contra a pobreza o dobre de fondos que investía no ano 2009 ou que se investía neste ano aquí, en Galicia. Pasamos aos 125 millóns de euros neste ano 2021, cando no ano 2009 había 66,4 millóns de euros. E se me pregunta vostede se é suficiente, dígolle que non; por suposto que non, que non é suficiente. Mentres haxa unha soa persoa en Galicia que o estea a pasar mal, non nos poderemos xamais dar por satisfeitos.

A rede de seguridade de Galicia fronte á exclusión social é agora máis forte ca nunca. As 9.397 persoas que perciben neste mesmo mes a Risga teñen máis apoio para saír desta si-



tuación grazas á creación no ano 2019 de dous complementos destinados a mellorar a reinsertión sociolaboral.

Nos momentos de maior necesidade, a Xunta de Galicia achega o maior apoio, por iso puxemos en marcha esta Tarxeta Básica, con importes de 450, 600 e 900 euros; unha tarxeta monedeiro na que se invisten máis de 14,6 millóns de euros e á que xa se acolleron máis de 11.000 fogares galegos, nos que viven 20.000 persoas. Esta Tarxeta Básica, como dixen na anterior intervención, é unha axuda urxente, case practicamente inmediata, e non estigmatiza a ningúen.

Ademais, durante os meses máis duros da pandemia, fixemos todo o necesario para axilizar e flexibilizar o acceso á Risga a máis de dúas mil persoas. A Xunta de Galicia seguirá sempre traballando pola inclusión social de Galicia, porque lograr unha sociedade máis xusta non queda confinado ao ámbito da inclusión social, senón que traballamos tamén para facer de Galicia un modelo a nivel nacional en materia de conciliación, con esa gratuidade nas escolas infantís, con esa consolidación das casas niño no rural galego ou coa aprobación da primeira Lei de impulso demográfico a nivel nacional.

Tamén queremos continuar reforzando, como non podería ser doutro xeito, o coidado dos nosos maiores con máis casas do maior no rural galego cen por cen gratuítas, con máis atención profesional a domicilio ou coa construción de sete mellores residencias a nivel europeo.

Tamén lle queremos continuar ofrecendo máis oportunidades á xente máis nova para que se continúen formando, para que amosen sempre o seu talento e para implicarse en distintas accións en materia de voluntariado.

Señora Presas, non nos diga que somos conformistas, porque non o somos e porque somos conscientes de que aínda queda moito traballo por facer. Estamos dispostos a continuar percorrendo todo este camiño ata o final sen descanso, ata que esteamos seguros de que todas as familias galegas teñan un fogar e teñan uns ingresos que lles permitan levar unha vida digna.

Cada familia que se atopa nunha situación de exclusión social ou que está en risco de padecela supón un reto para as distintas institucións galegas, e non só desde agora, senón desde sempre.

Sumando os esforzos acumulados ao longo de todos estes anos, e co reforzo adicional de todos estes meses de pandemia sanitaria, conseguiremos cumprir un dos grandes obxectivos colectivos da nosa terra, de Galicia, e é que as galegas e os galegos que nos necesiten nunca, nunca estean sós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte interpelación.



Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Saben vostedes que hai unha alteración da orde do día. Substanciarase en primeiro lugar a última das interpelacións, a 5.3.

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector cultural

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moi bo día.

Obrigada, señor presidente.

Moi bo día, deputadas e deputados. Moi bo día, señor conselleiro de Educación, Cultura e Universidade.

A medida que transcorren os meses a pandemia vai nos amosando o seu retrato máis fiel e completo, tamén o máis cruel e devastador, ante tantas incertezas e tantos medos como seguimos a sumar día tras día. Temos xa connosco, entre nós, o negativo dunha fotografía: por unha banda, dolorosa, en irrecuperábeis perdas humanas ás que nunca nos afaremos; e, por outra parte, altamente preocupante, mesmo dramática, en perdas sociais, laborais e económicas, das que no BNG nunca desistiremos á hora de procurar e promover políticas alternativas de viabilidade.

Un dos sectores que primeiro caeu naquel estraño 13 de marzo ás 00.00 horas foi, sen dúbida, o cultural; e non só por mor das longas semanas de confinamento, senón pola progresiva xestión na desescalada, pola confusión e a arbitrariedade á hora de aplicar os protocolos sanitarios para os espazos culturais, pola inxustificada cadea de cancelacións, de anulacións, que invalidaron a necesidade de visualizar socialmente que a cultura é, efectivamente, segura e pola condena á desaparición de múltiples proxectos culturais ante a nula atención económica, extraordinaria e de urxencia que merece un ben primordial, un ben esencial, como é a cultura nunha situación límite como a que estamos a vivir.

Oito meses despois —oito meses— a cultura segue sen estar no horizonte da estratexia prioritaria do camiño de reactivación cultural para este goberno do Partido Popular. Porque só as palabras e os xestos non son suficientes, precisamos accións comprometidas e á altura da xenerosidade coa que os sectores culturais coidaron tamén da nosa saúde nesta pandemia. Coa súa profesión, coa súa profesionalidade —non o esquezamos nunca—, traballadores da cultura exercida desde as múltiples pólas da árbore da cultura galega entretiveron o noso tempo, dialogaron connosco, abriron canles de formación, de coñecemento e compartiron o seu traballo para que a distancia sanitaria —e, consecuentemente, tamén social— fose sobrelivada cun sorriso, cun recital, cunha conversa, cunha canción, cunha maxia, cun video-clip, etc.



Oito meses xa despois dispomos de informes ben ilustrativos a respecto de cal é a realidade do sector da cultura que se viu forzado a parar. E dirán: si, claro, coma tantos outros. Abofé, así é, mais tamén obrigado, conducido a desaparecer en todos estes meses por inanición política, que non por inacción das propias axentes culturais, das que ben vimos a súa intensa e inmensa capacidade de adaptación e de reinvención constante aos novos formatos que a situación demanda e permite.

O pasado mes de xullo o Consello da Cultura publicada —xa o temos falado aquí nun pleno anterior— o *Barómetro da cultura galega I*; unha radiografía de cal é o estado actual das empresas culturais galegas dende que empezou xusto a crise do coronavirus. Xunto cos sectores culturais, no Bloque Nacionalista Galego aspirabamos a que as conclusións deste estudo de cabeceira fosen argumentos sólidos que reclamasen esa atención urxente por parte do Goberno do Partido Popular e reactivasen canto antes ese plan de rescate, ese plan de cuidados que o sector precisa, porque a cultura, que para o Bloque Nacionalista Galego é ese ben esencial, ese ben de primeira necesidade —que, por certo, vostedes non quixeron dende o Partido Popular aprobar nesta Cámara recentemente—, tamén representa cifras; cifras e letras que debemos de colocar no punto de mira de tantas gravosas consecuencias desta pandemia, ao mesmo nivel que moitos outros sectores produtivos, económicos e do emprego. Non esquecemos que neste informe en xullo se nos daba a cifra do 54 % de empresas do sector cultural inactivas, ou que case o 40 % solicitaran ERTE; especialmente no ámbito das artes escénicas, case un 83 % desas empresas se mantiñan inactivas, etc.

Por non dedicar demasiado tempo ao desglose dos datos, porque están accesibles para todos e todas vostedes, vou sintetizar dúas conclusións que me parecen determinantes para actuar como punto de partida. A primeira é que a crise da covid-19 repercutiu cun inmenso impacto negativo no noso ecosistema cultural, sobre todo porque xa partía —teñámolo en conta— dunha situación de enorme febleza e precariedade —non son palabras desta deputada nin do Grupo Parlamentario do BNG, senón que están recollidas neste informe do Consello da Cultura Galega—.

E a segunda conclusión —que tamén está neste referido informe— di que as estruturas profesionais da cultura galega —non o esquecemos nunca tampouco, maioritariamente autónomas, micropemes e cooperativas sociais— están a afrontar nestes meses un contexto onde xa non é só cuestión de falar de perda de ingresos e de recursos mesmo, senón de loita pola propia supervivencia. E tanto é así que xa fomos vendo como moitas destas empresas ían quedando no camiño nestes últimos meses. Unha realidade que cómpre atender con urxencia, e nomeada e invocada dende o Consello da Cultura Galega, mais que volve ratificarse aínda máis neste mes de outubro no novo estudo *Conxuntura estatística do ámbito cultural*. As conclusións deste segundo informe —insisto, do mes pasado, de outubro— recollen que «a previsión da evolución nos vindeiros meses para o conxunto do sistema produtivo da cultura é que este sufrirá un impacto máis severo que o conxunto da economía» —de novo volvo ler literalmente, non son interpretacións deste grupo parlamentario nin desta deputada—.

É por iso que entendiamos que debiamos trasladar estas preguntas que constan na interpe-lación ao Goberno. Precisamos saber que lectura fai destes informes, destes estudos, que medidas de reacción e que plan de choque está poñendo en marcha, porque, de momento,



non vimos aínda ningún. E tamén precisamos saber que estratexias de coordinación, de comunicación e de diálogo ten abertas, por fin, cos sectores culturais e cos axentes culturais.

E trasladamos estas preguntas —é certo, xa o digo agora— con gran preocupación á vista da experiencia que nos acompaña na última década en que os orzamentos en cultura baixaron até un 54 %. En 2018 a *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI* —de novo apelamos ao Consello da Cultura Galega— ofrecía unha diagnose global como punto de partida para abrir un tempo novo tan necesario e urxente como demandado nos sectores culturais galegos. Pois ben, un ano despois, en 2019, vostedes comprometeron unha hipernunciada mediaticamente *Estratexia da cultura galega 2021*; un traxe moi aparente para un corpo demasiado espido, como é a situación na que está a nosa cultura, e do que, por certo, nada máis soubemos unha vez que os focos apagaron as luces dos grandes titulares mediáticos.

Pretenderán, se cadra, respondernos xustificando ese catálogo de boas accións e propostas do Plan de activación dos sectores cultural e turístico; un documento do pasado mes de maio, ao noso ver, incoherente entre a diagnose inicial que fai das fortalezas de relevancia da cultura galega e as medidas para afrontar, para dar resposta a un contexto de crise covid como o que estamos a vivir e do que cada día contrastamos máis os seus efectos e consecuencias. Un plan que desatende as prioridades máis básicas de quen se viu obrigado a parar, a permanecer na inactividade absoluta durante tanto tempo continuado e que non promove axudas directas, axudas específicas tantos meses despois, senón que se limitaba e conformaba a reagrupar na súa maioría medidas anteriores.

Seguimos, pois, a facer preguntas tamén ao fío desta estratexia: ¿que foi da Lei de artes escénicas? ¿U-la Lei de mecenado que anunciaban? ¿Que foi da Lei do audiovisual?, ¿para cando? ¿A onde marchou a necesaria revisión da Lei do libro e da lectura? ¿Que foi aínda, dende o 2006, do Plan de fomento da lectura pendente?

Realmente, prodúceme moitísima vergoña tanta deixadez por parte dun goberno que se abstrae da importancia fulcral na sociedade da lectura como man compañeira na formación en valores, da cohesión social; unha ferramenta básica para o diálogo, unha alternativa de ocio san e unha acción mediadora en sociedade, porque daqueles anuncios espellismo, daquela estratexia de mercadotecnia inmovilizadora para que pareza que se fai, só nos queda a foto fixa dun goberno que non demostra estar á altura da fortaleza cultural que lle dá identidade propia, por certo, como Goberno galego e non como goberno de calquera outro lugar do mundo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Por iso agora —para rematar— cando tome a palabra, señor conselleiro, mire á Cámara como aos ollos da nosa xente da cultura e preséntelle, por favor, un proxecto cultural que sexa un proxecto tamén de vida para ela.

Obrigada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a resposta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Queixas, bueno, a verdade é que eu comparto parte do diagnóstico que vostede plantexou nesta intervención. Obviamente, o mundo cambiou hai uns meses, iso sabémolo todos. E tamén comparto que unha cuestión tan importante para o país como é a cultura non só se arranxa con declaracións, con palabras, con dicir que é ben esencial —como fixeron algúns cargos públicos moi significativos de España—, senón que se fai con recursos, con programas, con proxectos e acompañando o sector.

Comparto tamén con vostede que é fundamental que a cultura sexa un lugar seguro. Creo que houbo unha aposta decidida por parte de toda a sociedade galega de que a cultura fose un lugar seguro e de que a cultura seguise.

Non comparto, obviamente, o que plantexa vostede, en clave partidista, falando dunha inacción política por parte da Xunta de Galicia, por parte, neste caso, da Administración autonómica. Ao revés, creo que aí está, sinceramente, equivocada, no sentido de que vostede coñece que existe —acábo de dicir— un plan de choque que se puxo no seu momento e tamén coñece que noutras comunidades autónomas ou en concellos significativos ou noutras institucións significativas do país non se fixo absolutamente nada. Creo que iso é un punto ao noso favor.

Dende logo, nós, dende o primeiro momento, naquel mes de marzo de hai xa tantos meses, a verdade é que entendemos que era necesario, que era fundamental, comezar a traballar dun xeito urxente e apoiar os sectores culturais. Naquel momento era unha consellería de Cultura e Turismo, e tiñamos un obxectivo básico e fundamental, que era manter o emprego, o emprego cultural, tamén o turístico naquel momento, e manter a actividade. Ese era o obxectivo básico que se puxo en marcha para actuar coa máxima dilixencia posible.

Sabiamos que a cultura é un sector vulnerable —sabiámolo— e que era fundamental empezar a traballar de xeito inmediato, como así fixemos. Xa o explicamos nesta Cámara. Fomos a primeira comunidade autónoma de España que puxemos en marcha un plan de reactivación dos sectores culturais. Aprobámolo a finais de abril e debateuse neste Parlamento a mediados de maio; ampliouse en xullo con novos recursos e puxemos á disposición un plan de choque de practicamente vinte e seis millóns e medio. Pódolle dicir que outras comunidades autónomas non o solicitaron. ¿Por que? Porque fixamos unha folla de ruta. ¿Que marcamos nesa folla de ruta? Pois marcamos basicamente uns obxectivos moi claros:

O primeiro, salvar o emprego e salvar a industria cultural. É fundamental, creo que iso o compartimos.



O segundo, favorecer e impulsar o consumo de produtos culturais. Creo que tamén o podemos compartir.

O terceiro, fomentar a creatividade e fomentar a produción cultural, obviamente, dun xeito diferente, en formatos diferentes.

E o cuarto foi reforzar as estruturas de programación e as estruturas de distribución dende unha perspectiva empresarial, fundamental para que a cultura puidese seguir traballando.

Hai moi poucas semanas, aproximadamente un mes e unhas semanas, tamén presentamos neste hemiciclo a situación deste plan. Diciamos naquel momento que tiñamos practicamente o 80 % do mesmo en marcha. Hoxe, un mes e pico máis tarde, podo dicir nesta Cámara que temos preto do 95 % das medidas xa executadas ou en execución. Dende ese momento, dende o 7 de outubro, incrementamos os orzamentos en cultura arredor de 5 millóns de euros e estamos practicamente, neste plan de choque, investindo 24 millóns de euros.

Vostede fixo un gran fincapé no estudo do informe do Consello da Cultura Galega. Obviamente, xa se percibía en marzo e en abril que isto ía ser así. De feito, no propio plan nós incluimos unha análise inicial do impacto negativo que a crise sanitaria estaba xerando no mundo cultural. Fixemos un informe do impacto, elaborado, neste caso, pola Universidade de Santiago de Compostela. Non é que fose unha sorpresa, que se descoñecese ou que fose algo ou sexa algo singular e único de Galicia ou do sector cultural, senón de moitos outros sectores e, por suposto, do conxunto de España.

Creo que fomos quen, como xa digo, de sacar adiante un ambicioso plan de reactivación que, obviamente, buscábase reducir o risco que xa percibiamos hai moitos meses que ía ter e que, en certa medida, tiñamos perfectamente identificado.

Fixéronse moitas cousas a carón deste plan. Obviamente, quedan moitas cousas por facer aínda, pero quixera tamén poñer en valor unha serie de cuestións e de datos para que se vexa, con datos certos, non con percepcións, cal é a situación que temos neste momento. E voume centrar só no que se impulsou dende o 7 de outubro a hoxe.

No sector audiovisual, adxudicamos 2,5 millóns de euros en 20 novas producións. Incrementamos este orzamento respecto do ano anterior nun 25 %; mobilizamos 19 millóns de euros.

No sector escénico, adxudicamos medio millón de euros neste mes para 38 compañías, 4 salas, cunha atención especial á danza; 100.000 euros foron destinados a 12 proxectos deste tipo.

En proxección exterior da cultura galega, 460.000 euros adxudicados neste último mes; 400 accións, funcións e actividades en 17 países.

En bibliotecas, as axudas a bibliotecas da rede foron de 850.000 euros, dedicados á adquisición de novidades para mellorar as coleccións bibliográficas. Isto supuxo un incremento dun 54 % respecto do ano anterior, chegando e impactando en 200 concellos.



En arte contemporánea, dedicamos 200.000 euros para mercar obra a creadores e tamén 80.000 euros para que se puidese asistir a feiras por parte das galerías. En total, en arte contemporánea, 600.000 euros.

En difusión do libro, as axudas a librerías foron de 150.000 euros. E continuamos neste último mes cun múltiples accións en microformatos que estruturamos arredor do fondo do Proxecto Xacobeo e que posibilitaron —están posibilitando— estender a cultura por toda a xeografía galega.

En definitiva, hai un dato que creo que demostra que se está traballando, que hai unha aposta decidida por que a cultura siga traballando, e é que se investiron recursos suficientes para chegar a 4.500 accións concretas. Un dato concreto: impulsáronse dende este plan sobre 4.500 accións culturais.

Por exemplo, nas artes escénicas —que vostede as citou—, este ano estamos realizando e imos realizar preto de 900 funcións, 887; un número récord, superior aos anos anteriores.

En concertos musicais, realizáronse máis de 480 concertos; obviamente, en formatos diferentes, de xeitos diferentes; algúns, desgraciadamente, só en *streaming*. Pero era o que había que facer, novos formatos para posibilitar inxectar liquidez económica no sector empresarial e nos traballadores que viven, neste caso, da música ou das artes escénicas.

En actividades culturais moi dispersas, moi variadas: o Proxecto Xacobeo —díxeno antes—, con arredor de 400 accións en microformatos.

Imos impulsar —presentarémolo no Culturgal— unha campaña de consumo cultural, de fomento do consumo, porque, sen dúbida, a mellor forma de axudar a cultura é consumir cultura, sen dúbida; que as persoas merquen produtos culturais, que accedan á cultura. Imos presentar en Culturgal, como xa estou dicindo, nesta semana, unha campaña de sensibilización, de concienciación colectiva da importancia de mercar cultura, de consumir cultura.

Imos tamén seguir apostando e traballando a favor da cultura. E cando se fala de orzamentos, hai que poñer os datos encima da mesa. Temos —verémolo o día 10 nesta Cámara, na comisión correspondente— un proxecto de orzamentos moi ambicioso. Presentamos, no ámbito da cultura, un orzamento de 94 millóns de euros, que supón un incremento respecto do ano anterior de case un 30 %, un 27,4 %, máis de 20 millóns novos para investimento cultural. E, por suposto, no ámbito do Xacobeo, hai tamén moita acción cultural, só que será executada, neste caso, por outra área da administración.

En definitiva, creo que é importante demostrar as políticas con feitos, con datos claros, concretos e precisos. As percepcións son moi importantes, pero moito máis importantes son os datos concretos e precisos que acabo de dicir.

E, insisto, somos conscientes das dificultades polas que atravesan os sectores culturais. Percibímolos no seu momento, identificámolos no seu momento, adiantámonos, construímos un plan de axuda, de choque, para poder manter a cultura viva, fomentamos novos formatos,



novos xeitos de facer as cousas, e os datos están aí. Gustaríanos que moitos concellos non lles puxeran pegas —que lles puxeron moitas pegas a celebrar moitos actos culturais, moitísimas pegas en moitos casos— e gustaríanos seguir comprobando que a cultura é unha parte fundamental, unha das partes máis vivas deste país, que tivo unha gran capacidade de adaptación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Obviamente, imos seguir traballando, como o estivemos facendo ata o momento, e a materialización concreta e práctica deste apoio son os datos orzamentarios que acabo de presentar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

O señor conselleiro cualifica a miña intervención como de actitude partidista propia ou derivada de percepcións. É a súa opinión e a súa valoración, que, por suposto, respecto. O que lle podo dicir é que as nosas palabras non son percepcións abstractas nin son individuais nin personalistas, baséanse nos datos. Penso que non imos poñer en dúbida ninguén dos que estamos aquí presentes obxectivos rigorosos dunha fonte ben informada como o Consello da Cultura Galega e que proceden tamén doutra fonte moi ben informada, que son os axentes culturais, a xente que está a construír a cultura galega. Polo tanto, esa é a nosa actitude partidista, a de traer aquí o que é a realidade do pobo galego, *(Aplausos.)* non a que nos parece a nós a título persoal nin desde unha postura interesada nin individualista.

Fala vostede de cifras e parece que quere dar a impresión como que temos que sorprendernos e agradecer esa retahíla ou esa ladaíña de cifras. En calquera caso, para o que serven é para testemuñar que, precisamente, temos unha cultura galega potente, con grandísimas potencialidades, viva, con moitas fortalezas no ámbito da creación e tamén con moitas capacidades de traballo e de adaptación a calquera tipo de adversidade. Iso é o que temos que poñer en valor e ese é o principal criterio e obxectivo para reforzar moitísimo máis o que é un plan de choque e de atención á cultura galega.

Vostede falaba practicamente en cifras. Eu quería falarlle un pouco máis de letras, porque é así o meu ámbito de actuación, vostede ben o sabe, ¿verdade? Ben, se vostede recoñece, como acaba de recoñecer aquí, que a cultura galega é fundamental, non entendo por que hai moi poucos días non quixeron votar a favor desa declaración neste Parlamento galego da cultura galega como ben esencial e como primordial, *(Aplausos.)* porque sabe que iso, realmente,



condicionaría unha maior atención e unha maior dotación de dereitos para o que é a creación e a xestión cultural. Polo tanto, non podo entender nunca a incoherencia, e menos en momentos de gravísima crise como a que estamos a vivir e, de forma moi especial, aínda que está moi escurecida, moi silenciada tamén, sobre todo desde os medios de comunicación, no ámbito da cultura galega.

Vostede apela ao plan de reactivación de maio. Eu agardo que faga tamén, como corresponde, un bo plan, despois dunha diagnose, dun establecemento de medidas e dunha dotación económica; agardo tamén a avaliación, porque é algo que non queren empezar a aprender a facer, que é avaliar obxectivamente se aqueles plans que seguramente fixemos coa mellor das intencións e coa mellor das vontades deron os resultados que no principio establecemos como os obxectivos. Agardo de verdade unha avaliación obxectiva e completa dese plan.

Porque eu o que podo recordar —e vostede tamén o recorda e todas e todos os que estamos aquí— é que foi un plan absolutamente contestado polos diferentes sectores da cultura galega —creo que non hai sigla deste país que falte, de verdade, e vostede sábeo coma min—: do ámbito da cinematografía, das artes plásticas e visuais, das artes escénicas, da literatura, da música; estaban aí a inmensa maioría dos colectivos, das asociacións, das organizacións vinculadas cos distintos sectores culturais.

Faltaban moitísimos axentes culturais aí nese plan: as artistas, as técnicas, moitas que non estaban directamente vinculadas co réxime de artistas e que logo non puideron acceder a ningún tipo de axudas nin sumarse a ningún plan. Saben perfectamente que traballan en moitos dos nosos sectores da cultura cun carácter intermitente que ás veces dificulta, anula ou imposibilita acceder a calquera tipo de axuda. Eu pido por favor que se teñan en conta cales son as condicións da cultura galega, cales son tamén as súas condicións e marxes a nivel laboral, para cando lles dicimos que teñen aí unha convocatoria. Non podemos elaborar convocatorias de axudas nin plans de reactivación que non teñen en conta os puntos de partida de cal é o sector cultural, de cales son as súas condicións.

Faltaban tantos colectivos neste plan, señor conselleiro, que vostede mesmo chegou a recoñecer publicamente que o plan tiña ocos. Ás veces ser os primeiros non significa facer as cousas ben nin mellor ca ninguén; fanse peor ca ninguén, porque as cousas hai que facelas con tempo, ben pensadas e ben. ¿E como se fan así? Cando falamos, cando falamos co sector, non só cando as convocamos a unha web e que nos escoiten, senón cando realmente dedicamos os nosos tempos e os nosos esforzos a sentarnos en moitas mesas a falar e, sobre todo, e o máis importante, do que máis carece o sector da cultura, e non é o único, a escoitar. Escoitemos, logo dialogamos e despois poñamos en marcha, co mellor consenso posible, todas esas medidas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Ben, non comentou algo aquí que eu agardaba, que era que nos concretase eses anuncios que tamén fixo varias veces dun bono do consumo cultural galego, esa grandísima demanda do sector que segue sen ser atendida. Como seguen sen ser atendidas debidamente —porque non existen aínda no día de hoxe e tamén dá un pouco de pudor



dicilo— axudas directas á creación. Non hai industria cultural, non hai proceso de xestión cultural neste país se falla o primeiro chanzo, que é a creación. Se non hai un autor, se non hai unha autora que cre de verdade, non hai absolutamente nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: E non quero ser mal pensada —e xa remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ..., pero, se non hai ningún tipo de axuda para quen inicia o proceso, realmente dáme moi pouco bo que pensar sobre o apoio real ao proceso da cultura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas.

A verdade é que, señora deputada, compartimos moitos puntos de vista; outros, obviamente, non. Compartimos que a cultura é fundamental para o país, pero sobre todo é fundamental para as persoas que viven da cultura, que son arredor de 30.000 aproximadamente. Creo que ese é un pilar fundamental.

Vostede basea toda a súa argumentación no informe que presentou hai pouco tempo o Consello da Cultura Galega. Todo isto que describe este informe era xa coñecido, é coñecido, e non é nada inaudito que suceda en Galicia, sucede en todas partes, en todas partes de España e do mundo. E non é nada exclusivo; por desgraza, non é nada exclusivo do sector cultural, moitos sectores están nunha situación semellante.

Agora, vostede creo que empeza a errar cando comeza a intentar focalizar unha situación complexa, difícil, de moitísimos profesionais, en que é culpa do Goberno autonómico. Creo que aí perde un pouco o radar da cuestión. E plantexa unha serie de cuestións que a min me gustaría aclarar, porque estou seguro de que temos máis puntos en común que diferenzas.

Vostede fala de letras, e acúsame a min de falar de cifras. Eu tamén son de letras, eu tamén son máis de letras que de cifras, pero, claro, cando se cuestiona a acción dun goberno, está ben a literatura, está moi ben, está ben a lírica, está moi ben, pero hai que poñer datos. *(Aplausos.)*

Vostede plantexa que hai que avaliar os plans. Eu fíxeno aquí, presenteille accións concretas, específicas, con recursos económicos directos, para estas accións en diferentes ámbitos da



cultura e plantexei os resultados: 500, 400, 800 en función de cada unha das accións e en función de para que serviron esas accións. Obviamente, os formatos son absolutamente diferentes. Eu tiven, non vou dicir a sorte ou o privilexio, porque era unha pequena pena, pero asistín ao concerto de Milladoiro con 30 persoas; junha mágoa!, junha pena! Pero se non o facemos, ¿como os músicos, os artistas poden recibir ingresos? E non só os músicos e os artistas, tamén os técnicos de son, os técnicos de luces, os montadores..., toda unha cadea de valor de profesionais que están arredor dunha actividade cultural.

Tamén lle plantexei aquí o número de funcións, por exemplo, en artes escénicas, que son máis que o ano pasado, aínda que, obviamente, con moito menos público. Tamén é certo que hai novos formatos.

E, claro, vostede aquí cuestiona o plan. Vén dicir que non houbo diálogo. Mire, eu estiven en 65 reunións, ¡en 65!... (*Murmurios.*) Bueno, estiven falando con 65 axentes; en menos reunións, perdón, pero con 65 axentes. Contámoslos porque se estaba negando que había participación. Escoitámoslos a todos. E dixeron que sobre un 70 % das propostas feitas polos axentes culturais —cos cales falamos e escoitamos; escoitámoslos a todos e non escoitamos só a uns, non escoitamos só aos que queremos escoitar, escoitámoslos a todos, sen mirarlle a matrícula a ninguén— as introducimos, as aplicamos e as desenvolvemos.

Fala vostede dos xoves creadores. ¡Home!, se en algo estamos traballando, non é nos creadores, senón nos xoves que teñen que empezar. ¡Oia!, onte presentouse *Escenas do cambio*, que ten unha aposta pola xuventude das artes escénicas fundamental, polos artistas novos, na Cidade da Cultura. Eu creo que son datos que realmente están aí.

E, claro, aquí hai dúas formas de ver as cousas, señora deputada: ou quedamos na lírica ou quedamos na prosa. E a prosa son recursos económicos para os sectores culturais. Sen ir máis lonxe, o Ministerio —e non quero facer crítica, porque vostedes dirán: non, non, é que é un ministro do PSOE—, o ministro do PSOE, fixo un acto fantástico declarando a cultura esencial e quedou tan ancho, cumpriu. Pero non, non, con iso non chega. Iso simplemente é unha declaración. O que hai que facer é aportar proxectos, aportar datos e aportar recursos económicos. O Goberno de España fixo un plan despois do noso no que aportaba de media por persoa-objetivo 1,5 euros. ¿Sabe canto aportaba Galicia? Máis de 9, case 10, euros. Uns declararon esencial a cultura e poñen 1,5 euros por persoa, outros poñemos 10 euros por persoa. Esa é a diferenza entre unha declaración altisonante, que está moi ben, e outra que é facer proxectos escoitando as demandas de todos os profesionais que quixeron falar connosco.

En definitiva, como xa dixen, temos un gran reto por diante. Eu pediríalle tamén —e píddollo aquí, na Cámara dos deputados de Galicia, no Parlamento de Galicia— que o esforzo que fagamos o fagamos todos, porque o gasto público se pode pensar que é da Xunta, e non é só da Xunta. O propio Consello da Cultura Galega, que vostede citou, dinos como se estrutura o gasto da programación cultural. A Administración xeral do Estado ten arredor do 13 % do gasto cultural, as comunidades autónomas, arredor do 22 % do gasto cultural e as administracións locais, concellos e deputacións, arredor do 64 % do gasto cultural, afortunadamente. Pero vimos, creo que en ocasións con moitísimo desgusto...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...como moitísimas administracións locais cancelaron moitísimos actos apelando á responsabilidade sanitaria, que o entendemos, pero sen dar alternativas.

Aquí ninguén di que se siga facendo o que se facía, senón de facelo dun xeito diferente, e que esa cancelación sexa substituída por un acto diferente, por unha produción diferente, que posibilite o obxectivo que se busca, que é transferir recursos económicos ao sector cultural...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):... ás familias que viven da cultura.

E niso, señoría, con independencia de que haxa criterios diferentes e visións diferentes, creo que compartimos o fondo, aínda que, evidentemente, nós demostramos os feitos con letras, pero tamén con cifras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, 16.00 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trece minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

Interpelación de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa crise económica e a situación social xeradas pola covid-19

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Señor presidente, señores deputados.

Señor Conde, moi boa tarde a todos e a todas.

Esta é unha interpelación que presentamos a finais de agosto, cunha situación e cuns datos macroeconómicos que nós cremos que se axustaban á realidade do momento e que, evidentemente, empeoraron ao longo destes últimos meses como consecuencia da propia pandemia. Mais o debate de fondo segue estando vixente, e é a necesidade de adoptar medidas, de



reaccionar dende a Xunta de Galicia tomando medidas de índole económica para paliar os efectos que a pandemia está producindo na economía do país.

A situación —en fin, é coñecida— é dramática e é agónica, especialmente para determinados sectores, como consecuencia dunha decisión da Xunta de Galicia, dende o punto de vista clínico, incuestionable, que nós non cuestionamos, de confinamento dos concellos. Confinamento que leva aparelado, loxicamente, o peche da actividade económica relacionada cun sector ou con varios sectores específicos, especialmente os ligados á hostalería e ao ocio. Mesmamente tamén se ven afectados outro tipo de sectores —xa no seu día absolutamente prexudicados— ligados ao ámbito da restauración e da hostalería, como digo.

Nese ámbito, 12.800 negocios permanecían ata o día de hoxe —hoxe, efectivamente, levantouse o confinamento nalgúns concellos— pechados; 12.800 negocios, que significan, aproximadamente, en termos de emprego, en termos de traballadores dese sector, entre 40.000 e 45.000 persoas.

A esa situación de agonía do sector —neste caso da hostalería— engádese a propia inercia económica dos últimos meses, cunha baixada evidente e unha contracción do consumo e cunha perda da capacidade de renda dispoñible das propias familias. En definitiva, cunha situación —xa de por si, sen necesidade de pechar o propio sector— moi complicada e moi complexa.

Os propios datos da Xunta de Galicia —que publica en relación a datos de ámbito macroeconómico, evidentemente— reflicten que o PIB galego vai caer ao final de ano aproximadamente un 9,7 %. Isto, por si mesmo, reflicte a intensidade do que está acontecendo en Galicia.

Evidentemente, diante desta situación —dixémosllo en todas as intervencións que tivemos— ningún ten solucións máxicas; e nós tampouco lle plantexamos á Xunta de Galicia que adopte solucións máxicas. Imposible. Nunha situación deste drama é evidente que non hai solucións inmediatas, que non hai solucións de compensación inmediata que eviten todo o que está sufrindo a economía do país. Pero si hai unha coincidencia evidente en todos os axentes económicos, en todos os especialistas neste ámbito, en que a acción pública inmediata, expansiva e áxil é un elemento determinante para a contención da crise económica. Neste sentido necesitamos —e creo que a Xunta de Galicia debe facelo— utilizar todas as capacidades de gasto público, toda a capacidade de endebedamento público e todos os recursos públicos para combater a crise económica.

Creo que ten que haber unha reacción, unha reacción moito máis áxil, cando menos, de máis profundidade, de máis calado, na Xunta de Galicia; unha reacción que se produciu noutras institucións, señor Conde. Produciuse no ámbito das institucións europeas cando estala a pandemia, adoptando mecanismos ou utilizando mecanismos que tiñan á disposición —como o Mede—, ou creando novos mecanismos, ou optimizando o orzamento, ou mesmamente flexibilizando o Pacto de estabilidade, ou tamén, neste caso xa, poñendo en funcionamento —ou intentando poñer en funcionamento— uns fondos multimillonarios ao servizo da economía dos países. Uns fondos que, no caso, evidentemente, do conxunto do



Estado español, van ser positivos se somos quen de executalos. Tamén en Galicia. Os 140.000 millóns —70.000 millóns en subvencións— poñen de manifesto a magnitude colosal que teñen as administracións públicas e os axentes económicos para executar eses fondos, para prover proxectos que sexan capaces de asumir ese tipo de fondos.

En relación con isto dos fondos europeos, hoxe pola mañá plantexabamos aquí unha iniciativa, e si nos gustaría coñecer cales son os fondos que a Xunta de Galicia remitiu ao Plan nacional de recuperación; cales son eses cento oito proxectos dos que fala a Xunta de Galicia capaces de asumir os fondos europeos, porque é importante que os coñezan non só os axentes económicos senón o conxunto do país, representado, neste caso, a través dos seus deputados e deputadas. Iso non significa que lle deamos publicidade, pode ser, evidentemente, dende un punto de vista confidencial. Pero eu creo que o Parlamento galego debe coñecer eses proxectos.

Debemos ter unha posición de país, señor Conde, neste asunto. Non é reclamala, como fixo o señor Tellado —boa tarde, señor Tellado— hoxe pola mañá e logo plantexarnos un debate destrutivo en relación co señor Sánchez.

Nós, señor Conde, entendemos que a Xunta de Galicia ten que reaccionar moito máis do que o está facendo. Reaccionaron as comunidades autónomas, algunhas establecendo xa ao inicio da pandemia axudas aos sectores máis afectados e nunha segunda onda establecendo axudas aos sectores xa confinados, como é a hostalería, noutras comunidades autónomas. Pódolle pór moitas: Cataluña, País Vasco, Castela e León, Asturias..., as que vostede entenda, e as que existen.

Reaccionaron os concellos, señor Conde, utilizando a súa capacidade orzamentaria, limitada en moitos casos; concellos pequenos e tamén concellos máis grandes, utilizando a súa capacidade orzamentaria para financiar a actividade económica, cuestión que non é competencia deles.

A cambio, a Xunta de Galicia non transfire un só euro aos concellos. Porque a Xunta de Galicia percibiu 23 millóns de euros do Estado para loitar contra a pandemia —precisamente para accións sociais, enténdese—, e deses 23 millóns nin un euro chegou aos concellos.

E, dende logo, reaccionou o Estado, evidentemente. Reaccionou o Estado constituíndo e construíndo un auténtico escudo social —non lle vou dar os datos porque vostede xa os ten— en forma de prestación dos ERTE, autónomos, en forma de financiamento a través do ICO ou en forma de axudas aos sectores económicos máis castigados pola crise económica. Mesmamente o Ministerio de Asuntos Económicos está deseñando a día de hoxe un plan de 8.500 millóns de euros precisamente para combater os efectos económicos nun sector determinado como é a hostalería.

¿E cal é reacción da Xunta, señor conselleiro? Nós non criticamos que a Xunta de Galicia non fixese nada; por suposto que si, claro que si. O que nós dicimos é que a Xunta de Galicia reaccionou, nun momento inicial da pandemia, dun modo moi tenue, moi lento, pouco áxil, pouco eficaz, con poucas medidas. E agora que a situación se complica aínda máis, eviden-



temente, adoptaron decisións. Fálase dun plan de 70 millóns de euros, e o que sae publicado no DOG é un plan de 30 millóns de euros de axuda a autónomos, e mais unha liña de financiamento de 3 millóns de euros. Falan vostedes dun plan de hostalería de 17 millóns, e atópome onte en *La Voz de Galicia* con que o señor Feijóo fala de 100 millóns de euros. Eu entendo todo isto, pero nesta estratexia de confusión sería conveniente que vostede nos aclarase se, efectivamente, son 100 millóns de euros de axuda á hostalaría ou son 17 millóns, porque dese pacto co sector da hostalería, evidentemente, descolgáronse algunhas asociacións e precisamente non é porque o plan sexa excesivamente boiante para o sector.

Nese sentido, señor conselleiro, facémoslle esta interpelación dun xeito honesto, intentando que a Xunta de Galicia nos resposte; que resposte a que medidas está adoptando en relación á actual situación económica, á actual situación de crise que está vivindo o conxunto da economía, especialmente os hostaleiros, pero tamén as axencias de viaxes e os vendedores que se dedican á actividade ambulante, que neste país son moitos e que viron, como consecuencia das medidas de confinamento, absolutamente limitada a súa actividade comercial. Máis de 8.000 autónomos dedícanse á venda ambulante no conxunto do país; ambulantes que, como consecuencia das medidas de confinamento nos concellos, é imposible que desempeñen o seu labor.

Polo tanto, emprazámolo a que nos responda, na medida do posible, todas estas cuestións e logo no segundo turno comentaremos algo máis.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Francisco, agradézolle que traia a este Parlamento cal é a situación dende o punto de vista económico e dende o punto de vista social e tamén cales son as medidas que está desenvolvendo o Goberno da Xunta de Galicia e que desenvolveu dende que se decretou o estado de alarma, porque, efectivamente, estamos ante unha situación enormemente difícil dende o punto de vista sanitario, pero que ten tamén efectos moi significativos no eido económico e tamén no eido social. Polo tanto, cremos dende a Xunta de Galicia que temos que traballar xuntos dende todas as instancias, dende todas as administracións, e tamén dende este propio Parlamento, para desenvolver unha política útil e dar resposta ás preocupacións que ten a cidadanía, tanto no eido da saúde como tamén no da economía e no do emprego. Creo que sería bo traer a este Parlamento as diferentes iniciativas que se desenvolveron —como lle dicía— por parte da Xunta de Galicia.

O primeiro que fixemos foi poñernos a traballar. Sabe que estivemos colaborando co Comité de Expertos Económicos para tentar minimizar o impacto da crise. Tamén estivemos en con-



tacto cos interlocutores participantes no diálogo social, e todo isto permitiunos aprobar un plan de reactivación e de dinamización económica que está permitindo mobilizar fondos públicos e privados por un importe de 3.000 millóns de euros, con toda unha serie de medidas, señor Francisco, en concreto en cinco grandes bloques: no eido da sanidade e da educación; tamén para paliar os efectos nos sectores da economía especialmente máis castigados polas medidas de control da pandemia; en terceiro lugar, para protexer o mercado laboral; para atender as familias máis vulnerables a través de medidas que favorezan a recuperación social; e, en quinto lugar, tamén para dispoñer de medios de protección fronte á covid e impulsar a I+D+i para conseguilo. En definitiva, toda unha serie de medidas cunha mobilización de 3.000 millóns de euros.

Creamos unha liña de liquidez para complementar, precisamente, as liñas do Goberno a través do ICO. E o Igape mobilizou preto de 130 millóns de euros en préstamos de ata 200.000 euros, cos que estamos bonificando o 100 % dos xuros para pequenos emprendedores e tamén os autónomos.

Aprazamos as cotas de amortización dos préstamos do Igape e de XesGalicia, outorgamos vacacións fiscais e somos a segunda comunidade autónoma que nestes momentos máis rápido está pagando aos provedores —menos de 15 de días—. Consequimos, en cuarto lugar, ser unha das primeiras comunidades autónomas que facilitou o cobro dun anticipo da nómina aos traballadores afectados por un ERTE cando o Goberno —como ben sabe— aínda non llela tiña ingresada. E aprobamos tamén axudas para completar as prestacións de menor contía e tamén para os traballadores de máis de 55 anos que perderon o seu emprego. Son complementos de prestacións, como digo, para as rendas de menor contía.

Activamos medidas tamén para acelerar a dixitalización e, polo tanto, para que os pequenos negocios e os autónomos tamén puidesen afrontar esas necesidades dunha maior dixitalización. Lanzamos programas para incentivar o consumo no comercio a través do Plan renove de electrodomésticos e tamén a través da automoción. Destinamos 12 millóns de euros ao desenvolvemento de 112 proxectos innovadores para responder mellor á pandemia. E puxemos en marcha tamén un plan de recuperación social dotado con máis de 60 millóns de euros para que os fogares máis vulnerables poidan saír desta situación.

Sabe que ampliamos a seis meses a Tarxeta Básica, que axilizamos e flexibilizamos os trámites da Risga, que incrementamos un 50 % a partida de axudas de inclusión social, que dispuxemos de axudas extraordinarias a concellos, dotándoos de máis de dous millóns de euros para reforzar os programas de atención ás persoas sen fogar e para complementar as axudas de emerxencia social e acabamos tamén de conceder preto de 18 millóns de euros ás entidades de iniciativa social que son prestadoras de servizos sociais e que se suman ás axudas extraordinarias concedidas durante a pandemia.

Señor Francisco, unha mobilización de 3.000 millóns de euros de forma inmediata para repostar, precisamente, ao primeiro shock que tiveron que afrontar os autónomos, os emprendedores, as pequenas e medianas empresas e tamén as familias.

A partir de aí é certo que vostede plantexa esta interpelación no mes de agosto e, loxicamente, non tivo ocasión de formular as medidas que, dentro do orzamento que xa remitimos



a este Parlamento, estamos impulsando. De novo, dunha forma rápida —dunha forma inmediata— a Xunta de Galicia está desenvolvendo toda a súa capacidade de mobilización económica que lle permite o propio Goberno, establecendo o máximo de endebedamento establecido polo Goberno de España. Iso estanos permitindo nestes momentos tramitar uns orzamentos que son os máis altos de toda a historia, con 11.563 millóns de euros; a maior mobilización de recursos, precisamente para seguir combatendo a pandemia, para reactivar Galicia e para atender as necesidades das familias, dos traballadores e das empresas que están nunha situación máis vulnerable.

Estes orzamentos, señor Francisco, inclúen unha cifra récord para gasto social, emprego e promoción económica —preto de 9.000 millóns de euros—; é dicir, case 8 de cada 10 euros das contas do exercicio do ano 2021 están dedicadas ao eido social, ao eido vinculado co emprego e coa promoción económica. E tamén sabe que os investimentos aumentan un 53 % para manter a dinamización económica, sobrepasando tamén a cifra récord de 2.500 millóns de euros, o que significa multiplicar por tres o investimento territorializado.

Pero, é máis, nestes orzamentos non só se inclúe un fondo covid para, precisamente, facer fronte ao impacto da pandemia dende o punto de vista sanitario e social, con 530 millóns de euros, senón que ademais se inclúe por primeira vez na historia desta comunidade autónoma un fondo específico de 115 millóns de euros para consensuar co diálogo social, co grupo de expertos e tamén coa Comisión de reactivación, precisamente para compartir cos membros desa comisión medidas que poidan complementar as que xa o Goberno trae a esta Cámara no eido dos orzamentos.

Polo tanto, houbo unha resposta inmediata dende o punto de vista orzamentario, intentando mobilizar a maior capacidade posible de recursos tanto no eido social como no eido económico.

Señor Francisco, creo que é unha resposta inmediata —como vostede reclamaba—, áxil e, ademais, que resposta ás necesidades. Esperemos poder mellorar este orzamento a través do consenso e a través tamén das achegas que se nos poidan trasladar dende a Comisión de reactivación. E non teña ningunha dúbida de que daremos esa resposta inmediata tanto ao tecido produtivo como tamén ás familias, aos autónomos e aos emprendedores.

Loxicamente, nestes momentos, nos cales o impacto está tendo unha pegada máis importante en sectores como a hostalería, efectivamente, tamén estamos establecendo medidas extraordinarias e excepcionais para unha situación excepcional como é a que, lamentablemente, por mor da pandemia, está sufrindo o sector da hostalería. Facémolo cun plan de rescate dotado con 84 millóns de euros para tentar diminuír a baixada de ingresos de 30.000 autónomos e de 10.000 micropemes, dos cales 17 millóns de euros están reservados para axudas directas ao sector. Un sector para o que, ademais, imos flexibilizar as medidas que o propio Goberno de España establece para poder acceder a estas axudas, porque mentres no Goberno de España se exige o 75 % de perdas de facturación, aquí, en Galicia, flexibilizámolo ata o 45 % con respecto ao mesmo período do ano 2019. Tamén establecemos para a hostalería novos préstamos para autónomos e pequenas e medianas empresas que teñan máis problemas de liquidez e máis dificultades para acceder ao crédito, Unha liña de 10 millóns



de euros para facilitar estes créditos brandos, e axudas para que a hostalería poida acceder a vendas a domicilio e que poida acondicionar as súas terrazas, precisamente para poder chegar e adaptarse mellor á situación actual da pandemia.

En definitiva, señor Francisco, creo que temos que agradecer o esforzo que nestes momentos está a facer Galicia, que está a facer o tecido produtivo e que están a facer sectores como o da hostalería e como o do comercio ou o do turismo e, por suposto, tamén a fortaleza e o tesón que están amosando os propios galegos e as galegas. Creo que nesa suma de esforzos é onde nos temos que encontrar. Polo tanto, seguiremos impulsando medidas e esperamos contar co apoio do seu grupo parlamentario.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica. Señor Francisco.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Señor Conde, en relación a isto último que mencionaba vostede, a un plan de 17 millóns á hostalería, efectivamente, 17 millóns. En fin, así o recollimos en distintas iniciativas que plantexamos ultimamente. O que sucede é que o señor Feijóo tennos acostumados a esta confusión mediática, como onte mesmo. E vou citar o medio porque logo o señor Tellado dime que invento o chat de Whatsapp dun partido político. Non, o chat de Whatsapp é onde está o señor Feijóo, o chat de *La Voz de Galicia*, respondendo o señor Feijóo aos internautas que lle preguntaban. E, en cuestión, unha internauta preguntáballe: «¿Cuánto va a dedicar la Xunta a la hostelería?». E o señor Feijóo contestaba: «100 millones de euros, de 6.000 a 9.000 euros por hostelero». En fin, diante desta situación entenderá, señor Conde, que un, evidentemente, teña as súas dúbidas con relación a cal é a reacción da Xunta e cal é a posición real da Xunta sobre as axudas que vai dar ao conxunto da actividade económica, que neste momento o está pasando absolutamente mal, especialmente o sector hostaleiro. Pero tamén as axencias de viaxes. Nesa axuda do DOG do día 17 de novembro, en que se contemplan 30 millóns de euros para autónomos, resérvanse 2 millóns de euros especificamente para actividades esencialmente pechadas e, entre elas, loxicamente, as axencias de viaxes. Hai 600 axencias de viaxes no país e hai 8.000 vendedores ambulantes no país, que estiveron, como consecuencia do confinamento, absolutamente inactivos; tocaría a 250 euros. Señor Conde, eu creo que o importante non é anunciar plans de reactivación, o importante é anunciar os plans no DOG. E aí é onde podemos cotexar con vostede e podemos facer un debate serio de cales son as medidas que está adoptando a Xunta.

Vostede falábame de anticipos de ERTE que fixo a Xunta de Galicia; efectivamente, 3.400 prestacións a persoas ás que naquel momento o Estado non puido dar a prestación. 282.000 expedientes de ERTE foron tramitados en Galicia nestes últimos dous meses; 3.400 é o 1,20 %. ¡Está moi ben! Pero non é unha medida excepcional, como nos queren vender.



E logo fáleme vostede dos orzamentos máis altos da historia de Galicia. Evidentemente, grazas tamén ao Estado español; a ese que critica tanto o Partido Popular en Madrid, mesmamente vetando os orzamentos. ¿Que sería de Galicia, que sería do conxunto da economía do país se non se aproban os orzamentos no conxunto do Estado? ¿Como iamos dar saída á actual situación se non hai unha aprobación dos orzamentos do Estado? De aí que a posición do Partido Popular a nivel estatal é absolutamente irresponsable, situándose fóra da negociación dos orzamentos do Estado. Pero o orzamento de Galicia contempla 685 millóns, señor Conde, dunha transferencia do Estado, da asunción do Estado do 1,1 % do déficit. Por tanto, é o Estado, conxuntamente cos fondos europeos, o que está soportando que a Xunta de Galicia teña o orzamento máis alto da historia.

O fundamental non é ter o orzamento máis alto da historia, o fundamental é saber a que o temos que dedicar; priorizar eses 1.500 millóns de euros, que son o excedente de gasto, o suplemento de gasto que ten o orzamento en relación ao ano 2020. E aí eses 1.500 millóns de euros, conxuntamente con centos de millóns de euros, case 700 millóns de euros que levan recibido ao longo do ano 2020 para paliar os efectos da pandemia, teñen que ser aplicados — neste caso de xeito áxil, de xeito inmediato— a sustentar a actividade económica no país, especialmente a daqueles sectores que máis están sendo prexudicados como consecuencia da pandemia en si mesma, e como consecuencia das medidas de confinamento que leva adoptado a Xunta de Galicia.

Insistimos, señor Conde, fala vostede de orzamentos e da prioridade dos orzamentos da Xunta de Galicia. A sanidade, dende logo, non é unha delas. A atención primaria sobe o 7 %, é verdade, o orzamento para a atención primaria; o deporte sobe o 29 %. Digo isto porque eu estou falando de prioridades, neste momento, nunha situación de crise económica absolutamente dramática como é a que está vivindo o país. Polo tanto, invitamos o señor conselleiro — invitamos a Xunta, evidentemente— a que no orzamento do ano 2021 se prime ese suplemento de gasto, se utilice ese suplemento de gasto, esa capacidade de endebedamento da propia Xunta de Galicia no 1,1 % tamén — outros 685 millóns de euros— en manter o emprego, en manter a actividade económica. E, unha vez que pase todo isto — se é que pasa—, inmediatamente reorientar a actividade económica cara aos eixos de transición ecolóxica, formación dixital...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...modernización da actividade económica e cohesión social e territorial.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación. Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Francisco, na miña intervención —se se decatou— eu falei de Galicia e das medidas que a través do Plan de reactivación económica e do orzamento do ano 2021 estamos poñendo en marcha e impulsando precisamente para dar unha resposta a esas familias, a eses autónomos e a esas pequenas e medianas empresas. E estámola dando con datos e con ordes publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, que están permitindo que nestes momentos poidamos paliar o impacto que se está a producir, ao que, loxicamente, co desenvolvemento do orzamento 2021, seguiremos acompañando.

O que me gustaría é que o Partido Socialista de Galicia falase de Galicia. Seguramente, se vostedes defendesen Galicia fronte ao Goberno de España, os galegos e as galegas saírían gañando. (*Aplausos.*) E voulle dar tres datos que están para contrastar.

En primeiro lugar, o investimento do Goberno de Pedro Sánchez e de Pablo Iglesias na nosa comunidade autónoma é o menor dos últimos quince anos, señor Francisco, apenas un 6,6 %; menos da metade do 13 % ao que chegamos co Goberno de Mariano Rajoy.

Segundo dato. Galicia xa está, nestes momentos, a percibir menos diñeiro do Goberno de Pedro Sánchez que a media das comunidades autónomas. Fíxese no dato: un 27 % menos dos fondos covid do ano 2019, publicados esta mesma mañá polo Ministerio de Facenda. Creo que debería revisar ese dato e fixarse en que os galegos e as galegas están recibindo 253 euros de media do Estado, mentres os habitantes do resto das comunidades autónomas de réxime común están recibindo unha media de 352 euros. ¿E sabe canto perciben os habitantes de Cataluña? 421 euros fronte aos 253 euros dos galegos.

Estas son as políticas que está desenvolvendo, nestes momentos, o Partido Socialista Español e ante as que o Partido Socialista Galego simplemente está calando.

Pero vou trasladarlle máis datos porque vostede sabe que nos orzamentos xerais do Estado se está reducindo máis do 1 % a transferencia a Galicia con cargo ao sistema de financiamento autonómico.

Señor Francisco, con estes datos é moi difícil entender como o Partido Socialista de Galicia non está a defender os intereses dos galegos. ¿Por que non está defendendo a intermodal de Ourense ou de Santiago? ¿Por que non está a defender as melloras dos accesos na Coruña, Vigo e Pontevedra? ¿Por que non está defendendo o sector naval en Ferrol? Polo tanto, que asuma o Partido Socialista de España o compromiso que ten con Navantia Ferrol, e, xa que logo, coa construción do buque AOR, e tamén con ese dique seco prometido e que non se está nin tramitando. ¿Por que non se está desenvolvendo e non está nos orzamentos a subestación eléctrica de Balaídos? Por suposto, unha vez máis, o Partido Socialista abandona Galicia, abandona o Xacobeo e tampouco hai ningunha partida para desenvolvelo. Polo tanto, señor Francisco, con este goberno é moi difícil entender a posición do Partido Socialista.

Falábame vostede dos fondos europeos. Gustaríame saber cal é a posición do Partido Socialista de Galicia en relación co borrador do real decreto que se coñeceu onte, se vostedes



están de acordo con que os fondos europeos non se poidan repartir en España con criterios de obxectividade, de transparencia e de concorrencia e se vostedes aceptan, están dispostos a aceptar, que o Goberno, de forma bilateral e sen concorrencia, poida asignar os fondos europeos. Dende logo, que non contén dende o Goberno de España con esa posición; dende Galicia, estamos defendendo a igualdade de oportunidades entre comunidades autónomas e a cohesión social e territorial. Esperamos que eses criterios de repartición sexan transparentes e, sobre todo, que se preste atención á situación dos territorios dende o punto de vista da dispersión da poboación, dende o punto de vista do reto demográfico, dende o punto de vista da transición industrial e dende o punto de vista da dixitalización. Lamentablemente, non parece que esa sexa a posición. Eu espero — polo ben dos galegos e das galegas — que o Partido Socialista de Galicia empece a defender os intereses de Galicia e faga fronte a unha situación que está minando as posibilidades de recuperación económica e social de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Continuamos co 7º punto da orde do día, preguntas ao Goberno.

Neste caso, é a quenda da pregunta de don Martín Seco do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D. Martín Seco García e de D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da información e asesoramento que reciben, co actual marco regulatorio, os concellos, as comunidades rurais e de montes, así como a veciñanza en xeral, para poder negociar con garantías cos promotores eólicos

O señor SECO GARCÍA: Si, grazas, presidente.

Señor Conde, menos mal que ía falar de Galicia e non do Goberno do Estado. Nótase que ten pouco con que defender a súa xestión porque só fala única e exclusivamente de Pedro Sánchez.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico ata o 2008. *(O señor Seco García amosa un documento cuns gráficos.)* Co seu goberno — como queda claro nos datos que lle amoso —, a paralización chegou ata o 2018 derivada da súa falla de aposta polo sector, pola inseguridade xurídica xerada coas súas decisións e polas políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Partido Popular no Estado.

Dende o 2009 ata ao 2018, ambos incluídos, só foron instalados 277 megawatts en Galicia, coa perda millonaria en investimentos e a paralización da creación de miles de postos de traballo. No ano 2019, a realidade fíxolles cambiar e volveu o crecemento da potencia instalada ao Estado e a Galicia. No ano 2020, chegarase a preto dos 4.000 megawatts no noso territorio e as previsións para o decenio actual apuntan a que se construírán uns 4.500 novos megawatts.



Dende o Partido Socialista cremos necesaria a aposta pola enerxía eólica dentro da estratexia para loitar contra o cambio climático, pero necesitamos corrixir as desigualdades na negociación para a instalación destas infraestruturas e a falla de transparencia cara aos propietarios, cara ás comunidades rurais e cara aos concellos e a falla de garantías medioambientais e sociais creadas polo seu goberno.

A regulación que vostedes estableceron contemplaba que os beneficios da eólica deberían ser repartidos a través de plans industriais ou dun plan de fomento da enerxía solar, pero moitos dos operadores carecían do dito plan industrial e outros non realizaron as achegas para ese fomento da enerxía solar.

A Xunta de Galicia contemplou certos beneficios comunitarios de maneira indirecta, pero finalmente non exerceu a súa función fiscalizadora ante os incumprimentos das empresas. De igual maneira, tamén houbo incumprimentos no relativo ao impacto ambiental, pois o 50 % desa potencia instalada está en zonas da Rede Natura.

En Galicia, a falla de participación e de transparencia polas que vostedes apostaron causou múltiples conflitos que se poñen de manifesto nas mobilizacións sociais que existen por todo o territorio.

Señor Conde, pedímoslles que actúen antes de que sexa tarde. Nestes momentos nos que o sector está a experimentar un relanzamento, cremos importante corrixir os seus erros, equilibrando a negociación entre as empresas instaladoras e os propietarios nun proceso transparente que sexa unha ferramenta máis para loitar contra o despoboamento do noso rural, que impulse mecanismos de transparencia e información cara aos propietarios, cara ás comunidades locais e cara aos concellos —como dende o Observatorio Eólico de Galicia lles piden insistentemente—, que a veciñanza, comunidades rurais e concellos reciban unha compensación axeitada pola explotación dos seus recursos, que estableza unha mellor protección ambiental e do territorio coa implantación e repotenciación dos parques en lugares demasiado próximos ás vivendas —mesmo cando o tamaño dos eólicos aumente exponencialmente— e que respecte as zonas que deberían de estar protexidas.

Cómpre a reconfiguración do modelo eólico coa participación de todos os sectores implicados. Por iso, desexamos preguntarlle se o Goberno galego cre que o marco regulatorio actual é o axeitado ou cre que debemos mellorar os mecanismos de negociación, de participación, de transparencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...e de protección ambiental.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

¡Menos mal que vostede vive en Galicia, que vostede viviu o desenvolvemento do sector eólico en Galicia e que vostede coñece o que fixeron os seus maiores! ¡Menos mal! (*O señor Seco García volve mostrar o mesmo documento.*) O que pasa é que, claro, agora resulta que no Partido Socialista non escoitan os maiores e, como non escoitan os maiores, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) entendo que seguramente vostede pretenda reescribir tamén a historia do desenvolvemento do sector eólico

Vostede esquece —vou recuperar eu a memoria histórica— que en agosto do ano 2005, o conselleiro de Industria do Bipartito —isto é, o conselleiro de Industria do Goberno do Partido Socialista de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego— declarou que Galicia non podía soportar máis parques eólicos. Esa é a política do sector eólico do Partido Socialista no ano 2015. En xaneiro do 2016 cambiaron de opinión e anunciaron a refundación do negocio eólico. Sabe perfectamente que ese decreto eólico acumulou varios recursos da industria —ademais de obxeccións do Consello Consultivo— e, sobre todo, vostede esquece —debería de consultar os seus maiores— que ese Goberno bipartito aprobou dous concursos eólicos declarados ilegais e que un terceiro tivo que ser anulado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Lamentablemente, como lle digo, señor Seco...

O señor PRESIDENTE: Calma, calma, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...debería de escoitar os seus maiores e así sabería a que me estou referindo: a esa resolución dos parques eólicos singulares do 2007 por 300 megavatts que foi anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e a ese concurso do ano 2016 por 2.325, que foi anulado pola Lei 8/2009, promovida por este goberno e que foi validada, como ben saben, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que non parece razoable —xa que vostede quere reescribir a historia— é que veña aquí faltando á verdade. Non lle vou falar de verdades ou de mentiras, senón de rigor. ¿Quéreme dicir vostede un só parque que dende o ano 2014, que se aprobou a normativa da Rede Natura, se desenvolvera en Galicia na Rede Natura? ¿Quéreme dicir un só parque, un só aerogenerador? ¿Pero vostede vén aquí intentar xerar dúbidas sobre se este goberno está cumprindo coa normativa legal e coa normativa medioambiental? (*O señor Seco García nega coa cabeza e volve ensinar outro documento.*) Se ten dúbidas, debería de estar noutro sitio —no xulgado—, pero non neste Parlamento. Polo tanto, se vostede quere falar do sector eólico, veña con datos e con rigor e, se non, o que lle aconsello é que consulte os seus maiores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, o señor Seco.



O señor SECO GARCÍA: Señor Conde, eu espero que non escoite moito os seus maiores, pola sorte de todos os veciños de Galicia. Espero que sexa así.

Unha vez máis, dan mostra da inutilidade das súas competencias en política industrial, señor Conde, falando, como sempre, do pasado e non vendo o futuro. Como lle dicía no pleno pasado, son inútiles para a xeración e mantemento do emprego no sector eólico, como están a vivir en Gamesa, nas Somozas; son inútiles para que a enerxía eólica instalada en Galicia deixe beneficios para a veciñanza e para os concellos do noso rural; son inútiles para salvar o noso territorio, o noso patrimonio natural e a calidade de vida dos veciños do rural, onde as grandes empresas campan ás súas anchas. Pero aínda así, volvo pedirles que escoiten o Observatorio Eólico de Galicia, a Fundación Juana de Vega, os múltiples colectivos que xorden en Galicia pedíndolles trocos ante a indefensión que senten ante as grandes empresas; que escoiten os concellos e as comunidades locais —incluíndo moitos dos gobernados polo Partido Popular—, que ven como se explotan os seus recursos sen recibir o beneficio desexable entre a súa cidadanía; que escoiten o noso rural, señor Conde, en zonas dende Ordes ata Curtis, dende Outes ata Mazaricos, no Baixo Miño, etc., nas que mentres as súas industrias primarias intentan reforzar a súa actividade, ven como se lles instalan, ao pé das súas explotacións, muíños de 200 metros —o triplo de altura que ten a catedral de Santiago— sen que a Xunta faga nada e mentres observan o fraccionamento de proxectos para saltar trámites medioambientais. *(O señor Seco García amosa un documento.)*

Señor Conde, están a tempo de escoitar, de rectificar e de pactar un novo modelo eólico corrixindo as deficiencias dun sistema posto en marcha por vostedes; un sistema que debe equilibrar as negociacións entre empresas e propietarios para ter un beneficio xusto, que debe establecer fórmulas para que os concellos e as comunidades locais reciban un beneficio acorde coa explotación dos seus recursos e que debe respectar o noso territorio, o noso patrimonio natural e a calidade de vida dos veciños do noso rural.

Vostede decide, ou democratizamos o sistema ou continuamos da man das grandes empresas eólicas, que, sen poñerse coloradas, fichan como directivas compañeiras súas do Goberno da Xunta, como a señora Bea Mato *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Peche da pregunta, señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, claro que eu escoito os meus maiores, claro que si. E tamén recoñezo o labor que desenvolveron no seu momento. O presidente Fraga foi precisamente o que permitiu o desenvolvemento dos megavatios instalados no ano 2006 e 2007 en Galicia. E sábeo perfectamente. Igual que sabe perfectamente que os megavatios que se desenvolveron no ano 2019 son grazas á tramitación do goberno de Alberto Núñez Feijóo. *(Murmurios.)* Tamén debería saberlo. E debería saber que ese desenvolvemento foi grazas á aprobación dunha lei neste



Parlamento, a Lei de implantación empresarial, que ofrece todas as garantías dende o punto de vista medioambiental e dende o punto de vista do desenvolvemento territorial. ¿E sabe quen apoiou esa lei? Este grupo parlamentario. ¿E sabe quen non apoia neste Parlamento o desenvolvemento do sector eólico? O Partido Socialista de Galicia, que parece que quere xogar a un impulso das enerxías renovables en España e aquí precisamente o que quere é que non desenvolvamos o sector eólico en Galicia. *(Aplausos.)*

E lamento, señor Seco, a súa falta de rigor; porque nomea neste contexto os traballadores das Somozas, que están pasando por un momento enormemente delicado.

¿Sabe cantos anos leva o Goberno do Partido Socialista sen convocar unha subasta eólica aquí en España? Tres anos, señorías, ¡tres anos sen que o Partido Socialista desenvolvese unha soa subasta eólica! E agora, claro que si, estamos nunha situación absolutamente límite nunha planta de pas. ¿Por que? Porque o Partido Socialista non está promovendo o sector eólico.

Debería, polo tanto, ter un pouco máis de rigor e, sobre todo, saber se o Partido Socialista de Galicia apoia ou non o desenvolvemento do sector eólico aquí en Galicia. Vexo que lamentablemente iso non é así. E segue vostede intentando achegarse a esa posición que no seu momento vostedes tiveron co Bloque Nacionalista Galego.

Non recoñecer que o canon eólico está tendo un impacto positivo en Galicia é simplemente faltar á verdade. É simplemente faltar á verdade. Son 23 millóns de euros anuais que, grazas a que este goberno implementou na Lei eólica este canon —e que só o estableceron tres comunidades autónomas en toda España—, están beneficiando os concellos e están beneficiando tamén o conxunto da cidadanía.

En definitiva, señor Seco, deberían consultar cos seus maiores se realmente queren apoiar aquí o sector eólico ou non. Se consulta os seus maiores, xa lle digo que seguramente si. Pero como lamentablemente agora o Partido Socialista non escoita os seus maiores, pois estamos nesta situación sen definición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

Eu prégolles a todos os deputados que, ao estar coas máscaras, como estamos, se evite na medida do posible facer comentarios que poidan ser lesivos. Eu desde aquí ao mellor non entendo ben, pero intúo. *(Risos.) (Murmurios.)* Intúo. E iso non me parece que sexa prudente. Entón pídolles que, por favor, evitemos comentarios que poidan ser lesivos para algúns de nós amparándonos nisto. Imos levar isto con tranquilidade. ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero, en fin, eu sei o que digo, e quero ser prudente. Eu tamén creo que o escoitei, pero, como non escoitei todo o que tiña que escoitar, quero ser prudente. Eu teño que deixarme guiar pola prudencia e por iso estou facendo isto. Preferiría —se quere que lle diga a verdade— non ter escoitado iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Perfecto! Xa está. Terminou aquí o conto. Vai para todos en xeral.



Pregunta de D^a María Sol Díaz Mouteira e sete deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a impulsar a Xunta de Galicia para frear a ocupación ilegal de vivendas en Galicia

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Boas tardes, conselleira.

O Goberno da Xunta de Galicia ten reiterado en reiteradas ocasións a súa preocupación polo fenómeno da ocupación, un problema que xera inseguridade xurídica aos lexítimos propietarios de vivendas, conflitos de convivencia nas comunidades de veciños, alarma social nos barrios e indignación na cidadanía. Si, señorías, é esa indignación que os grupos da oposición neste Parlamento e no Goberno en Madrid cualifican de bulo, de lenda urbana e mesmo de literatura de ciencia ficción. E, ademais, din que é minoritario. Logo, se é minoritario, non pode ser unha lenda. E, por riba, mesmo din que a posibilidade da ocupación é ínfima. Pois pregúntenlles aos veciños de Montealto, da Ronda de Nelle, da Zapateira, do barrio da Milagrosa, da Chanca, da rúa Belvís, da Algalia de Arriba, de San Pedro, da Travesía de Vigo, do Calvario; e, en Ourense, da Praza de Abastos, das Burgas, do barrio do Vinteún ou de Mariñamansa. Díganlles a estes veciños que o seu problema é ficticio. E, se é ficticio, ¿por que a Fiscalía Xeral do Estado e o Ministerio do Interior ditan instrucións para actuar con maior rapidez e contundencia contra a ocupación?

Os casos que acabo de citar son problemas, pero problemas reais. E xeran preocupación social, innegable sensación de inseguridade nas zonas afectadas e indefensión dos lexítimos donos das vivendas ocupadas. E non o digo eu, dío a Fiscalía Xeral do Estado. O problema da ocupación estase a converter nunha vía de acceso á vivenda que xera conflitos sociais, o que rexeitamos de plano dende o Grupo Parlamentario Popular, xa que consideramos que a ocupación ilegal é un flagrante atentado contra o dereito constitucional á propiedade, un acceso á vivenda fundamentalmente para os antisistema e negocio ilícito por parte da delincuencia organizada.

Conselleira, señorías, hai un mes tiven a oportunidade de compartir un foro co presidente da Asociación de Afectados pola Okupación, don Antonio Miranda, que viña de visitar un barrio de vivendas ocupadas. Alí, votantes do Partido Socialista —e digo Partido Socialista porque así llo remarcaron os veciños— pedíronlle que lle trasladase ao presidente do Goberno a súa preocupación porque el non os escoitaba. Non escoitaba nin escoita que teñen un problema de orde pública, e non porque eles tivesen ocupada unha vivenda senón porque o seu barrio, antes de convivencia tranquila e sen medos, agora se estaba a converter nun inferno. Están no máis absoluto desamparo. E tampouco o digo eu. Dino eles, que, como calquera cidadán, exixen ao Goberno que se poña ao seu carón diante dos problemas. Iso é o que tamén esperan os galegos e as galegas.

Así que, por todo o exposto, conselleira, dende o Grupo Parlamentario Popular formulámoslle a seguinte pregunta: ¿que accións está a impulsar a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, para pór freo ao fenómeno da ocupación na nosa comunidade?



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Resposta da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Boas tardes.

Grazas, señora Díaz.

Efectivamente, o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas en Galicia é un problema non só de cifras, non só de estatísticas, senón que tamén é un problema real. É un problema de persoas, é un problema de convivencia, e de aí a nosa preocupación e de aí que nos puxésemos a traballar. ¡Impórtannos, impórtannos esas estatísticas que soben cada trimestre! E por certo que xa deberíamos ter os datos do segundo e terceiro trimestre deste ano, que nos ten que facilitar o Goberno central e que aínda hoxe non nolos facilitou.

Pero tamén, á parte das estatísticas, está a compoñente social, a compoñente social que trae arredor de si nos barrios esa ocupación ilegal das vivendas. Por iso estamos continuamente ao carón dos veciños.

A señora Díaz falaba dalgúns barrios e eu podo seguir dando nomes: os veciños de Falperra da Coruña —os trece ocupas desaloxados que acaban de trasladarse aos Maios—, A Zapateira, Palavea, os da Gran Vía —dos que saíron fotos recentemente publicadas e, aínda que haxa algún deputado que di que non, eu pódolle ensinar as fotos—. Non, non é que o digamos nós. (*A señora conselleira, Vázquez Mejuto, amosa unha fotografía.*) Así é como deixan os ocupas as vivendas. Esta é a realidade. Atopamos un pouco de todo, dende toneladas de basura a plantas de marihuana, xoguetes, drones... (*Murmurios.*) Esta é unha realidade. Pero non é algo illado, é algo máis, hai gravidade. Iso é a Gran Vía de Vigo. (*Murmurios.*) ¿Seguen dicindo que non? Os veciños dos barrios composteláns de Pelamios, San Pedro ou da rúa Pexego, ou esa veciña de Ourense que saía recentemente nos medios de comunicación e que está durmindo no coche a pesar de ter a súa propia vivenda, que lla ocuparon, son unha realidade, unha tras doutra.

Polo tanto, témolo clarísimo. Queremos acabar con este fenómeno, que é un fenómeno de inseguridade. Galicia posiciónase e faino con traballo. E ¿que lle pide ao Goberno central, ao Goberno central que está en coalición e que, por certo, non se acaba de poñer de acordo en absoluto no que á vivenda se refire —non temos máis que escoitar as últimas declaracións de Nadia Calviño en fronte de Pablo Iglesias, cada un por un lado—? Nós pedimos reformas legislativas. Compételles a eles facer as reformas legislativas.

Polo tanto, nós tomamos medidas. Fixémolo no mes de xuño e fixémosllo saber, a través dunha conferencia sectorial, ao propio ministro —non só Galicia, tamén outras comunidades



autónomas—. Pero igual que algúns deputados de aquí, seguen negando este fenómeno. Iniciamos rolda de contactos con diferentes institucións públicas e privadas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Ten outro turno despois.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica da señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, conselleira.

Seguro que nese segundo turno do que disporá vostede poderá detallar con máis rigor esas medidas que se están a poñer pola Xunta de Galicia en defecto ou ante a inacción do Goberno central. Todas estas medidas e todas estas actuacións que se están levando a cabo son unha mostra máis do compromiso do Goberno galego cos nosos cidadáns e —insisto— dentro do ámbito das competencias que temos, que son moi limitadas nesta materia.

Logo de escoitar a conselleira, señorías, insisto unha vez máis: se o problema do que estamos a falar é ficticio, ¿por que o delegado do Goberno en Galicia acepta crear unha comisión bilateral para o seguimento das ocupacións? Hai ocupacións. Agardo que este tipo de reunións non sexa para perder o tempo. Porque o Partido Popular mais o Grupo Parlamentario e o Goberno da Xunta non estamos a outra cousa que ao que levamos facendo. É o noso xeito de xestión: anticiparnos. E estas medidas o que procuran é evitar que o fenómeno da ocupación gañe oco en Galicia e que os ocupas non teñan, en ningún momento, sensación de impunidade.

A oposición só mira estatísticas; nós, as persoas, as familias, a veciñanza, a convivencia. É un problema cualitativo máis que cuantitativo. E, mentres buscamos solucións, vemos con perplexidade como dende concellos chamados «do cambio» non só se toleran este tipo de accións senón que incluso se promoven. Fíxense vostedes en que hai concellos nos que hai talleres de liberación de espazos ou de novos modelos de vivenda alternativos.

O único espazo que a nós e aos cidadáns nos interesa é o da seguridade xurídica, señorías. Por iso dende o Grupo Parlamentario Popular seguiremos traballando en cantas iniciativas axuden a atallar a ocupación ilegal de vivendas. E aí sabemos que estará, conselleira, a Consellería de Vivenda e o conxunto do Goberno da Xunta para reclamar os cambios legislativos necesarios.

Conselleira, sabemos que seguirá demandando do Goberno central feitos, seriedade, e neste grupo atopará todo o noso apoio...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...porque a defensa da propiedade non é de esquerdas nin de dereitas...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira. Terminou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Grazas, señor presidente.

Fronte á negación dalgúns deputados está a realidade que nos traslada o delegado do Goberno, a mesma realidade que nos traslada tamén o fiscal xefe de Galicia —co cal tamén mantivemos reunións—, e non só estes senón os expertos e entidades afectadas pola ocupación ilegal. Son diferentes asociacións, como a Federación Galega de Asociacións de Veciños pasando por comunidades como as de Lugo, Ourense, Ferrol..., entre outras moitas. E aí está tamén o Observatorio da Vivenda.

E sobre as medidas, ¿que medidas propuxemos? Pois amparar eses veciños, que se atopan desolados, a través da posta en funcionamento dun teléfono de atención para informar e asesorar eses veciños. Pero tamén fixemos un mapa de vivendas ocupadas en Galicia, porque moitas veces nin sequera coinciden os datos que nos dan dende o Ministerio coa realidade palpable que temos en cada comunidade autónoma.

E o Goberno central ten que actuar. É a súa competencia. Así llo pedimos, e fixémoslo en moitas ocasións. Que se fixen noutros países, como é o caso de Alemaña, co desaloxo en 24 horas e con penas de ata dous anos para a ocupación. Iso mesmo ocorre en Italia, e iso mesmo ocorre tamén en Suecia.

Polo tanto, reclamamos esas modificacións e o compromiso do Estado. E, dentro desas modificacións, pedimos a modificación do artigo 245 do Código penal, co fin de reorientar e adaptar o tipo penal da «usurpación» á situación actual, a previsión dun procedemento de xuízo rápido ou inmediato, para que se axilice o tempo dos litixios derivados desa ocupación e nunca exceda as 48 horas, ou establecer a prohibición de que as persoas que ocupen ilegalmente un inmovible poidan empadroarse. Estas son algunhas das modificacións lexislativas necesarias para reforzar e facilitar o desaloxo de inmoables dende o primeiro momento.

Teñan por seguro que non nos imos deter aquí. Teñan por seguro que continuaremos velando pola propiedade privada. Pero sobre todo continuaremos velando polo benestar da cidadanía dos nosos barrios. Estas persoas, que moitas veces utilizan a forza, non poden quedar impunes coma se nada acontecese, coma se nada estivese ocorrendo.

Polo tanto, consideramos xusto que os propietarios da vivenda teñan unha seguridade. Consideramos tamén moi xusto —e así o avala a Constitución— o dereito á vivenda. E aí, no dereito á vivenda, estamos traballando. Pero créanme que no caso destes ocupantes aos que



me referín —ou aos que tamén se refería a nosa deputada— ninguén recorreu nin aos concellos nin tampouco á Xunta de Galicia para que lles prestásemos axuda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das partidas orzamentarias inseridas en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Prado, do Grupo Popular.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente. Boas tardes, señorías. Boas tardes, conselleira.

Esta pregunta vén motivada pola recente presentación do Proxecto de orzamentos do Estado para 2021 e a constatación de que Galicia é obxecto dun agravio comparativo en relación con outras comunidades autónomas no que atinxe ás partidas previstas en execución de infraestruturas viarias e ferroviarias. As contas presentadas polo Goberno de España para o vindeiro ano non poden ser máis decepcionantes para os intereses xerais de Galicia, xa que supoñen a cifra máis baixa dos últimos quince anos. É o ano récord histórico con maior orzamento da historia e o máis raquíto para Galicia.

A baixada, ademais, é notoria en xeral nas principais infraestruturas. Comprobamos dende o Grupo Parlamentario Popular con perplexidade como hai infraestruturas básicas que teñen partidas testemuñais ou que, no peor dos casos, desaparecen directamente. Isto, ademais, pasa de xeito xeneralizado en toda Galicia, alcanzando tamén todas as cidades a pesar de que estean gobernadas por alcaldes ou alcaldesas socialistas. Incluso algunha queixouse publicamente. Pero non sei se recibiu algunha chamada de Madrid porque mudou pronto o discurso. Por exemplo, a alcaldesa da Coruña, que fixo a primeira análise dos orzamentos, dixo que os presupostos de Sánchez e Iglesias eran «manifestamente mellorables». Unhas horas ou un día despois xa cambiou e dixo «razoablemente satisfeita». Dada a evolución que leva, como dixemos, con algúns días máis e con outra chamada pareceranlle extraordinarios. Pero si que ten queixas dos da Xunta, que invisten tres veces o que vai investir o Estado e crecen nun 65 % na cidade. Criamos que o orzamento aquel que non se chegou a aprobar, o de 2019, era lamentable e que xeraría queixas destes alcaldes e alcaldesas. Pero vemos agora, presentado isto, que son igual de malos os deste ano.

A ministra Montero xustifica a baixada porque di que os anos anteriores Galicia estaba premiada polas obras do AVE. Pero a día de hoxe seguimos tamén sen AVE. E seguimos recibindo novas datas. Evidentemente, na penúltima que nos dixeron —a finais deste ano— non vai estar; e tampouco estará no verán do 2021.

E seguimos, porque isto non só son os investimentos. Isto é a constatación do que estamos sufrindo no tema de servizos e infraestruturas. Hoxe seguimos sen recuperar os servizos



ferroviarios que perdemos coa pandemia e que seguen, meses despois, sen recuperarse. Dinnos que van poñer 55 millóns en subvencións para Audasa —un caramelo—, pero á vez quítannos centos de millóns, ¡centos de millóns!, en obras viarias. Para ter o dato, din 55 en subvencións, pero só na cidade da Coruña, respecto aos orzamentos do 2018, perdemos 100 millóns en infraestruturas viarias, que non se executaron porque non quixeron. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señorías, eu non lle vou dar máis voltas. Os orzamentos do Estado para o ano 2021 en Galicia son malos para os intereses dos galegos. E o certo é que non é unha opinión, senón que é un clamor social e unha constatación da análise dos datos. Porque as cifras cantan. ¡As cifras cantan! Os orzamentos do Estado para o ano 2021 en Galicia son os menores en quince anos —polo tanto, un mínimo histórico—, tres puntos menos que os orzamentos territorializados. Galicia ocupa o sexto lugar, pero o déficit de infraestruturas é moi importante. Polo tanto, o que vemos é que priman outros intereses distintos aos que deben primar cando esperas un orzamento. O que prima, dende logo, é contentar os partidos que manteñen o Goberno de España. Ou non hai partidas orzamentarias de infraestruturas estratéxicas ou son mínimas —o que, dende logo, amosa desinterese absoluto— ou desaparecen —e, polo tanto, amosa desprezo—. Non hai investimentos sólidos nin cuantificables nas grandes cidades. Na Coruña e en Vigo desaparecen os investimentos do Estado. Son as grandes esquecidas. A min sorpréndeme que representantes socialistas defendan a capa e espada os orzamentos nefastos do Goberno de España en Galicia. O partido do BNG xa di claramente que é unha bofetada a Galicia, pero tamén supoño que saberán que o Goberno foi apoiado tamén polo partido do BNG.

É sorprendente que unha ministra xustifique a baixada de investimentos en Galicia pola aportación de Galicia ao PIB nacional, que é dun 5,2 %. É sorprendente que esa sexa a xustificacón cando son uns orzamentos que crecen exponencialmente, porque estamos nunha situación extraordinaria.

E sobre a supresión da peaxe da AP-9, en tres anos, nin caso. O Goberno español non atendeu absolutamente nada. E agora o que temos son incógnitas, incógnitas e incógnitas. A letra pequena gustaríame lela, esa letra pequeniña que está envelenada, porque non sabemos nin cando nin canto nin como. O que sabemos é que, cando o goberna o Partido Socialista, Audasa sempre gana. Polo tanto, estamos tremendamente preocupados. Eu auguro que no mes de xaneiro volverá subir a AP-9, e será a única autopista do Goberno de España que suba a partir do 1 de xaneiro. E é unha mágoa que se esquezan da AP-53.

O certo é que os orzamentos son discriminatorios e insolidarios. Son discriminatorios polo recorte en Galicia e porque se disparan en Cataluña. Son discriminatorios polo corredor...



Dende logo, o Goberno de España debería gobernar para toda España, non para a metade de España. E son insolidarios porque non é o momento da carga impositiva.

Polo tanto, aí están os orzamentos da Xunta, que si son os máis altos da historia. O que conta para o Goberno de España non é o interese xeral, o que conta é contentar os partidos que manteñen o Goberno de España. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, conselleira, pola súa valoración.

Efectivamente, desde o Grupo Popular tamén estamos preocupados. Pero estamos preocupados non só por estas cifras nun ano de crecemento. Porque os investimentos non é que baixen en infraestruturas; crecen tamén, pero van para outro lado, van para outras comunidades autónomas. Estamos especialmente preocupados porque hai unha aposta clara deste goberno do PSOE e Podemos polo Mediterráneo. A única excepción é Asturias, pero en canto ao resto de comunidades autónomas crecen enormemente as do eixo mediterráneo mentres descenden as do Cantábrico e noroeste. Como exemplo: Galicia baixa un 11 % mentres que Cataluña sobe o 50 %, Andalucía o 45 %, Murcia o 83 % e Valencia o 57 %. É dicir, isto é claramente unha aposta por investimentos no eixo mediterráneo, fronte ao Cantábrico e ao noroeste.

Permítame neste último minuto, xa que non temos estas demandas por parte dos nosos alcaldes, citar —polo menos para que queden nas actas— algunhas das obras que notamos en falta. Falabamos das grandes cidades, e en Vigo está o tema da biblioteca —xa o trouxemos nunha PNL— ou o da avenida de Madrid; na Coruña desaparecen todas as estradas, e ¡que lles vou dicir eu dos accesos ferroviarios ao porto!; en Lugo, a comisaría de policía ou a autovía cara a Ourense; en Santiago, a intermodal —coa desculpa do convenio—, o antigo edificio de Lavacolla ou a urbanización de Conxo; en Ferrol, o dique cuberto de Navantia, a conexión de Ferrol co eixo atlántico ferroviario; en Ourense, a intermodal, a variante norte —ese primeiro tramo da A-56—; ou, en Pontevedra, a circunvalación —que o que teñen é coma non ter nada—.

Os nosos deputados acaban de presentar emendas a estes presupostos xerais do Estado. Porque, evidentemente, non van arreglar todas as faltas e todas as eivas que hai. Pero, polo menos, queren que estean presentes no debate e van presentar esas emendas. O único que lles pido é que chamen aos seus partidos e que lles pidan... *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Prado. Grazas, grazas, rematou o seu tempo.

Peche da pregunta pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.



Pois, señoría, como lle dicía, os orzamentos xerais do Estado en Galicia para o ano 2021 son discriminatorios e insolidarios. Son discriminatorios e insolidarios e ademais son os orzamentos das escusas e dos esquecementos. Son os das escusas porque pretenden xustificar a falta de investimentos en Galicia por moitas cuestións. Como dixen ao principio, escúsanse no produto interior bruto, pero tamén en que xa se investiu moito no AVE a Galicia. E o certo é que, en materia ferroviaria, ¡miren que van lentos no Goberno de España!, porque tres anos para un estudo xeolóxico na variante de Cerdedo, dende logo, é unha parsimonia clamorosa.

Se a alta velocidade a Galicia é unha escusa, entón ¿como temos que interpretar os investimentos millonarios en Valencia e Cataluña, que xa teñen AVE? ¿Como interpretalo? ¡Que alguén me poida contestar!

É imperdoable, dende logo, o esquecemento do corredor atlántico ferroviario. Levamos moitísimo tempo traballando as comunidades autónomas de Asturias, Castela e León e Galicia en alianza co sector empresarial e cos sectores sociais, e cun impulso importante. Temos o máximo interese para mellorar o corredor do tren de mercadorías. E vemos que para Punta Langosteira, nada; a mesma sorte na saída sur de Vigo, nada; investimento cero nas conexións ferroviarias dos portos atlánticos. E vemos o que pasa no corredor mediterráneo: 400 millóns de euros para a condonación do porto en Valencia e 2.000 millóns de euros para o corredor mediterráneo. Volvo dicir que hai que gobernar para toda España, non para a metade de España.

E falemos doutras melloras ferroviarias. Practicamente nada tamén para Ferrol-A Coruña. Ferrol-Ribadeo tamén desaparece. Desaparecen as grandes cidades galegas. Na Coruña, nada, nada da ampliación de Alfonso Molina, Ponte Pasaxe... E Vigo brilla, brilla pola ausencia dos investimentos xerais do Estado en Galicia. Así é como brilla Vigo nos orzamentos do Estado, porque son cantidades ínfimas para a autovía Vigo-O Porriño, a de máis accidentalidade de toda España. Nada sabemos da integración urbana da AP-9; nada sabemos da avenida de Madrid, que parece un burato negro do que xa nada se sabe dende o ano 2016. ¡Nada de nada en Vigo!, e tampouco na Mariña lucense, tampouco na A-76 —Ponferrada-Ourense—, na A-56 —Lugo-Ourense—...

Polo tanto, son nocivos para Galicia. Por iso agardamos que se poidan atender esas emendas presentadas, de 300 millóns de euros. Tratamos de paliar estas eivas, estes esquecementos, estes déficits, cos orzamentos xerais da Xunta de Galicia. Porque os orzamentos xerais da Xunta de Galicia si que entenden o investimento público para reactivar a economía que tanto precisamos. E, polo tanto, hai que poñer en contexto uns orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, que son os menores en quince anos —mínimo histórico—, e uns orzamentos da Xunta de Galicia que se incrementan un 14 %, que triplican o investimento territorializado do Goberno de España en Galicia. Polo tanto, temos un máximo histórico dos orzamentos da Xunta de Galicia para corrixir o orzamento do Estado en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o coñecemento polo Goberno galego do perigo que supón de cara á declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade o proxecto da Deputación Provincial de Ourense para o acondicionamento e a mellora integral da estrada de acceso a San Pedro de Rocas, no concello de Esgos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Ola, boa tarde.

A Ribeira Sacra foi declarada Patrimonio Histórico en 1923 —como saben— e dende o 2018 é Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural, recoñecementos aos que en breve debería —e digo «debería»— sumarse a declaración como Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

As singulares características da Ribeira Sacra fana, sen dúbida, merecedora da protección e do recoñecemento que ofrece ser declarada Patrimonio da Humanidade, que servirá para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e que tamén axudará a preservar os seus valores históricos, etnográficos e paisaxísticos. Mais esa declaración exige unha escrupulosa protección e conservación da paisaxe, do medio e do seu patrimonio. Isto periga nestes momentos por un proxecto da Deputación Provincial de Ourense, que di pretender mellorar a seguridade viaria do treito da estrada Ourense-509 que conecta co Mosteiro de San Pedro de Rocas, no concello de Esgos. O dito proxecto —que ten a única finalidade de facilitar o tránsito de autobuses, de autobuses de gran porte, ata o mosteiro— suporá a tala de máis dun cento de árbores incluídas na área de protección do mosteiro, a afección da casa da Coutada e a súa contorna e a destrución do solo arqueolóxico protexido nunha extensión aínda por calcular, entre outras afeccións.

Con esta pretendida actuación demóstrase o concepto que a Deputación de Ourense —gobernada polo señor Baltar, do Partido Popular— ten acerca do patrimonio: un ben que debe ser posto á disposición do público de maneira indiscriminada para fomentar un turismo masivo que levará finalmente á destrución do patrimonio. Sorprende isto porque o presidente da Xunta —do mesmo partido, por certo, que o señor Baltar— aseguraba no ano 2017, nunha visita ao mosteiro de San Pedro de Rocas, que o protexería racionalizando as súas visitas.

Ademais, tal e como denunciaban nun informe estes pasados días múltiples asociacións civís de defensa do patrimonio —grazas ás cales realmente este tema se deu a coñecer—, o gran complexo rupestre de San Pedro de Rocas —que abrangue polo menos 30 hectáreas— xustifica e argumenta, a través da investigación científica, os criterios 3 e 4 do expediente da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial pola Unesco. Resulta inaudito, xa que logo, que a mesma administración que impulsa e apoia a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade pretenda perpetrar un atentado patrimonial coma este, e que o faga ademais baixo a xustificación da preservación do patrimonio natural. Non se preserva o patrimonio facilitando o acceso a un turismo masivo —algo sobre o que ademais alerta a propia Unesco—, senón protexendo e minimizando os seus posibles riscos. Pero é que é



aínda máis inaudito que, como di o propio señor Baltar, o proxecto conte co visto bo da Dirección Xeral de Patrimonio —algo que agardamos que non sexa certo—.

Por todo isto, o que nós lle preguntamos é se é consciente a Xunta de Galicia de que con esta obra periga a Declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, como vostede ben sabe, o Goberno galego é o principal impulsor da candidatura da Ribeira Sacra. Unha candidatura que é un exemplo de boa xestión, de bo traballo, de traballo coordinado e colaborativo, que levou a cabo un proceso exemplar. De feito, hai moi pouco o embaixador de España ante a Unesco —o señor Perelló— dixo que esta candidatura se defendía soa. Creo que foi un exemplo de coordinación, de protección e de planificación. Foi un traballo feito en tempo récord que vai posibilitar que, de hoxe nun ano, esteamos falando de que un territorio fantástico estea inscrito na lista do Patrimonio da Humanidade. No verán do 2021, Deus mediante, reunirase o Comité da Unesco en China e seguramente será declarada Patrimonio da Humanidade.

A verdade é que podó entender a súa preocupación pero non a súa argumentación. Vostede plantexa aquí unha especie de atentado patrimonial. E eu quérolle dicir que a igrexa de San Pedro de Rocas foi declarada BIC, efectivamente. É un ben de interese cultural. E o que se está plantexando é un acceso, unha vía, para garantir a protección viaria; para garantir un acceso seguro ao templo. Sen embargo, voulle dicir que as actuacións propostas están fóra da área de protección do BIC. Si actúan sobre uns bens catalogados no Plan municipal de ordenación urbana, que son a casa Coutera e o seu cruceiro.

En todo caso, o que si lle quero dicir é que non se afecta directamente o BIC. Si se afecta o seu entorno. E é que, ás veces, a exaxeración fai perder credibilidade. Eu pódolle dicir, señoría, para a súa tranquilidade e para a tranquilidade de todas as persoas que nos escoitan, que neste caso a Xunta de Galicia, igual que a Deputación de Ourense, igual que a Deputación de Lugo e moitísimos concellos do entorno da Ribeira Sacra, estamos todos comprometidos para sacar adiante este proxecto, un proxecto que, como digo, é un exemplo de coordinación e, como di o señor Sánchez —unha palabra que lle gusta moito ao Partido Socialista—, de cogobernanza. Pero, en todo caso, pode estar absolutamente segura de que nin a Deputación de Ourense nin a Xunta de Galicia van facer nada que prexudique a candidatura.

No caso hipotético de que haxa algún aviso dos órganos competentes respecto deste proxecto ou doutro proxecto impulsado por calquera administración, estea vostede ben segura de que non se vai poder levar a cabo, porque a oportunidade que temos por diante é tan importante



que xustifica calquera tipo de acción neste ámbito. Co cal, haxa tranquilidade, non se exaxere, estúdense tecnicamente as cuestións e apóstese polo que todos queremos: que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica da señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señor conselleiro, anhear unha estrada e construír unha rotonda para que suban autobuses de gran porte non creo que sexa, dende logo, garantir a seguridade viaria. Sinxelamente é o que vou comentar a continuación, é entender o turismo ou a promoción do noso patrimonio dunha maneira completamente diferente.

Dende logo, á vista da resposta, parece obvio que a Dirección Xeral de Patrimonio non só é coñecedora do proxecto da Deputación Provincial de Ourense para modificar ese acceso, senón que ademais aproba esta actuación. É máis, entendemos que mesmo realizou, efectivamente, algún informe que acredita non só a necesidade senón ademais a urxencia desta obra. Para nós, dende logo, é de agardar que a Dirección Xeral de Patrimonio —a quen lle corresponde, xa sabe, coordinar actuacións en materia de patrimonio artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en todas as súas manifestacións— se implique con urxencia neste proxecto realizando coa maior transparencia outro informe sobre esta actuación, a todas luces innecesaria, que afecta un patrimonio cultural excepcional e de valor incalculable.

E, permítame, pero os galegos e as galegas, dende logo, temos moi mala sorte cun goberno autonómico que permite que con asiduidade —e permítame que lles diga que ademais son sempre os mesmos— o noso patrimonio cultural e paisaxístico sufra atentados coma este; ben por intereses que descoñecemos ou ben por esa mala concepción que teñen, por unha banda, do público —que pensan que poden facer con el o que desexen—, e, por outra, do turismo, entendido dende unha óptica —e descúlpeme— de «cosmopaletismo» á que xa nos teñen acostumados. (*Aplausos.*)

Por fortuna, grazas ao contencioso interposto polo propietario dos terreos afectados —de novo é a veciñanza a que se converte en garante do noso patrimonio—, este expediente está paralizado. Así que teñen tempo para reflexionar e dar un xiro á súa errada política en materia de patrimonio para protexelo. ¿Que lles imos deixar aos nosos fillos e fillas? ¿Pensárono algunha vez? Dende logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista rematamos cominándoos a que lle dean unha repensada a este proxecto, pois os danos, de finalmente levarse a cabo, serán irreversibles.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Peche da pregunta.

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Ben, escoito con certa pena algúns comentarios que, francamente, parten dunha presunción de superioridade con respecto a outras formacións políticas. Efectivamente, os do Partido Socialista son moi respectuosos co patrimonio. Sen ir máis lonxe, o presidente da Deputación de Lugo quería facer unha tirolina encima da Ribeira Sacra. O alcalde de Vigo ten centos de denuncias pola xestión que fai no casco histórico de Vigo. Vostedes, efectivamente, teñen un alto nivel de «cosmopaletismo» —como vostede acaba de dicir— pero parten dunha presunción de superioridade intelectual e moral. Cando se rasca un pouco na acción dos seus gobernos, realmente poden meter a pata, como a metemos todos. Pero creo que esa postura tan altanera faille dano á política, porque parte dunha posición de pretendida superioridade moral.

Eu xa lle dixen que en ningún caso imos permitir nin posibilitar que se desenvolva algunha acción que poida danar a candidatura. Desta intervención vostede fala dunha rotonda, de turismo de masas. Aquí estamos facendo unha vía de acceso para facilitar que a poboación poida acceder. En todo caso, hai que facela con sentidiño e hai que facela con xeito. Hoxe mesmo os equipos da Dirección Xeral están falando cos equipos de ICOMOS. Nós estamos en contacto coa Deputación de Ourense e temos o seu compromiso absoluto de que, como exista algún tipo de risco ou algún tipo de informe que contradiga ou faga modificar o proxecto inicial, se vai parar. ¡Pero é que non hai ningunha dúbida! É que poñer en dúbida que, por un acceso viario —con maior ou menor necesidade— a un ben patrimonial para facilitar que se poida visitar e para facilitar que se poida acceder a el, se poña en risco esta candidatura, iso non se lle ocorre a ninguén.

Eu espero, señoría, que aquí non estean vostedes funcionando como altofalantes doutros intereses que van en contra do interese xeral e do interese da Ribeira Sacra, de verdade que o espero. Pero insístolle e vólvolle dicir que nós estamos falando con ICOMOS, que estamos falando coa Deputación de Ourense, e que temos o seu compromiso de que, como exista o máis mínimo risco de que haxa algunha problemática, se para —*como decía el viejo comandante*—. Non hai ningún tipo de problema, ningún tipo de problema. (*Murmurios.*) Co cal, estea absolutamente tranquila, porque este Goberno, que é o principal impulsor da candidatura da Ribeira Sacra e que está facendo un proceso exemplar, vai defender e vai posibilitar que, no verán do 2021...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do apoio do galego como lingua vehicular do ensino, dando cumprimento aos informes do Consello de Europa que demandan a eliminación das



actuais limitacións á docencia en galego en todos os niveis de educación e a publicación das avaliacións pendentes do Decreto do plurilingüismo

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Mercedes Queixas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas e moi boa tarde.

O Comité de Expertos do Consello de Europa que avalía o cumprimento da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias ditou no ano 2019 o terceiro informe de avaliación da aplicación desta carta por parte dos estados asinantes. Logo dos informes negativos previos, de 2012 e 2016, este último informe de 2019 representa un maior nivel de crítica ao Goberno galego no que ten a ver co ensino e a caída evidente do uso da lingua do país. Neste sentido, o Consello de Europa demanda que con urxencia —e leo literalmente— «eliminen as limitacións á docencia en galego en todos os niveis de educación precisos e fagan públicos os informes de avaliación dos organismos supervisores no ensino». O organismo europeo re- crimina ao Goberno galego que a presenza do noso idioma sexa insuficiente no ensino, nomeadamente no ámbito da educación infantil. E volve advertir de que no ensino secundario non se imparten as grandes materias científicas nesta lingua propia en vía de normalización.

O Consello de Europa ratifica os datos sociolingüísticos que vén confirmando o Instituto Galego de Estatística a respecto do grave descenso na competencia e no uso do galego, nomeadamente por parte da infancia. Neste sentido, o Instituto Galego de Estatística verificou que xa a cuarta parte dos nenos e nenas galegas apenas saben falar galego, moi pouco ou nada. É un descenso de case 6 puntos en relación co comezo de século, debido en boa medida —é certo— á quebra na transmisión xeracional, que deixa a escola como a única posibilidade de adquisición e educación na lingua propia e oficial.

Diante disto, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte pregunta: ¿está disposto o Goberno a apoiar o galego como lingua vehicular do ensino para así dar cumprimento aos informes do Consello de Europa que demandan, por unha banda, a eliminación das actuais limitacións á docencia en galego e, pola outra, a publicación das avaliacións pendentes do Decreto de plurilingüismo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, estamos ante un debate moi recorrente, un *déjà vu* constante. Por suposto que o galego é lingua vehicular, pero igual que o castelán. Porque afortunadamente temos



en Galicia un modelo propio no cal temos dúas linguas vehiculares, como está recollido no Estatuto. Ben, o Bloque non respectou nunca o Estatuto, non o votou a favor. (*Murmurios.*) É como está na Constitución e mesmo como está na Lei de normalización lingüística. E vostede sabe que a propia Lei de normalización lingüística prohíbe a inmersión lingüística nunha soa lingua. Creo que intentar trasladar a Galicia debates que se dan noutras comunidades autónomas non ten moito sentido.

Este foi un gran tema de discusión política vertebrado durante moitísimo tempo en Galicia. Esta Cámara está farta de escoitar ese debate. E, claro, vostedes ven só unha parte. No amplo espectro lingüístico que temos en Galicia afortunadamente o Partido Popular e a Xunta de Galicia están no gran centro. ¿Por que? Porque hai uns que queren só galego —que entendo que son vostedes— e hai outros que queren só castelán —que entendo que non son vostedes—. E no medio estamos a inmensa maioría, que entendemos que hai dúas linguas oficiais en Galicia e unha lingua propia. E, evidentemente, nós temos un modelo que está funcionando. E o máis importante do noso modelo son os datos. Xa á mañá me dixon que non lle gustaban os datos. Vostede citou aquí algúns datos. Eu tamén lle vou citar algúns outros datos e a ver se nos poñemos de acordo.

Mire, vullle dar os datos do IGE. A enquisa da que vostede fala, do informe do Consello de Europa, é unha enquisa que se fixo en Oviedo no ano 2018. Aquí estamos falando de datos do IGE do ano 2019. ¿Que nos din? Os datos do IGE do ano 2019 —que vostede tamén citou— din que o número de galegofalantes aumentou por primeira vez en termos estatísticos. Hoxe —naquel momento— falan galego máis persoas que hai cinco anos. O galego é a lingua cooficial con máis uso de todas as linguas cooficiais de España. Na poboación de entre 15 e 29 anos, o 90,16 % fala galego moito ou bastante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Son datos de... Non sei, dixon do IGE. (*Fortes murmurios.*)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Ben, non sei. Son datos do IGE, son datos do IGE. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Rivas, por favor, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Repito, o dato do IGE di que, de 15 a 29 anos, o 90,16 % da poboación di falar galego moito ou bastante, que o galego é a lingua cooficial de España cos termos de competencia de coñecemento escrito e oral máis alto de todas as comunidades autónomas de España. E tamén di que o índice de emprego do galego é superior ao do catalán en Cataluña. Vostedes, que miran tanto para Cataluña, vexan que nós falamos máis a nosa lingua propia que os cataláns a súa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, grazas. Terminou a pregunta, terminou aquí o turno. (*O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas, terminou. Ten outro turno despois, conselleiro. Ten outro turno despois. Grazas. (*Aplausos.*)



Réplica da señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas.

Con profunda tristeza, desde o coñecemento que me corresponde pola miña formación sociolingüística, teño que deixar en evidencia que está absolutamente manipulando o que se refire a datos de competencia lingüística e de uso, que non teñen absolutamente nada que ver. (*Aplausos.*) Da mesma maneira que tamén son perversos algúns dos datos que dá, porque está confundindo o que son competencia e uso do idioma nas franxas de maior idade coas da infancia, que son as que, efectivamente, aseguran ou fan perigar seriamente e comprometer o futuro da lingua.

Polo que vexo, volvemos comprobar, efectivamente, que vostedes son reos dun entramado de mentiras que foron elaborando xa dende hai dez anos. Foron pioneiros vetando o galego na escola, prohibírono por primeira vez en democracia, cando saben que para moitas crianzas é a escola o único lugar, a única opción e a oportunidade de aprender a lingua galega. Fixérono sos —iso si que non o esqueceremos nunca—, de xeito unilateral e dándolles as costas ás familias, aos movementos de renovación pedagóxica, ás organizacións sindicais, ás universidades, ao Consello da Cultura, ao Consello Escolar de Galiza e á Real Academia Galega. Contra todo o mundo seguiron adiante. Iso si, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza paroulles os pés anulando dous artigos moi lesivos para o futuro do idioma e tamén porque eran contrarios a dereito. E agora, dez anos despois, volven liarse coas pantasma do pasado, asumen como propio o discurso do veto ao galego como lingua vehicular incapacitándoo para ser unha lingua de aprendizaxe. Renegan da súa capacidade de cohesión social e emprégano espuriamente outra vez, efectivamente, pola súa parte como arma contra a sociedade. Sométense á política máis negacionista, máis rancia e acomplexada, chea de autoodio alimentado polo culto á ignorancia. ¡Triste papel, desde logo!

O galego une. Nós seguimos ese lema. Parece que para vostedes, no PP, só interesa confrontar. De verdade, dígollo de corazón. Esa será sempre a súa penitencia. (*Aplausos.*) Non poderán gabarse, cando rematen o seu tempo de goberno, de ter conseguido...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Queixas. Grazas, grazas. Terminou o tempo.

(*Aplausos.*)

Peche da pregunta polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señora deputada, vostede, o seu partido, está importando a Galicia modelos lingüísticos que se basean (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) na redución da liberdade individual de cada persoa para falar a lingua que quere. Vostede cre e diferencia incluso a competencia. ¿Cal é a responsabilidade da Administración autonómica? Garantir a competencia. ¡A competencia está absolutamente garantida no sistema educativo, absolutamente garantida no sistema educativo! (*Aplausos.*) Acabo de dar os datos reais do IGE. Poden negalos. Ben, iso é



como cando chove, sae á calle, nega que chove e móllase. Non ten problema. Son os datos reais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Temos a máxima competencia. Outra cousa é o uso, efectivamente. *(Fortes murmurios.)* Pero o uso é unha liberdade individual. Porque vostedes ¿que queren facer?, ¿facer como fan os seus amigos cataláns en Cataluña e poñer policías no recreo para que os nenos falen catalán no recreo? ¿Queren iso? ¿Acaso queren iso vostedes? ¿Acaso queren iso? *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostedes non respectan a persoa, o individuo, que se expresa en algo tan íntimo como é a lingua. Vostedes ¿que queren? ¿Obrigalos a falar unha lingua ou outra? Porque vostedes queren obrigar a falar unha, pero hai outros que queren obrigar a falar outra. ¿Que facemos? ¿Que facemos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): O mellor exemplo é o exemplo galego. Aquí hai un modelo propio. Temos dúas linguas que son vehiculares no ensino e ambas permiten ter o máximo nivel de competencia. Acábao de dicir tamén PISA. Non lle fagan caso ao IGE, fáganlle caso a PISA. *(Murmurios.)*

E, miren, nós non prohibimos nada. A Xunta de Galicia non prohibe nada, non prohibe o galego. Ao revés, deféndeo. Deféndeo ao ter un modelo lingüístico de equilibrio no que hai que coñecer as dúas linguas. E todos os alumnos no sistema educativo saen dominando de forma oral e escrita ambas as linguas. *(Murmurios.)* E iso é certo, radicalmente certo. Non se veta. *(Aplausos.)* Non se veta o galego en ningún caso como lingua vehicular. Regúlase o seu uso. Pero —insisto— vostedes teñen unha política. A súa política é a do monolingüismo, só en galego. Vostedes están copiando o que se fai en Cataluña. A verdade é que nisto non deberían mirar tanto para Cataluña porque se equivocan. Porque só hai que ver os conflitos sociais que xera un monolingüismo imposto dende a Administración na sociedade. Iso non ten sentido. A Administración ten que fornecer as capacidades e as competencias. Faino. E despois temos que respectar a liberdade individual de cada individuo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...de cara á lingua que queira...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo. Grazas.

(Aplausos.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos inseridos en diversos estudos e informes oficiais que reflicten un forte incremento dos casos de violencia sexual en Galicia

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde de novo.



Hoxe traemos esta pregunta aquí adiantándonos á comisión de mañá, na que tamén trataremos esta cuestión. O que pasa é que probablemente non dea tempo a tratala en profundidade.

Xa dixemos que este 25 de novembro se conmemora o Día internacional para a eliminación da violencia machista. E tal e como expresa a ONU, a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa endémica.

A nós, ademais, entre as múltiples formas desta violencia machista, preocupáanos a sexual, como unha das máis brutais que seguen a sufrir as mulleres. Hai alarmantes datos que mostran un forte incremento, segundo recollen estudos ou informes realizados recentemente por diferentes instancias oficiais. Como digo, mañá mesmo debateremos na Comisión 5ª sobre o informe sobre as violencias sexuais, que pon de manifesto, por exemplo, que cada vez son máis os delitos sexuais en Galicia. No ano 2018 os casos de violencia sexual incrementáronse nun 16,7 % con respecto ao ano anterior.

Tamén a Fiscalía Superior de Galicia presentaba recentemente a súa memoria anual, correspondente ao pasado ano, con datos moi preocupantes en canto a procesos por delitos sexuais, cun incremento do 51 % dos delitos. En total foron 1.894 os procedementos incoados por este tipo de delitos cometidos contra a liberdade e a indemnidade sexual. No referido a delitos sexuais, creceron tanto as agresións, cun 54,4 %, como os abusos, cun 63,1 %, e as violacións, cun 33,3 %.

E é que eses datos da Fiscalía van ademais tamén en terrible consonancia co informe sobre delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, que reflicte un clarísimo aumento nos últimos cinco anos dos delitos; e de maneira máis significativa nos anos 2017 e 2018. Os datos provisionais de 2019 xa producen arrepíos. Sen ter rematado o cómputo de datos, dáse xa un incremento do 18,7 % con respecto ao ano anterior.

Pero hai máis datos arrepiantes. O 48 % do total de vitimizacións correspóndese con menores, case a metade, con menores. Aumentan fortemente os delitos mediante tecnoloxía con fins sexuais. E o maior número de vitimizacións por violacións está, ademais, no grupo de idade de 18 a 30 anos.

Xa dixemos esta mañá —pero a conselleira non estaba na sesión— que, en relación co delito de trata —algo que a este grupo parlamentario lle interesa e lle preocupa demasiado, porque é a peor expresión desta violencia machista, desta violencia sexual—, chama a atención que só se incoara o ano pasado un procedemento xudicial en todo o ano, do que falabamos esta mañá. Isto demostra o abandono que teñen estas mulleres por parte da sociedade e pon de manifesto o difícil que é para elas iniciar un proceso deste tipo.

Quizais por iso, como digo, segundo se desprende dos estudos sobre a percepción da violencia sexual —que é terrible e que tamén aparece neste estudo— a prostitución é o que menos identifica a sociedade como unha forma de violencia sexual. Terrible, ¿non? Por iso a nós nos parece que...



¡Oh!, xa remata o tempo.

Perdón.

O señor PRESIDENTE: A conselleira coñece a pregunta.

Responde a conselleira de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boas tardes, deputadas e deputados.

Ben, en primeiro termo, e sendo hoxe, efectivamente, o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, eu quero manifestar dende aquí o meu apoio a todas as familias das vítimas que xa non están hoxe connosco. E tamén quero transmitir unha mensaxe de esperanza de cara ás mulleres que están a sufrir nestes intres violencia de xénero. E dígolles que non están soas e que estamos con elas e apoiándoas. (*Aplausos.*)

Dito isto, e dando xa resposta á iniciativa do Partido Socialista, o que é a súa intervención e a proposta escrita da pregunta fan referencia a que dende a Xunta de Galicia non se están facendo esforzos en relación coa loita contra a violencia de xénero e, en concreto, con este tipo de violencia, que é a violencia sexual. E gustaríame sinalar dende aquí, e polos motivos que lle vou expoñer, que, efectivamente, isto non é certo.

Dende a Xunta de Galicia, en primeiro lugar, temos un marco lexislativo que é un marco lexislativo que non ten o Estado español, porque saben vostedes que na Lei de tratamento e prevención da violencia de xénero se considera a violencia sexual como unha forma de violencia de xénero. É dicir, tipifícanse todas as formas de violencia sexual, ben sexa a violencia sexual como tal, os abusos sexuais ou o acoso sexual, como formas de violencia de xénero. Isto permite, polo tanto, darlle un tratamento á violencia sexual en todas as fases que dende a Administración se levan acabo para os supostos de violencia de xénero.

E ¿cales son as fórmulas e as actuacións que se levan a cabo dende a Administración autonómica neste ámbito?

En primeiro lugar, nós cremos que a mellor forma de loitar contra a violencia contra as mulleres é a través da prevención; da prevención a través da formación, da concienciación e da sensibilización da sociedade. E neste sentido vou poñer algúns exemplos. Por exemplo, as xornadas de prevención e sensibilización sobre a violencia sexual na mocidade nas tres principais universidades galegas —participaron 742 alumnos e alumnas—; campañas de prevención e actuación ante o acoso sexual en lugares de traballo, cos colexios profesionais; a guía da violencia sexual cara ás nenas e mulleres con discapacidade; e as campañas que estamos lanzando este ano de «Agresión Off», con *stands* nos distintos concellos de Galicia e coa APP «Agresión Off».



En segundo lugar, a segunda actuación é a intervención directa coas vítimas a través do servizo de atención telefónica, a través do servizo de asesoramento xurídico, a través dos servizos de apoio psicolóxico, o servizo de quenda de garda psicolóxica permanente, un servizo de apoio psicolóxico ás vítimas de violencia sexual especificamente, e toda a rede de centros de servizos de tratamentos e oficinas de atención ás vítimas en sede xudicial, etc.

En definitiva, señorías, con estes instrumentos cremos que, dende a Xunta de Galicia, no ámbito da formación, da prevención, da sensibilización e no ámbito da actuación e da intervención directa, estamos no camiño máis adecuado para loitar contra a violencia de xénero.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Recentemente, o presidente da Xunta de Galicia informaba de que xa se executaran pouco máis da metade das medidas encomendadas polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o período 2018-2022. Nesa comparecencia, na que daba conta dun informe sobre a execución das accións do pacto de Estado, o señor Feijóo poñía en valor múltiples accións levadas a cabo —que non discutimos, ademais—, case todas elas centradas na asistencia a mulleres vítimas e aos seus descendentes menores de idade, pero non na prevención, primeiro elo da cadea para rachar con esta violencia que afecta milleiros de mulleres galegas. Vostede fala de que si traballan, sobre todo na prevención, e nós non pensamos que non fan esforzos. Entendemos que si, que seguro que os fan, pero probablemente non sexan suficientes á vista dos datos.

En opinión do Grupo Socialista de Galicia, eses esforzos en materia de prevención de violencia sexual pode que non sexan aínda suficientes. Porque a realidade coa violencia sexual —como ben dixo vostede— combátese concienciando, educando e sensibilizando na escola, na rúa, nos lugares de traballo, nos lugares de ocio, nos fogares ou nas institucións. E todo isto deben inicialo os poderes públicos. Se as cifras seguen incrementándose, será que algo non se está facendo ben.

Demos antes só uns poucos datos, pero son moitos máis os que dan mostra de que nin de lonxe estamos preto de poñer fin a esta violencia. E, se iso é así, quizais sexa hora de reflexión, de avaliar as liñas de acción postas en marcha ata o de agora, de avaliar o importante. E dese exercicio de reflexión seguro que sairán propostas moito máis efectivas, accións directas e próximas para implementar nos barrios, nos centros socioculturais, pero tamén campañas contundentes de sensibilización enfocadas a cada realidade e a cada grupo social. Botamos en falta —e dígoallo con ánimo construtivo, de verdade que con ánimo construtivo, porque sabemos que isto é unha cuestión o suficientemente importante como para que haxa consenso— campañas dirixidas aos homes e á poboación máis nova sobre prostitución, sobre pornografía, sobre o uso das redes sociais. O que en definitiva pensamos é: menos cartos para campañas de «sentidiño» e máis para igualdade.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Peche desta pregunta pola conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente

Agradezo, en primeiro lugar, o ton construtivo da deputada, se ben non podo estar de acordo con que dende a Xunta de Galicia non esteamos destinando cartos e tomando en serio a necesidade de investir en igualdade. Por cada euro que se gastaba en igualdade no ano 2009, cando chegamos ao Goberno, agora gastamos tres; é dicir, 54,7 millóns investíanse en igualdade no ano 2009, e no ano 2021 investiremos 141,7 millóns de euros.

Non estou de acordo tampouco con que non reflexionemos sobre a igualdade e sobre os datos. Temos claro, evidentemente, que temos que continuar polo camiño que iniciamos. O que si temos claro é que o camiño é o correcto. Creamos no Pleno do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero unha comisión para abordar a prevención e o tratamento da violencia sexual. Fixemos unha macroenquisa, como vostedes saben, no ano 2005, no ano 2012 e agora no ano 2020. A porcentaxe de mostra deste ano 2020 é do douscentos e pico por cento por riba da do ano 2012, e incluímos por primeira vez a violencia sexual entre os parámetros desta macroenquisa. De aquí despréndese que o 80 % das persoas enquisadas están de acordo coa existencia de machismo na sociedade. De aquí despréndese tamén que un 78,4 % está de acordo con que a educación sexual deficiente entre a mocidade é probablemente a orixe dos supostos de abusos sexuais. E todo isto facémolo porque efectivamente queremos reflexionar, queremos coñecer como están impactando as nosas campañas de concienciación, as nosas actuacións de sensibilización, as nosas actuacións de formación para os nenos, para as nenas e para a mocidade. E todo isto é o que nos marca o camiño para saber o que temos que continuar facendo.

Así, acabamos de presentar unha guía de actuación para supostos de violencia de xénero no ámbito educativo. Así, acabamos tamén de elaborar dúas novas unidades didácticas para ESO e para bacharelato que contan a historia do feminismo. Así, acabamos tamén de renovar o convenio coas tres universidades galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para actuar, para concienciar e para sensibilizar as mozas e os mozos universitarios galegos.

Con isto, o que lle quero dicir é que non quedamos na análise superficial dos datos. Con isto, o que lle quero dicir é que non é que non esteamos reflexionando sobre os datos, senón que con estes datos o que facemos é definir as accións necesarias que deben marcar o camiño da igualdade na nosa comunidade; como lle digo, con servizos, con recursos, con campañas de concienciación que levamos anos realizando. Porque non esquecemos que, efectivamente, aínda que a mostra das enquisas é que estamos no bo camiño, cada cifra negativa agocha, dende logo, unha familia, agocha nenos, agocha nenas, agocha mulleres, que están sendo vítimas de violencia de xénero.



E, como lle dicía, estamos convencidos dende a Consellería de Igualdade, dende a Xunta de Galicia, que o mellor camiño é a prevención, a formación, a educación dos nosos nenos, das nosas nenas e da nosa sociedade.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción das medidas necesarias para solucionar a situación en que se encontra a sanidade pública no concello de Soutomaior e na parroquia de Ponte Sampaio, no concello de Pontevedra

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro de Sanidade, hai anos que a veciñanza de Soutomaior estamos a asistir a un desmantelamento sistemático e constante da nosa atención primaria, un desmantelamento que nos levou nos últimos tempos a unha situación absolutamente crítica: dous médicos e un APD para 7.500 habitantes, cupos sanitarios que oscilan entre os 1.600 e 1.700 pacientes por cada médico, demoras de ata tres semanas para termos unha cita de atención primaria, colapsos continuos ata a súa negativa sistemática de cubriren as baixas dos profesionais sanitarios e, por se iso non fose dabondo, un consultorio, como é o consultorio de Romariz, pechado dende o 15 de marzo. Como pechado estaba tamén o consultorio de Ponte Sampaio, ao que tamén facemos referencia nesta iniciativa, pero que —en boa medida grazas ás mobilizacións da veciñanza e á intervención do Concello de Pontevedra, que é de xustiza dicilo tamén— conseguimos que ese consultorio, como vostede coñece, finalmente recuperase o seu médico. Mais semella que a veciñanza en Soutomaior tivo peor sorte. E, a pesar das mobilizacións constantes, a pesar da situación de urxencia, seguimos sen os médicos que precisan.

E as consecuencias están enriba da mesa: médicos que teñen que atender ata setenta consultas diarias, pediatras e matronas con substitucións itinerantes que se atopan varias semanas ao ano con atencións de 1.600 pacientes, a imposibilidade dos profesionais sanitarios —aos que dende aquí lles queremos agradecer o seu compromiso coa sanidade pública nunha situación límite pero que se atopan sen capacidade, tal como o indican eles mesmos, para atender esta demanda— e unha veciñanza, señor conselleiro, que está farta, está farta de tantas mentiras, está farta de tanto desmantelamento e está farta de tanto desprezo.

Eu creo —fíxese, señor conselleiro— que o clamor social e a unanimidade nestas demandas é tan evidente que a corporación municipal, en numerosas ocasións, se posicionou a favor de reverter estes recortes. Na réplica, se quere, falamos disto. Mais tamén é certo que, por outra banda, eses acordos que se acadaban acababan no caixón, acababan na gabela.

Mais, como nós si queremos cumprir coa nosa palabra, a pregunta é ben doada, señor conselleiro. ¿Vai vostede dotar o concello de Soutomaior, a sanidade pública de Soutomaior, de máis médicos para evitar os colapsos constantes que estamos a padecer na atención pri-



maria? ¿Vai vostede atender o clamor social e veciñal que se expresa día tras día na veciñanza de Soutomaior e na súa corporación municipal? ¿Vai vostede, en definitiva, señor conselleiro, acabar coa vergoña que estamos a padecer na atención primaria do noso municipio? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Lourenzo, é deber e costume do Goberno galego a escoita activa das demandas que fai a cidadanía e conxugar estas coa equidade na repartición dos recursos dos que dispón en cada intre —incluídos tamén os recursos humanos, aos que alude esta pregunta e do que imos dar conta—.

O concello de Soutomaior, igual que ocorre con outras zonas de Galicia —e por desgraza—, vén perdendo poboación. Nos últimos dez anos esta perda foi de case un 9 % —para ser exactos, un 8,75 %—. Para a prestación dos servizos sanitarios en atención primaria conta cun centro de saúde en Arcade e cun consultorio periférico en Romariz, como vostede moi ben detalla. Este consultorio pechouse ao inicio da pandemia por non cumprir as medidas mínimas para a protección contra a propagación do virus. Pertencen ambos ao servizo de atención primaria de Arcade-Vilaboa. Quero insistir en que esta decisión foi pola seguridade dos pacientes e pola seguridade dos profesionais.

A atención de ambos os dous centros, Arcade e Romariz, dispénsase en quendas de mañá, de 8.00 a 15.00, e de luns a venres. E esta actividade está concentrada no centro de Arcade, que acolleu o equipo do consultorio de Romariz e onde si é posible facer esa separación de circuitos para —repito— protexer os pacientes e profesionais. Os domingos e festivos a atención correspóndelle ao punto de atención continuada da Parda, na cidade de Pontevedra, así como os días laborables a partir das 15.00. Os sábados de mañá a quenda ordinaria é no Centro de Saúde de Arcade.

O concello de Soutomaior acolle no servizo de atención primaria un total de 5.671 tarxetas sanitarias. Este é o dato oficial, público e transparente dos pacientes asignados a este centro de saúde, non os 7.000 que vostede acaba de comentar. Algún erro debe de haber. Destas tarxetas, 868 pertencen ao cupo pediátrico —os menores de 15—. Para a cobertura das 4.803 tarxetas sanitarias restantes, hai tres médicos de familia, que non tiveron no último mes —por citar un período— ausencias superiores a algún día puntual, polo que, polo tanto, quedaban sempre dous facultativos —como, por outra banda, é habitual en calquera centro de saúde do territorio galego—. E, por desgraza, vostede sabe que hai paro cero en médicos de familia, e moito máis en pediatras de atención primaria; e nos veráns e nos momentos puntuais a cobertura faise sempre deste xeito.



Por outra banda, tampouco houbo incidencias na cobertura a nivel de pediatría nin nos sábados de mañá. Comento que agora mesmo, hoxe, a demora de cita no Centro de Saúde de Arcade está entre tres e catro días para médico de familia e que non chega a vinte e catro horas na cita de pediatría.

En referencia ao consultorio de Ponte Sampaio —e como vostede acaba de indicar aínda que non o puxese na súa pregunta—, tras facer unha pequena reforma, que foi posible nese centro, habilitouse unha sala de illamento e abriu de novo o 14 de setembro. E hoxe a súa demora é inferior a tres días.

Polo tanto, señoría, escoitamos sempre as demandas da veciñanza e dos nosos profesionais, actuamos e tomamos medidas que nos permitan cumprir o noso obxectivo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...de mellorar a sanidade —sobre todo, facela segura—. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno.

Réplica do señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: Señor conselleiro, ten vostede que coordinar o seu discurso pois co que ten, por exemplo, o alcalde de Soutomaior, do Partido Popular, porque nestes días viña anunciando un incremento de poboación de trescentas e pico persoas, que loxicamente van ter a súa incidencia na atención sanitaria. Pero para que se cotexen os datos, por exemplo, en concellos limítrofes con Soutomaior e con 6.000 habitantes atopámonos con catro médicos. En Soutomaior, con 7.500 habitantes hai cupos —insisto, porque me gustaría que falase dos cupos— de 1.600 pacientes por cada médico. ¿Considera vostede, señor conselleiro, que é razoable e lexítimo que a nosa veciñanza teña que padecer este tipo de cupos sanitarios?

E tamén facía referencia vostede, señor conselleiro, ao consultorio de Romariz. Pero, de verdade, ¡póñanse de acordo tamén coas demandas do Partido Popular de Soutomaior! Porque eles, por unha banda, din que é responsabilidade da Xunta de Galiza, que non dota de máis médicos. E na Xunta de Galiza andan a dicir que é responsabilidade do concello porque o centro de saúde, o consultorio de Romariz, non cumpre coas condicións. E iso soa, señor conselleiro, a que se están rindo na cara da veciñanza de Soutomaior.

Polo tanto, eu simplemente quería aclararlle, señor conselleiro, que esta situación é insosfible. Houbo varias mobilizacións da veciñanza e, se non nos deixan outra alternativa, ese será o camiño que teñamos que percorrer.

Pero dígolle máis. Esta mañá, o presidente Feijóo facía un exercicio, creo que absolutamente impropio dun presidente da Xunta, establecendo unha correlación entre a atención sanitaria e os resultados electorais en Verín. Eu ínstoo, sen compartir para nada esa lóxica,



a que, señor conselleiro de Sanidade, faga vostede o exercicio que proclamaba o seu presidente, bote un ollo aos resultados electorais de Soutomaior e valore vostede se as demandas da veciñanza de Soutomaior en defensa da súa sanidade pública son ou non lexítimas.

É unha vergoña e, se non nos queda máis alternativa que a mobilización...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...na mobilización estaremos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta polo conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señoría Lourenzo, eu acabo de dicir, por unha banda, que en Soutomaior hai 5.671 TIS. Vostede fala de 7.000. *(Murmurios.)* De verdade que hai unha diferenza importante. E con estas 5.671 tarxetas sanitarias, descontados os nenos, a ratio non é 1.700, nin 1.600 sequera. É certo que hai un facultativo que ten 1.600, pero os demais están por debaixo desa ratio. *(O señor Lourenzo Sobral pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pero están por debaixo. Non son 1.700, señor Lourenzo.

En todo caso —repito—, eu non falei en ningún momento de que fose un problema do Concello de Soutomaior. O que digo é que o consultorio de Romariz non ten as características para poder facer unha separación de circuítos, e por iso os profesionais sanitarios —e supoño que a poboación— aceptaron de bo grado baixar a Arcade, onde si é posible garantir esa seguridade para pacientes e profesionais.

En todo caso, nós non estamos cerrados a ningunha actuación nese concello, e, de feito, nos presupostos deste ano temos partidas para reformar o consultorio de Romariz e, se fose o caso, reformar o Centro de Saúde de Arcade, ou incluso poñer encima da mesa unha alternativa mellor para mellorar, efectivamente —como facemos noutros moitos concellos—, a situación en materia de infraestruturas da atención primaria deste concello. E, ademais, esas infraestruturas permitirían, por unha banda, mellor seguridade para pacientes e profesionais, e seguramente permitirían tamén acomodarse mellor ás incidencias cando un facultativo colle unha baixa —o que nos pode pasar a todos, a vostede ou a min, que nos pode pasar que mañá non poidamos vir traballar—, ou que a repartición de tarxetas sanitarias entre o grupo de facultativos sexa máis fácil de facer cunha estrutura que facilite todo iso.

Repito, non estamos en absoluto cerrados a ningún tipo de estudo. E, por suposto, se iso é o que mellor convén aos habitantes do concello de Soutomaior, así o faremos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención e a axuda que precisan as persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar aprobado con carácter extraordinario

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodil

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde tamén, conselleira. Hoxe preguntámoslle desde o BNG polo futuro do servizo de axuda no fogar extraordinario, que remata o 30 de novembro. E, sobre todo, preguntamos por como van garantirse os dereitos e a atención que necesitan as persoas que hoxe son usuarias deste servizo.

Para poñelo un pouco en contexto, durante o peche de toda a actividade non esencial, os centros de día, os centros de rehabilitación e outros centros ou servizos de apoio ás persoas maiores, dependentes ou persoas con discapacidade foron cancelados, o que obrigou a esa poboación a ter que quedar na súa casa. Tamén se suspendeu o procedemento de valoración da dependencia, o que impedía a incorporación de novos usuarios ao servizo de axuda no fogar. Iso engordou listaxes de agarda bastante avultadas xa de por si en moitos concellos do país.

Para paliar esta situación, a Xunta puxo á disposición dos concellos unha bolsa de 500.000 horas extraordinarias de SAF gratuítas para as persoas usuarias. Cando a Xunta anunciou a bolsa de horas, non indicou aos concellos cando sería a data na que este servizo remataría, nin sequera que non ían poder incorporar novas persoas usuarias a partir do 30 de setembro. Recibiron hai escasas semanas, iso si, unha sucinta comunicación a través da web, que lles indicaba que remataba o período de altas o 30 de setembro e que, a partir do 30 de novembro, quedaba finiquitado, que remataba ese servizo extraordinario.

Iso provoca que moitas persoas que accederan a el fiquen sen este servizo e sen poder ser tampouco incorporadas ás horas ordinarias que teñen os concellos, horas que son insuficientes en moitos casos para atender as persoas que o precisan, que deben agardar --insisto-- en listas de agarda ata que fican horas dispoñibles. Iso é no caso das persoas que están vinculadas ao SAF pola Lei de dependencia. Despois están aquelas outras que aínda agardan ser valoradas, que agardan a incorporarse ao servizo e ás que tampouco pode pres-társelles esa axuda nin esa atención domiciliaria se non teñen os concellos horas de libre disposición.

No medio da segunda onda, boa parte da poboación está ademais en situación de peche perimetral e hai limitacións de aforo tamén. E aínda que reabiron os centros de día e outros servizos, non se poden prestar da mesma maneira. Nin sequera se solucionaron os problemas, e a pandemia, por suposto, non rematou. Entón nós, desde o BNG, non comprendemos que se dea por rematado este servizo mesmo antes de rematar o ano 2020.



Por iso lle preguntamos sobre que é o que vai acontecer con ese SAF extraordinario e, sobre todo, como se vai garantir que aquelas persoas que precisan desa atención agora mesmo poidan contar co apoio que necesitan.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputados e deputadas, moi boas tardes.

Señora Rodil, como ben sabe, a Xunta de Galicia puxo en marcha o pasado mes de abril un servizo de carácter temporal e extraordinario de axuda no fogar. Este servizo de axuda no fogar extraordinario naceu para prestar unha atención temporal e unha atención urxente a todas as persoas que o necesitaban durante esa situación de excepcionalidade motivada pola covid, xa que naquel entón, como vostede dicía, os centros de día, os centros ocupacionais e de discapacidade permanecían pechados e había un confinamento xeneralizado. Polo tanto, todas estas actividades permaneceron naquel momento pechadas por precaución, ou por recomendación das autoridades sanitarias.

Como vostede ben di, distribuíronse entre os concellos galegos medio millón de horas de servizo de axuda no fogar, medio millón de horas cen por cen gratuítas para as persoas que o percibían. E con elas atendéronse situacións agravadas ou provocadas pola pandemia sanitaria, como as das persoas usuarias dos centros de día que permanecían pechados, ou por outras casuísticas especialmente urxentes.

Ao longo de todos eses meses, e grazas a un investimento da Xunta de Galicia de 6 millóns de euros, o servizo de axuda no fogar extraordinario prestou un servizo a 3.500 persoas en toda Galicia. E podemos dicir moi claramente que este servizo de axuda no fogar cumpriu o seu cometido.

E, aínda que a pandemia sanitaria continúa a ser unha realidade nestes momentos, agora estamos nun contexto sensiblemente distinto ao do mes de abril, porque os centros de día, os centros de día de maiores, de persoas con discapacidade e os centros ocupacionais e terapéuticos funcionan practicamente con normalidade; feito polo que teño que recoñecer sempre o admirable labor, compromiso e profesionalidade de todos os responsables de todos estes centros de día, a responsabilidade de todos os traballadores e tamén o estrito cumprimento das normas sanitarias por parte de todos os usuarios.

E agora é o momento, polo tanto, de que estas axudas excepcionais deixen paso a un sistema habitual de prestacións regradas. E isto, como é natural, non quere dicir que se deixe de prestar atención a domicilio, ou que se reduzan diversas contías, senón que as persoas dependentes seguirán tendo á súa disposición o servizo de axuda no fogar de dependencia con 8 millóns de horas que temos repartidas dende a Xunta de Galicia a todos os concellos ga-



legos. E as persoas —como vostede di— que, sen ser dependentes, necesitan esa atención urxente tamén teñen á súa disposición un servizo de axuda no fogar de libre concorrencia. Tanto un como o outro servizo son ofrecidos e prestados polos concellos galegos, aínda que contan cun importantísimo apoio financeiro por parte da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós o que lle preguntamos —e déixolle ademais a pregunta— é cantas, desas 3.500 persoas que foron atendidas co SAF extraordinario, precisarían seguir mantendo esa axuda e non van poder acceder ao servizo porque as horas ordinarias e de libre concorrencia que teñen os concellos non son suficientes para poder darlles acceso a el.

Eu coincido con que a situación non é a que tiñamos cando estabamos no estado de alarma e no confinamento, pero tamén é verdade que a situación non está solucionada, que a crise non rematou e que, ademais, vimos como moitas persoas que podían ser grao 1 ou grao 2 nunha valoración a principio da pandemia viron hoxe moi deteriorada ou moi avanzada a súa deterioración persoal e precisan acceder a estes servizos de apoio.

Nós, desde o BNG, o que lle pedimos, conselleira, é, primeiro, planificación e coordinación, e que non se tomen as decisións unilateralmente nin para crear 500.000 horas extraordinarias nin para dalas por finiquitadas dun día para outro sen contar tamén coa opinión polo menos das entidades locais, que son as que xestionan directamente o servizo —aínda que teñen externalizada nunha empresa a súa prestación—. En segundo lugar, manter ese incremento de horas para precisamente —en colaboración cos concellos e vendo a maneira de poder cofinanciarlo entre as dúas administracións, ou incluso incorporando tamén as propias deputacións provinciais— darlles acceso ao SAF ás persoas que están en lista de agarda para a valoración de dependencia, que son moitas persoas. Porque no noso país tárdase mesmo dous anos entre ser valorada e poder acceder ao servizo de axuda no fogar ou á dependencia. Hai concellos --insisto-- que non teñen horas suficientes de libre concorrencia para poder afrontar as necesidades da súa veciñanza. E, finalmente, que tamén aquelas persoas que por causas sobrevidas pola propia pandemia o precisen —e así o valoren os servizos sociais comunitarios— poidan acceder ao servizo de axuda no fogar; un servizo do que urxentemente imos ter que volver falar sobre el para ver como cambiar o modelo de xestión e tamén de financiamento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, señora conselleira de Política Social.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Rodil, o firme compromiso da Xunta de Galicia coa atención das persoas maiores e coa atención das persoas con discapacidade e con dependencia demostrámolo cada día con feitos. Como lle explicaba antes, Galicia é a comunidade autónoma con maior porcentaxe de atención ás persoas maiores a través do servizo de axuda no fogar, con preto dun 33 % —o dobre que a media—. E, como vostede ben sabe, son traballadoras profesionais que lles prestan o mellor coidado e a mellor atención ás persoas maiores no seu propio fogar, na súa propia casa. E a maioría delas o que nos din é que queren continuar vivindo na súa contorna.

Isto supón que máis de 24.000 galegas e galegos maiores reciben unha atención profesional e de máxima calidade no seu propio domicilio. E estas cifras que estou a relatar, aínda que son positivas, non nos conducen en ningún caso ao conformismo —como lle trasladei tamén hoxe pola mañá á súa compañeira— senón que nos motivan sempre a seguir mellorando nun servizo que repercute de xeito directo nunha mellor calidade de vida de todas as persoas maiores de Galicia. E por iso mañá mesmo o Consello da Xunta analizará un plan de reforzo da axuda no fogar que permitirá atender nos seus propios domicilios a máis de 6.000 persoas maiores. Porque garantir a mellor atención aos nosos maiores é unha responsabilidade da Xunta de Galicia e que sempre, sempre, asumiremos como unha responsabilidade de carácter prioritario. Seguimos e seguiremos traballando sempre para darlles ás persoas maiores esa calidade de vida que tanto merecen.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Antes de dar por remata a sesión, quixéralles trasladar unha información.

Periodicamente vén polo Parlamento o Centro de Transfusións de Galicia. Coincidiu que esta é a primeira vez que vén dende que demos comezo esta lexislatura. Eles agradecen moito as doazóns, evidentemente, porque as necesidades son as que son. O Parlamento nisto, na medida das súas posibilidades, sempre foi cumprindo. Non temos unha gran plantilla dentro do Parlamento, somos os que somos, pero, dado que estamos no inicio da lexislatura e ademais hai moitas deputadas e deputados novos —e ademais moi novos tamén de idade, que iso favorece para que se poida doar—, pois eu agradecería, e tamén o pide así o Centro de Transfusións de Galicia, que lle botásemos unha man. Doar é un acto de xenerosidade grandioso e ademais tamén é saudábel. Polo tanto, se podemos facer isto, pois nada, moitas grazas a todos e a todas. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás seis e quince minutos da tarde.

